

2ª Diagnose do acoso sexual e acoso por razón de SEXO

na Universidade
de Vigo



Universidade de Vigo

Unidade de
Igualdade



2^a Diagnose
do acoso
sexual e
acoso por
razón de
SEXO

na Universidade
de Vigo

Autoría:

Yolanda Rodríguez Castro, Mar Fernández Cendón e
Laura Sampedro Ferreirós

Edición:

Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo

Maquetación:

María Rodríguez Pérez

ISBN: 978-84-1188-100-5

Depósito legal: DL VG 176-2026

2ª Diagnose do acoso sexual e acoso por razón de SEXO

na Universidade
de Vigo

Índice

1. Introducción	9
2. Aproximación teórica e empírica ao estudo do acoso sexual e por razón de sexo	12
2.1. A orixe da violencia sexual	13
2.2. Marco conceptual do acoso sexual e por razón de sexo.....	14
2.3. O estado da cuestión do acoso sexual e por razón de sexo no ámbito universitario internacional e nacional	15
2.3.1. A situación a nivel internacional	15
2.3.2. A situación nas universiddes españolas	17
3. Obxectivos da diagnose	22
3.1. Obxectivo xeral.....	23
3.2. Obxectivos específicos	23
4. Metodoloxía multimétodo da investigación	24
4.1. Metodoloxía do estudo cuantitativo da investigación	25
4.1.1. Mostra do PDI	26
4.1.1.1. Distribución do PDI por categoría profesional.....	27
4.1.1.2. Distribución do PDI por campus.....	27
4.1.1.3. Distribución por ámbitos científico-académicos.....	28
4.1.2. Mostra do PTXAS	28
4.1.2.1. Distribución do PTXAS por categoría profesional	28
4.1.2.2. Distribución do PTXAS por campus.....	29
4.1.3. Mostra do estudantado	29
4.1.3.1. Distribución do estudantado por nivel académico	30
4.1.3.2. Distribución do estudantado por campus.....	30
4.1.3.3. Distribución por ámbitos científico-académicos.....	31
4.1.4. Instrumentos.....	31
4.1.5. Procedemento	34
4.1.6. Análises estatísticas	35
4.2. Metodoloxía do estudo cualitativo da investigación.....	35
4.2.1. Características do estudo cualitativo.....	35
4.2.2. Participantes	35
4.2.3. Procedemento	35
4.2.4. Técnicas de recollida de datos.....	36
4.2.5. Análise de contido.....	36

5. Resultados da diagnose	39
5.1. Resultados da análise de datos cuantitativa sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo na UVigo	40
5.1.1. Análise de datos do PDI	40
5.1.1.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo	40
5.1.1.1.1. Víctimas de acoso sexual.....	40
5.1.1.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo.....	42
5.1.1.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	44
5.1.1.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías	54
5.1.1.2. Coñecemento de situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo	56
5.1.1.2.1. Coñecemento de situacións de acoso sexual.....	56
5.1.1.2.2. Coñecemento de situacións de acoso por razón de sexo	58
5.1.1.3. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da UVigo	61
5.1.1.3.1. Coñecemento da existencia do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo	61
5.1.1.3.2. Percepción sobre a efectividade do Protocolo fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.....	62
5.1.1.3.3. Participación en accións formativas sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo organizadas pola Unidade de Igualdade	63
5.1.1.3.4. Valoración de medidas para abordar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.....	64
5.1.2. Análise de datos do PTXAS	65
5.1.2.1. Comportamentos de acoso sexual e de acoso por razón de sexo	65
5.1.2.1.1. Víctimas de acoso sexual.....	65
5.1.2.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo.....	66
5.1.2.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade.....	68
5.1.2.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías	76
5.1.2.2. Coñecemento de situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo	78
5.1.2.2.1. Coñecemento de situacións de acoso sexual.....	78
5.1.2.2.2. Coñecemento de situacións de acoso por razón de sexo.....	80
5.1.2.3. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da UVigo	82
5.1.2.3.1. Coñecemento da existencia do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.....	82

5.1.2.3.2. Percepción sobre a efectividade do Protocolo fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.....	84
5.1.2.3.3. Participación en accións formativas sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo organizadas pola Unidade de Igualdade	84
5.1.2.3.4. Valoración de medidas para abordar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.....	85
5.1.3. Análise de datos do estudantado	87
5.1.3.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo.....	87
5.1.3.1.1. Víctimas de acoso sexual.....	87
5.1.3.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo.....	89
5.1.3.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade.....	91
5.1.3.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías	100
5.1.3.2. Percepción do risco de acoso sexual e acoso por razón de sexo na UVigo	102
5.1.3.2.1. Percepción de que as mulleres sufran acoso sexual ou por razón de sexo.....	102
5.1.3.2.2. Percepción de que os homes sufran acoso sexual ou por razón de sexo.....	103
5.1.3.3. Coñecemento de situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo.....	104
5.1.3.3.1. Coñecemento de situacións de acoso sexual	104
5.1.3.3.2. Coñecemento de situacións de acoso por razón de sexo	105
5.1.3.4. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da UVigo.....	106
5.1.3.4.1. Coñecemento da existencia do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo	107
5.1.3.4.2. Percepción sobre a efectividade do Protocolo fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.....	108
5.1.3.4.3. Participación en accións formativas sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo organizadas pola Unidade de Igualdade	109
5.2. Resultados da análise de datos cualitativa sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo na UVigo	109
5.2.1. Análise de datos do PDI	109
5.2.1.1. Víctimas de acoso sexual	109
5.2.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo	110
5.2.1.3. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual.....	112
5.2.1.4. Coñecemento de outras vítimas de acoso por razón de sexo	113
5.2.2. Análise de datos do PTXAS	113

5.2.2.1. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual na universidade	113
5.2.2.2. Coñecemento de casos de acoso por razón de sexo	114
5.2.3. Análise de datos do estudiantado	116
5.2.3.1. Vítima de acoso sexual.....	116
5.2.3.1.1. Perpetrado por un/unha PDI.....	116
5.2.3.1.2. Perpetrado por un/unha estudante	117
5.2.3.2. Vítimas de acoso por razón de sexo	117
5.2.3.2.1. Perpetrado por un/unha PDI.....	117
5.2.3.2.2. Perpetrado por un/unha estudante	117
5.2.3.3. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual.....	118
5.2.3.3.1. Perpetrado por un/unha PDI.....	118
5.2.3.3.2. Perpetrado por un/unha estudante	118
5.2.3.4. Coñecemento de outras vítimas de acoso por razón de sexo	118
5.2.3.4.1. Perpetrado por un/unha PDI.....	119
5.2.3.4.2. Perpetrado por un/unha estudante	119
5.3. Análise comparativa dos resultados das diagnoses de acoso sexual e acoso por razón de sexo de 2018 e 2025 da UVigo	119
5.3.1. Análise de datos do PDI	119
5.3.1.1. Vítimas de acoso sexual e acoso por razón de sexo: resultados comparativos de comportamentos de acoso entre 2018 e 2025.....	119
5.3.1.1.1. Acoso sexual	119
5.3.1.1.2. Acoso por razón de sexo	120
5.3.1.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	121
5.3.2. Análise de datos do PTXAS	127
5.3.2.1. Vítimas de acoso sexual e acoso por razón de sexo: resultados comparativos de comportamentos de acoso entre 2018 e 2025.....	127
5.3.2.1.1. Acoso sexual	127
5.3.2.1.2. Acoso por razón de sexo	128
5.3.2.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	129
5.3.3. Análise de datos do estudiantado	135
5.3.3.1. Vítimas de acoso sexual e acoso por razón de sexo: resultados comparativos de comportamentos de acoso entre 2018 e 2025	135
5.3.3.1.1. Acoso sexual	135
5.3.3.1.2. Acoso por razón de sexo	136
5.3.3.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	137
6. Conclusións do estudo cuantitativo e cualitativo	144
6.1. Colectivo do PDI	145
6.1.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo.....	145
6.1.1.1. Vítimas de acoso sexual	145
6.1.1.2. Vítimas de acoso por razón de sexo	145
6.1.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	145
6.1.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías	146
6.1.2. Coñecemento de casos de acoso sexual e por razón de sexo	146

6.1.3. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención da UVigo	147
6.2. Colectivo do PTXAS	147
6.2.1. Comportamentos de acoso sexual e de acoso por razón de sexo	147
6.2.1.1. Víctimas de acoso sexual	147
6.2.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo	147
6.2.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	147
6.2.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías	148
6.2.2. Coñecemento de casos de acoso sexual e por razón de sexo	148
6.2.3. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención da UVigo	149
6.3. Estudantado	149
6.3.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo.....	149
6.3.1.1. Víctimas de acoso sexual	149
6.3.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo	149
6.3.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	150
6.3.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías	150
6.3.2. Percepción do risco de sufrir acoso sexual e por razón de sexo na universidade.....	150
6.3.3. Coñecemento de casos de acoso sexual e por razón de sexo	151
6.3.4. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención da UVigo	151
7. Conclusións da análise comparativa dos resultados da diagnose de 2018 e 2025	153
7.1. Comparativa do PDI (2018-2025)	154
7.1.1. Comportamentos de acoso sexual e por razón de sexo.....	154
7.1.1.1. Víctimas de acoso sexual	154
7.1.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo	154
7.1.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	154
7.2. Comparativa do PTXAS (2018-2025)	154
7.2.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo.....	154
7.2.1.1. Víctimas de acoso sexual	154
7.2.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo	155
7.2.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	155
7.3. Comparativa do estudantado (2018-2025)	155
7.3.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo.....	155
7.3.1.1. Víctimas de acoso sexual	155
7.3.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo	155
7.3.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade	156
8. Reflexións finais	157
9. Referencias	160

1. Introducción

A evidencia internacional e nacional confirma que o acoso sexual e por razón de sexo segue sendo unha realidade persistente nas universidades de todo o mundo, afectando de forma maioritaria ás mulleres, tanto no estudiantado como no persoal docente e investigador e no persoal técnico de xestión, de administración e servizos.

Dentro das políticas encamiñadas a erradicar a violencia sexual e, de forma específica, o acoso sexual nas institucións académicas, a Universidade de Vigo, a través da Unidade de Igualdade, aprobou en 2014 e publicou en 2015 (aprobado en Consello de Goberno da Universidade de Vigo o día 26 de novembro de 2014, publicado na Resolución Reitoral do 16 de decembro de 2014, no DOG 7 de xaneiro de 2015, pp. 553–569) o seu primeiro *Protocolo Marco para a Prevención e Sanción do Acoso Sexual e por Razón de Sexo*.

No ano 2018, a Universidade de Vigo como unha medida pioneira a nivel estatal elaborou a [primeira diagnose da situación do acoso sexual e por razón de sexo na comunidade universitaria](#) nos tres campus da universidade, incluíndo ao estudiantado, ao persoal docente e investigador (PDI) e ao persoal de administración e servizos (agora PTXAS). Esta primeira avaliación permitiu elaborar unha radiografía da realidade do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo.

As leis e as normativas promulgadas nestes anos fixéronnos formularnos a necesidade de actualizar o protocolo para garantir os dereitos das persoas afectadas, que se aprobou en Consello de Goberno o 27 de maio de 2025, e que permite un tratamento máis eficiente, transparente e respectuoso coas vítimas e coa comunidade universitaria en xeral. Como novidades do [Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por sexo](#) podemos destacar que:

- Reforza os principios de actuación: compromiso firme contra o acoso, prevención activa, celeridade, confidencialidade, atención prioritaria á vítima, e prohibición de represalias.
- Amplía o ámbito de aplicación incluíndo as condutas de acoso sexual ou sexista que se produzan a través de servizos dixitais ou telemáticos facilitados pola UVigo (correo institucional, campus virtual, redes sociais...), recoñecendo así a relevancia do acoso en liña na contorna universitaria.
- Estende o ámbito temporal ao ampliar o prazo de denuncia ou a solicitude de intervención a tres anos desde que se produzan as condutas de acoso sexual e por razón de sexo.
- Crea un novo procedemento de denuncia directa na Sede electrónica, de forma complementaria a presentación de denuncias de forma verbal ou escrita.
- Promove sistemas accesibles de consulta ou queixa como o [punto lila virtual](#).
- Procura unha maior difusión entre a comunidade universitaria, prevendo accións formativas específicas e campañas de sensibilización e información.
- Mellora a comunicación ao publicarse en galego, castelán, inglés e adaptado a lectura fácil.

Transcorridos sete anos desde a primeira diagnose, esta segunda ten como obxectivo avaliar as situacións de acoso sexual e por razón de sexo na comunidade universitaria da Universidade de Vigo e, como novidade, incorpora a identificación das ciberviolencias sexuais. Ademais, permítenos realizar unha análise comparativa da evolución deste fenómeno respecto do traballo de investigación de 2018, co propósito de contribuír á elaboración de estratexias de sensibilización, prevención e intervención adaptadas ás necesidades e realidades detectadas nos tres colectivos que integran a comunidade universitaria.

Esta segunda diagnose estrutúrase en nove apartados principais. Comeza coa introdución e cunha aproximación teórica e empírica ao estudo do acoso sexual e por razón de sexo a nivel internacional e estatal. A continuación, preséntanse os obxectivos do estudo e descríbese a metodoloxía multimétodo empregada. Os resultados organízanse en tres subapartados. No primeiro preséntanse os da parte cuantitativa do estudo; no segundo, os resultados da parte cualitativa; e no terceiro realízase unha análise comparativa entre as diagnoses realizadas en 2018 e en 2025. Nos apartados seguintes recóllense as conclusións desta segunda diagnose e da comparativa entre ambas. Este informe péchase coas reflexións finais e coas referencias bibliográficas.

Non queremos rematar sen expresar o noso agradecemento ós enlaces de igualdade das facultades, escolas e centros pola súa implicación na promoción da participación do persoal e do estudantado, así como por facilitarnos a implementación do traballo de campo nas aulas. Tamén queremos recoñecer a toda a comunidade universitaria (PDI, PTXAS e estudantado) pola súa alta participación e pola boa acollida desta segunda diagnose, que reflicte unha crecente concienciación social sobre a necesidade de identificar e combater este tipo de violencias sexuais. Finalmente, estendemos os nosos agradecementos á Área de Calidade pola súa colaboración na implementación dos cuestionarios en liña para PDI e PTXAS. Este traballo, que marcará a ruta a seguir, non sería posible sen a implicación e compromiso da nosa comunidade universitaria.

Este informe supón un avance decisivo na prevención e erradicación do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo. A súa elaboración reafirma a responsabilidade institucional na defensa dos dereitos fundamentais e o compromiso firme coa creación dun espazo universitario seguro, respectuoso, coidadoso e igualitario, no que toda a comunidade poida desenvolver a súa vida académica e profesional libre de calquera forma de violencia machista.

2. Aproximación teórica e empírica ao estudo do acoso sexual e por razón de sexo

2.1. A orixe da violencia sexual

As múltiples violencias sexuais contra as mulleres afunden as súas raíces no sistema patriarcal, que segue caracterizando ás sociedades contemporáneas. Neste modelo social, os homes continúan beneficiándose de privilexios estruturais sostidos mediante o control do corpo e a sexualidade das mulleres. Esta forma de violencia constitúe unha manifestación do poder patriarcal, que asocia a masculinidade coa dominación e a agresión sexual (Segato, 2003).

A ideoloxía patriarcal opera como mecanismo de perpetuación desta «orde social», presentada como natural e inmutable. Este sistema sostense en dous compoñentes interdependentes: unha estrutura social xerárquica que outorga aos homes maior poder e privilexios; e, un conxunto de crenzas e ideoloxías que lexitiman e reproducen esa desigualdade (Ferrer e Bosch, 2006).

A estrutura patriarcal aliméntase dos estereotipos de xénero e das actitudes sexistas, que constitúen os alicerces culturais da desigualdade. Os estereotipos de xénero defínense como un conxunto de crenzas compartidas socialmente respecto dos roles, comportamentos e trazos que homes e mulleres «deben» manifestar, así como das relacións consideradas apropiadas entre ambos (Rodríguez-Castro *et al.*, 2012).

Estes estereotipos presentan unha dobre dimensionalidade. Por unha banda, a dimensión descritiva, fai referencia ás crenzas sobre as características intelectuais, de personalidade e físicas atribuídas a cada sexo. Por outra, a dimensión prescritiva, regula os comportamentos esperados e reforza a división sexual do traballo e dos espazos sociais de forma asimétrica entre homes e mulleres (Lameiras *et al.*, 2013).

Na dimensión descritiva do modelo patriarcal, asóciase aos homes coa ciencia, a razón e a lóxica, e ás mulleres coa estética, a sensibilidade e a intuición. En canto aos trazos de personalidade, os homes describíense mediante atributos como independencia, asertividade e dominancia, mentres que as mulleres se vinculan coa dependencia, a empatía e o afecto (Rodríguez-Castro *et al.*, 2012). No plano corporal, os estereotipos de xénero xeran unha estética diferencial: o corpo feminino represéntase como fráxil e pasivo, permanentemente exposto á ollada masculina, mentres que o corpo masculino é codificado como activo, forte e dominante (Lameiras *et al.*, 2022). Deste xeito, os varóns son erguidos como «suxeitos de desexo» e as mulleres reducidas a «obxectos de desexo».

Os roles de xénero derivan dos estereotipos descritivos e dirixen a prescrición destes. A existencia de roles diferenciados para cada sexo xustifícase como consecuencia «natural» de supostas diferenzas intelectuais, de personalidade ou físicas. Así, os homes asóciase coa capacidade de mando e coa xestión do poder económico e político, mentres as mulleres son relegadas ao ámbito doméstico e reprodutivo. Esta división consolidou unha estrutura dicotómica asimétrica entre o espazo público, colocando aos homes nas altas esferas da estrutura económica, política e social en detrimento das mulleres que as relega ao espazo privado, restrinxindo a súa representación na esfera de poder dentro do espazo público (Rodríguez-Castro *et al.*, 2012).

Na actual sociedade patriarcal, o sexismo non pode entenderse unicamente como unha actitude explicitamente negativa cara ás mulleres. As transformacións sociais e legais contribuíron a invisibilizar as súas expresións máis abertas, dando lugar a formas máis encubertas e sutís que perpetúan o trato desigual e a discriminación. Estas manifestacións intégranse no que Peter Glick e Susan T. Fiske (1996, 2001) denominaron teoría do sexismo ambivalente, unha das aproximacións científicas máis influentes no ámbito dos estudos sociais contemporáneos.

O sexismo ambivalente combina dúas dimensións de natureza afectiva opostas pero complementarias: o sexismo hostil e o sexismo benevolente. O sexismo hostil baséase en considerar as mulleres como un grupo subordinado e inferior, e lexitimando o control que os homes exercen sobre elas. O sexismo benevolente adopta un ton positivo e afectivo, que considera as mulleres non inferiores aos homes senón diferentes, atribuíndolles o papel de esposas devotas, nais sacrificadas e obxectos románticos (Glick *et al.*, 1997). Aínda que o sexismo benevolente emprega un discurso afectivo e protector, reforza igualmente o patriarcado ao situar ás mulleres nunha posición subordinada que require tutela masculina. O sexismo ambivalente funciona como un sistema de recompensa e castigo, que recompensa as mulleres que asumen os roles tradicionais e castiga ás mulleres «malas» que son as profesionais, as sexys e as feministas (Glick e Fiske, 1996, 2001).

Polo tanto, nas sociedades patriarcais sustentadas nos estereotipos de xénero e as actitudes sexistas, as violencias sexuais contra as mulleres actúan como mecanismos de control para manter as estruturas de xénero tradicionais e xerárquicas. A continuación, o foco de atención diríxese cara o acoso sexual e o acoso por razón de sexo.

2.2. Marco conceptual do acoso sexual e por razón de sexo

O termo acoso sexual aparece por primeira vez en 1974 nun curso da Universidade de Cornell, impulsado por académicas feministas para analizar as experiencias das mulleres no ámbito laboral. A periodista e profesora Lin Farley (1979) foi quen acuñou publicamente o seu uso nunha sesión de concienciación coas súas alumnas do curso «Mulleres e traballo» nesa universidade a raíz dos relatos de acoso que compartiron as súas estudantes. Nese mesmo ano, Catherine McKinnon introdúceo na lexislación estadounidense; en 1980 o Tribunal Supremo dos EE. UU. reconéceo como problema social e en 1986 como forma de discriminación sexual.

En Europa, o Convenio de Istambul (2011) establece o primeiro marco xurídico internacional vinculante contra a violencia cara ás mulleres. España asinouno en maio de 2011 e ratificouno en marzo de 2014. No artigo 40, obrígase a sancionar toda conduta sexual non desexada —verbal, non verbal ou física— que vulnere a dignidade da persoa.

En España, na Lei orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 7.1, o acoso sexual é definido como:

Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva. (p. 12)

E no artigo 7.2 defínese o acoso por razón de sexo como:

Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, con propósito ou efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva. (p. 12)

Tamén nos artigos 7.3 e 7.4 establécese que:

Consideraranse en todo caso discriminatorios o acoso sexual e o acoso por razón de sexo. (p. 12)

O condicionamento dun dereito ou dunha expectativa de dereito á aceptación dunha situación constitutiva de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo considerárase tamén acto de discriminación por razón de sexo. (p. 12)

A LO 3/2007 establece a base normativa do actual protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo. E tamén fundamenta o actual informe de diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na comunidade universitaria.

2.3. O estado da cuestión do acoso sexual e por razón de sexo no ámbito universitario internacional e nacional

Este apartado focalízase na literatura científica a través de informes e estudos sobre o acoso sexual e por razón de sexo no contexto universitario a nivel internacional e nacional.

2.3.1. A situación a nivel internacional

Os estudos a nivel internacional alertan da alta incidencia do acoso sexual e do acoso por razón de sexo nas institucións académicas ([UniSAFE](#), 2022). A pesar das evidencias que confirman que o acoso sexual e as agresións sexuais son unha realidade frecuente nos espazos académicos, segue a ser unha das problemáticas máis silenciada e menos denunciadas, aínda que na actualidade son cada vez máis os estudos nos que se visibilizan estas violencias.

Estudos en universidades norteamericanas

O recente estudo de 2024 sobre acoso sexual e concienciación na educación superior ([HESMA, Higher Education Sexual Misconduct and Awareness Survey](#)) (Cantor *et al.*, 2024), analizou a prevalencia, o coñecemento e as percepcións sobre acoso sexual, violencia sexual e relacións abusivas en dez universidades de EE. UU. de alto prestixio, tanto universidades privadas como públicas de referencia como Harvard University, Stanford University, Yale University, etc. Os resultados máis significativos evidencian que o 30 % das alumnas de Grao afirmou ser vítimas de acoso sexual. As situacións de contacto sexual non consentido por forza física variaron entre o 9 % e o 25 % entre mulleres universitarias segundo as universidades. O 28,9 % das estudantes manifestou experimentar condutas de acoso, e máis da metade (54,7 %) informou de sufrir algún comportamento de tipo verbal a través de comentarios ou bromas sexuais ofensivas, desde que ingresaron na universidade.

No informe [Sexual Assault and Related Harms Survey da University of Colorado Boulder](#) (2024) entrevistaron a 7.482 estudantes de Grao e Posgrao. Os datos máis significativos foron que as alumnas de Grao que afirmaron sufrir unha agresión sexual foi dun 18 % en 2024 (foi un 15 % en 2021 e 28 % en 2015). Tamén un 27 % das persoas enquisadas afirmaron que sufriron situacións de acoso sexual durante a súa etapa universitaria. Tamén se detectaron outros tipos de violencia sexual que aumentaron lixeiramente con respecto ao informe do ano 2021 como o acoso (*stalking*) e o abuso de parella.

Por último, destacar o [estudo](#) de Kathryn DuBois e Amelie Pedneault (2025) que examinou o risco de sufrir violencia sexual en mulleres universitarias e non universitarias, de entre 18 e 24 anos nos Estados Unidos. Analizando datos entre 2007 e 2022, detectaron que as alumnas universitarias tiñan un risco superior do 74 % de sufrir violencia sexual que as mulleres non universitarias da mesma idade. Outro dato moi significativo foi que as estudantes que residían dentro do campus enfrontaban un risco tres veces maior, en comparación coas mulleres non universitarias, de sufrir agresión sexuais. Unha de cada 100 alumnas residentes en campus afirmou sufrir violencia sexual cada semestre.

Estudos en universidades europeas

A magnitude do problema do acoso sexual no ámbito universitario dentro do contexto europeo quedou de manifesto no proxecto UniSAFE (2022), unha enquisa realizada no Espazo Europeo de Educación Superior, que involucrou a 46 universidades e organizacións de investigación de 15 países e a 42 000 persoas participantes. Os resultados son contundentes: o 62 % das persoas enquisadas experimentou polo menos unha forma de violencia de xénero desde que empezou a traballar ou estudar na súa institución. Case unha de cada tres estudantes e integrantes do persoal afirma ter sufrido acoso sexual no seu centro (31 %), mentres que o 6 % das persoas enquisadas sufriu violencia física e o 3 % violencia sexual (Lipinsky *et al.*, 2022).

A Enquisa Nacional sobre as Experiencias do Estudantado en relación á Violencia Sexual ([National Survey of Student Experiences of Sexual Violence and Harassment in Irish Higher Education Institutions](#)) na que entrevistaron a 7 901 estudantes de universidades e institutos tecnolóxicos de toda Irlanda (MacNeela *et al.*, 2022) proporcionou unha panorámica das actitudes e experiencias do estudantado e do persoal en relación á violencia sexual e o acoso sexual, así como a súa conciencia e uso dos protocolos institucionais. O dato máis alarmante da enquisa foi que o 41 % de estudantes afirmaron ter experimentado violencia sexual desde a súa matrícula nas institucións de educación superior. Case un terzo das alumnas universitarias describiron experimentar acoso de forma «frecuente» ou «moitas veces». Un 90 % do estudantado afirmaron non coñecer o procedemento na súa universidade para denunciar unha situación de acoso sexual. Estes resultados tiveron un forte impacto que levou ao desenvolvemento do Plan de Implementación 2022-2024 para poñer fin á violencia sexual e o acoso nas institucións de educación superior irlandesas.

O proxecto [Uni4Equity](#) (2023-2026) que involucra seis universidades europeas, ten como obxectivo fortalecer a resposta das universidades ao acoso sexual mediante unha aproximación ecolóxica aos factores impulsores do acoso sexual e integra esforzos multidisciplinares e multicéntricos (Vives-Cases *et al.*, 2025). O proxecto implementa

e avalía o mesmo programa educativo en seis universidades. Os primeiros resultados mostran unha mellora significativa na conciencia do estudantado sobre acoso sexual, unha maior disposición para utilizar servizos de apoio e un incremento na percepción de capacidade institucional para abordar e previr estas violencias sexuais.

En Reino Unido, a *Office for Students* (2025) entrevistaron a estudantes de último ano de Grao. Os resultados mostran que o 24,5 % de estudantes de último ano de Grao que responderon á enquisa experimentaron acoso sexual desde que comezaron os seus estudos. Ao redor dunha de cada sete persoas (14,1 %) experimentou agresión ou violencia sexual. As mulleres teñen case tres veces máis probabilidades de experimentar acoso sexual que os homes (33,0 % fronte ao 12,2 %). O 59 % do estudantado vitimizado indicaron que o acoso sexual sucedeu en espazos da universidade (aulas, residencias etc.). O 1,5 % informou ter mantido relacións sexuais co persoal docente; do que o 68,8 % eran docentes que lles impartían materias nese momento. Tamén destacar que gran parte do estudantado que denunciaron situacións de acoso sexual ou violencia sexual nas súas universidades obtiveron experiencias insatisfactorias co proceso seguido na institución.

No [estudo](#) de Anna Bull e Alexander Bradley (2025) entrevistaron a 1.768 estudantes para analizar as consecuencias da conduta sexual inadecuada do profesorado na educación superior no Reino Unido. Do total, 734 estudantes afirmaron ter sufrido polo menos unha situación de conduta sexual non desexada por parte do profesorado ou persoal universitario. O 34 % do estudantado afectado informou que estes actos tiveron consecuencias negativas na súa vida académica e persoal.

2.3.2. A situación nas universidades españolas

En comparación co volume de investigacións a nivel internacional, especificamente a máis robusta tradición da avaliación e intervención contra a violencia sexual nos campus universitarios americanos, o número de estudos centrados en identificar a situación e extensión desta problemática no ámbito académico español é notablemente inferior.

Dentro dos estudos máis recentes e pioneiros sobre a situación do acoso sexual e por razón de sexo nas universidades destaca a [Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo](#) (Lameiras *et al.*, 2018). Neste estudo multi-método participaron os tres colectivos da comunidade universitaria cunha mostra na parte cuantitativa do estudo dun total de 1.106 estudantes, 185 persoas do persoal docente e investigador e 154 integrantes do persoal de administración e servizos. Na parte cualitativa levaron a cabo un total de 19 entrevistas a estudantes, 4 profesoras e 5 a persoal de administración e servizos, e organizáronse un total de 10 grupos de discusión con estudantado. Os resultados obtidos poñen de manifesto que a percepción de risco das situacións de acoso sexual é maior por parte das mulleres dos tres colectivos fronte aos seus compañeiros, cunhas porcentaxes que se sitúan no 30 % para elas, e cun rango de entre o 13,5 % e o 21,9 % para eles. En canto ás actitudes cara ao acoso sexual, en xeral, son negativas, pero os alumnos e os profesores expresaron unha maior tolerancia cara ao acoso sexual que sofren as mulleres e móstranse máis en desacordo coas causas feministas que as súas compañeiras. Diferenzas que non se aprecian entre traballadoras e

traballadores do persoal de administración e servizos. En relación á prevalencia neste estudo identificáronse como vítimas de acoso sexual a un total de 35 estudantes (30 alumnas e 5 alumnos), 13 docentes (12 profesoras e 1 profesor) e 9 integrantes do persoal de administración e servizos (8 traballadoras e 1 traballador); e como vítimas de acoso por razón de sexo 39 estudantes (37 alumnas e 2 alumnos), 17 profesoras e 4 traballadoras do persoal de administración e servizos; e como vítimas de agresión sexual, 1 alumna, 2 profesoras e 1 traballadora do persoal de administración e servizos (Lameiras *et al.*, 2018). Sendo, por tanto, as mulleres, en comparación cos seus compañeiros, as que máis sofren situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresión sexual.

Case de forma inmediata a publicación da diagnose da UVigo, publicouse o [*Estudo sobre o acoso sexual, acoso sexista, acoso por orientación sexual e acoso por identidade e expresión de xénero da Universidad Complutense de Madrid*](#) (2018). Nesta diagnose tamén participaron os tres colectivos universitarios cunha mostra que respondeu a un cuestionario en liña de 18.990 estudantes, 1.759 docentes e 795 integrantes do persoal de administración e servizos. Os resultados mostran diferenzas entre o acoso sexual declarado e o acoso sexual técnico. En relación ao acoso sexual declarado un 6,5 % de persoas recoñeceron sufrir acoso sexual dentro da universidade. Esta porcentaxe incrementouse ata o 8 % (n=956) no caso das mulleres e para as persoas con outras identidades de xénero ata un 15 % (n=31), mentres que diminuíu cos homes ata un 2,8 % (n=155). En canto ao acoso sexual técnico incluíronse as seguintes situacións que as vítimas non identificaron como acoso sexual: o 26,3 % recoñeceron ser obxecto de chistes, bromas ou mesmo recibiron gabanzas ofensivas de natureza sexual (15,1 % máis de mulleres que de homes); o 25,5 % recoñece recibir xestos e miradas lascivas (21,6 % máis de mulleres que de homes); e, o 23,6 % sentiu que outra persoa invadía o seu espazo físico. Tamén, o 4,2 % recoñeceu que sufrira tocamientos non desexados, a 135 persoas (0,8 %) chantaxeáronas a cambios de beneficios laborais ou académicos e, finalmente, 103 persoas (0,63 %) sufriran un asalto ou agresión sexual con forza física na universidade.

No informe da UCM (2018) tamén se identificou o acoso sexista declarado e técnico. De forma que o 12,2 % das mulleres afirmaron sufrir acoso sexista na universidade, mentres que o acoso sexista declarado dependendo da situación, presentou porcentaxes que se incrementaron ata o 40 % no caso das mulleres. Outro resultado interesante foi que a maioría das persoas enquisadas recoñeceron que se sentían máis seguras dentro das instalacións universitarias.

Máis recentemente, en 2025, a Universidad Complutense de Madrid informou de ter rexistrado 27 denuncias por acoso sexual e sexista nos seus campus desde 2022, das cales 13 foron contra PDI. Especialistas en estudos de xénero e acoso sexual da desta universidade aseguran que a actuación da súa unidade de igualdade e da institución universitaria é insuficiente para dar seguridade ás mulleres acosadas (Universidad Complutense de Madrid, Unidad de Igualdad de Género, 2025).

Na Universitat de Barcelona (UB), en xullo de 2025, catorce mulleres denunciaron ante a UB a un catedrático por coerción sexual, abuso de poder e acoso ao longo de tres décadas. A UB suspendeu cautelarmente ao PDI e abriu unha investigación, con-

firmando que once persoas describen condutas de índole sexual, vexatorias e intimídatorias que non só son intolerables e contrarias ao Código Ético da Universidade, senón que, de confirmarse, poderían ser delitivas (Universitat de Barcelona, 2025).

A parte dos informe de acoso sexual e por razón de sexo elaborados polas propias universidades tamén podemos destacar estudos recentes centrados en mostras de estudiantado universitario español.

O [estudo](#) que coordinou Antonio Álvarez del Cubillo (2020) focalizouse en analizar os protocolos de actuación e prevención fronte ao acoso sexual e sexista nas universidades andaluzas, chegando a identificar tanto as fortalezas como as debilidades. Os puntos fortes que identificaron foron: un sólido compromiso institucional contra o acoso; que garanten a confidencialidade e protección da vítima, e inclúen formación e sensibilización para toda a comunidade universitaria. Ademais, outras das fortalezas sinaladas foi que incorporan medidas preventivas, reactivas e cautelares, ampliando o seu ámbito a persoal externo e actividades fóra do campus. En canto as debilidades que evidenciaron cabe destacar que a publicidade e accesibilidade dos protocolos era insuficiente; a falta de concreción na tipificación das condutas e recoñecemento do acoso como risco laboral en todas as universidades. Tamén detectaron que existen procedementos de denuncia desiguais, escasa atención aos colectivos vulnerables e limitacións para asegurar o anonimato e a protección, así como pouca eficacia no seguimento das medidas adoptadas.

Derivado do anterior estudo, destaca a [investigación](#) de Vanesa Hervías Parejo (2023) que examinou a prevalencia das situacións de acoso sexual e sexista nas universidades do sur de España, nunha mostra de 1.478 persoas da comunidade universitaria andaluzas. Entre os resultados máis importantes, destaca que as principais vítimas son mulleres, especialmente estudantes, mentres que menos do 17 % das vítimas son homes; o 86 % de quen agride son homes; as condutas máis habituais detectadas van de comentarios sexualizados, presión, violencia verbal, acoso físico e acoso en liña; e detectáronse baixos niveis de denuncia formal por medo ás represalias, culpa e desconfianza institucional.

Podemos destacar a [revisión sistemática de investigacións](#) sobre acoso sexual en universidades españolas entre 2006 e 2020 (Duque-Monsalve *et al.*, 2024) que analizan 20 estudos e recolle taxas de prevalencia que oscilan entre o 8 e 23 % segundo o tipo de acoso sexual que sofren as estudantes universitarias españolas. Tamén cabe destacar que as taxas de denuncia son moi baixas, situándose entre o 2 e o 7 %. Así mesmo, sinala que a maior parte das investigacións evidencian que o acoso sexual afecta especialmente a mulleres novas, de Grao, e con menor experiencia universitaria.

Tal e como evidencia a literatura científica a nivel nacional e internacional, a pesar da gravidade destes actos, as taxas de denuncias seguen a ser moi baixas. Existen moitas barreiras que contribúen á infra-denuncia da violencia sexual, incluíndo o temor a represalias, sentimentos de vergoña ou culpa, a falta de confianza na institución, preocupacións sobre a confidencialidade e credibilidade, descoñecemento ou confusión sobre os procedementos institucionais e recursos dispoñibles, e falta de recursos especializados accesibles para vítimas e escaseza de información clara sobre políticas e servizos (Kennedy *et al.*, 2025). Neste mesmo sentido, unha revisión sistemática sobre

a resposta institucional ao acoso sexual por parte de persoal académico na educación superior no Reino Unido atopou evidencia dunha falta de preparación institucional para abordar informes de acoso sexual por parte do persoal (Dufour, 2024).

Investigadoras do proxecto UniSafe (Pilinkaite Sotirovic *et al.* 2024) presentaron os resultados de 39 entrevistas cualitativas a vítimas e superviventes que sinalan que non denuncian por desconfianza na universidade, medo a represalias, dúbidas sobre se o ocorrido «é grave dabondo» e percepción de que nada cambiará. Cando se producen denuncias formais, adoitan supoñer o inicio de consecuencias negativas para quen fala (estigmatización, bloqueo de carreira, illamento), mentres que en moitos casos, cando o perpetrador é unha figura con certa posición académica (*institutional breadwinners*) a institución opta por protexelo e priorizar a reputación fronte á protección das vítimas.

As autoras empregan o marco de redes de traballo de silencio (Hershcovis et al., 2021) - autosilencio, silenciamento e non escoita- co enfoque de réximes de desigualdad de Acker (2006, p. 406) para mostrar como o silencio favorece a reprodución das desigualdades de xénero. O artigo conclúe que as universidades se benefician do silencio porque lles permite evitar conflitos visibles, conservar prestixio e manter intactas as redes de poder masculinas, aínda que iso signifique non asumir a súa responsabilidade de coidado e provocar violencia institucional secundaria. As autoras propoñen asumir o silencio como un trazo organizativo clave, que debe ser combatido con cambios profundos en estruturas, procedementos de denuncia, protección efectiva e cultura institucional se se quere que a universidade sexa un espazo realmente seguro fronte ás violencias de xénero.

No seu traballo sobre os procedementos de denuncia na academia, Sara Ahmed (2022) analiza como as universidades producen e xestionan as denuncias por acoso, discriminación e abuso de poder, mostrando que a propia institución adoita converterse no obxecto da queixa: «unha denuncia pode ser o modo no que aprendemos sobre violencia institucional» (p. 313). A través de testemuños de estudantes e persoal de universidades do ámbito anglosaxón, argumenta que as políticas de igualdade e os procedementos formais funcionan moitas veces como dispositivos «non performativos» (p. 66): presúmese que serven para resolver problemas, pero en realidade ao individualizalas contribúen a invisibilizalas, a desacreditar ás persoas que denuncian, habitualmente en posicións máis precarizadas, e a protexer o prestixio institucional. Ahmed propón poñer atención á queixa, unha fórmula desvalorizada, como unha pedagogía feminista e unha práctica colectiva. Segundo a autora esta fórmula permite aprender como operan as relacións de poder, dar visibilidade ás violencias que se agochan tras as portas pechadas da universidade e impulsar formas de activismo que creen redes de apoio e obriguen ás institucións a cambiar máis alá dos discursos simbólicos.

Dende as universidades resulta fundamental un compromiso institucional firme para combater as violencias sexuais mediante accións de concienciación, sensibilización, formación e resposta efectiva. Así o demostra o estudo realizado por Blahopoulou *et al.* (2024) nas Illas Baleares, que evidencia a eficacia das intervencións preventivas fronte ás condutas de acoso sexual no ámbito universitario. Os resultados destacan que unha intervención formativa, presencial, é capaz de reducir crenzas prexudiciais sobre o acoso sexual e promover o rexeitamento activo do sexismo entre o estudiantado. Tras

a formación, observouse unha diminución significativa na aceptación dos mitos sobre o acoso e un maior rexeitamento dos piropos, entendidos como acoso sexual a nivel verbal dirixidos ás mulleres.

Polo tanto, no actual contexto de avances normativos, maior implicación institucional, crecente sensibilización social e persistentes retos organizativos, enmárcase o presente estudo. Resulta fundamental contar con avaliacións periódicas e rigorosas da situación do acoso sexual e por razón de sexo nas universidades españolas, co obxectivo de deseñar estratexias de prevención e intervención que sexan realmente eficaces e adaptadas ás particularidades e necesidades de cada institución.



3. Obxectivos da diagnose

3.1. Obxectivo xeral

Avaliar as situacións de acoso sexual e por razón de sexo na comunidade universitaria da Universidade de Vigo, así como levar a cabo unha análise comparativa da evolución deste fenómeno respecto á diagnose realizada en 2018, coa finalidade de contribuír á elaboración de estratexias de sensibilización, prevención e intervención, adaptadas ás necesidades e realidades identificadas nos tres colectivos da comunidade universitaria.

3.2. Obxectivos específicos

- Identificar a prevalencia e frecuencia das condutas de acoso sexual e por razón de sexo tanto fóra de liña como en liña nos tres colectivos da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (estudiantado, PDI e PTXAS)
- Identificar os perfís de vítimas e persoas que agriden segundo categoría profesional, sexo, idade, campus e ámbito científico-académico.
- Avaliar o grao de coñecemento, percepción e valoración do protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da UVigo nos tres colectivos da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- Estudar o nivel de participación en accións formativas sobre acoso sexual e por razón de sexo, así como a súa utilidade percibida respecto á identificación e prevención destes comportamentos.
- Identificar as percepcións do colectivo de PDI e de PTXAS sobre as medidas máis relevantes para combater o acoso sexual e por razón de sexo (información, formación, prevención, atención, sanción e reparación).

4. Metodoloxía multimétodo da investigación

Para realizar a segunda diagnose sobre a situación do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo, optouse por un deseño multimétodo que combina enfoques cuantitativos e cualitativos.

- **Estudo cuantitativo:** desenvolveuse con mostras representativas dos tres colectivos da universidade (PDI, PTXAS e estudantado), co obxectivo de obter datos fiables sobre a prevalencia do fenómeno.
- **Estudo cualitativo:** incorporáronse preguntas abertas nas que as persoas participantes relataron experiencias propias ou coñecidas de acoso sexual e de acoso por razón de sexo no contexto universitario.

No deseño da investigación, o enfoque cuantitativo resulta especialmente útil para aproximarse á dimensión e frecuencia do acoso sexual e por razón de sexo na comunidade universitaria. Pola súa parte, o enfoque cualitativo permite profundar na realidade concreta dos casos, ofrecendo unha visión máis detallada e dando voz á comunidade universitaria.

4.1. Metodoloxía do estudo cuantitativo da investigación

Para acadar os obxectivos deste informe partiuse dun deseño seccional e descritivo a través do que se realizou unha avaliación dos tres grupos que integran a comunidade universitaria: persoal docente e investigador (PDI, PI), persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS), e estudantes. Participaron no estudo un total de 1.981 persoas pertencentes á comunidade universitaria da Universidade de Vigo avaliadas durante o ano 2025 entre xuño e novembro.

Tipo de estudo

O deseño desta investigación ten como obxectivo levar a cabo unha avaliación-diagnose da situación do acoso sexual e por razón de sexo na comunidade universitaria da Universidade de Vigo. O obxectivo poboacional está centrado en: a) persoal docente e investigador, e persoal investigador; b) persoal técnico, de xestión e de administración e servizos; e, c) estudantes da Universidade de Vigo.

En función dos obxectivos do presente estudo e do marco teórico de referencia, executouse o deseño da investigación coas características que se presentan a continuación.

O estudo é, por unha banda, de tipo transversal que trata de coñecer nas tres poboacións definidas a situación do acoso sexual e por razón de sexo nos tres colectivos (estudantes, PDI-PI e PTXAS) da Universidade de Vigo. Un estudo que ofrece ademais un dobre nivel de análise: *descritivo*, en relación cos comportamentos sexuais non desexados e comportamentos en función do sexo non desexados das persoas, que permite formular hipótese respecto á situación de acoso sufrido na Universidade de Vigo. E, por outra banda, é analítico, xa que permite avaliar os obxectivos formulados. O presente traballo representa tamén un estudo de tipo mostral debido a que analiza estudantado, PDI-PI e PTXAS cun tipo específico de mostraxe; finalmente, o feito de utilizar técnicas cuantitativas permite falar tamén dun estudo *distributivo*.

Os pasos seguidos para alcanzar os obxectivos propostos son os seguintes:

- I. Deseño e selección das mostras.
- II. Desenvolvemento da metodoloxía máis adecuada para recoller a información.
- III. Codificación, supervisión, revisión e depuración dos cuestionarios.
- IV. Gravación e verificación dos datos.
- v. Elaboración dos ficheiros de datos no programa estatístico Spss v. 24.
- vi. Análise de datos.
- vii. Elaboración do informe cos resultados máis destacados das análises.


O deseño mostral estivo condicionado pola necesidade de garantir a representatividade das mostras da poboación de estudantes, da poboación do PDI-PI e da poboación do PTXAS. As unidades da análises da poboación de referencia foron tres:

1. O estudantado matriculado en 2º, 3º e 4º curso das titulacións de Grao dos tres campus da Universidade de Vigo, excluindo os de 1º curso para garantir un mínimo de tempo de experiencia na universidade. Tamén participaron o estudantado de mestrado e doutoramento.
2. O PDI e PI por ámbitos científico-académicos dos tres campus da Universidade de Vigo.
3. O PTXAS asinado ás escolas, facultades, centros ou servizos dos tres campus da Universidade de Vigo.

4.1.1. Mostra do PDI

Das análises da distribución do colectivo PDI participante ($n=425$), un 48,9 % ($n=208$) son mulleres e un 50,6 % ($n=215$) son homes, e se definiron como outros, un 0,5 % ($n=2$) cunha media de idade de 45,88 (DT: 22,2) e un rango que vai dende 22 ata 68 anos (véxase a figura 1). Neste caso, os profesores-investigadores son máis maiores, cunha media de idade de 48,3 (DT: 12,1), cas profesoras-investigadores, cunha media de idade de 43,4 (DT: 22,2).


Figura 1. Porcentaxes do PDI en función do sexo



4.1.1.1. Distribución do PDI por categoría profesional

Se analizamos a categoría profesional do PDI que participaron no estudo, un 38,6 % (n=164) teñen contrato a tempo completo con vinculación permanente, un 30,6 % (n=130) son PDI a tempo completo con vinculación non permanente, un 19,3 % (n=82) son PDI con contrato a tempo parcial, un 1,4 % (n=6) son PI a tempo completo con vinculación permanente, un 7,8 % (n=33) son PI a tempo completo con vinculación non permanente, e un 2,4 % (n=10) son PI a tempo parcial (véxase a figura 2).


Figura 2. Distribución do PDI por categoría profesional



4.1.1.2. Distribución do PDI por campus

En canto á participación do PDI por campus, destacamos que un 26,8 % (n=114) pertencen ao campus de Ourense, un 14,4 % (n=61) están adscritos ao campus de Pontevedra e un 58,8 % (n=250) pertencen ao campus de Vigo (véxase a figura 3).


Figura 3. Distribución do PDI por campus



4.1.1.3. Distribución por ámbitos científico-académicos

Se analizamos a distribución do colectivo do PDI polo ámbito científico-académico, atopamos que un 29,4 % pertence ao ámbito xurídico-social, un 25,6 % ao de Ciencias, un 23,8 % ao ámbito de Enxeñaría, un 16,7 % ao de Artes e Humanidades e un 4,5 % ao ámbito das Ciencias da Saúde (véxase a figura 4).


Figura 4. Distribución do PDI por ámbitos científico-académico



4.1.2. Mostra do PTXAS

Das análises da distribución do colectivo PTXAS participante (n=214), un 62,8 % (n=135) son mulleres e un 37,2 % (n=79) son homes cunha media de idade de 53,07 (DT: 7,08) e un rango que vai desde 24 ata 66 anos (véxase a figura 5). Neste caso, os traballadores PTXAS son máis maiores, cunha media de idade de 53,7 (DT: 6,5), cas traballadoras PTXAS, cunha media de idade de 52,66 (DT: 7,3).


Figura 5. Porcentaxes do PTXAS en función do sexo



4.1.2.1. Distribución do PTXAS por categoría profesional

Se analizamos a categoría profesional das persoas do PTXAS que participaron no estudo, un 91,6 % (n=196) son persoal funcionario, un 1,9 % (n=4) son persoal laboral fixo, e un 6,5 % (n=14) son persoal laboral temporal (véxase a figura 6).


Figura 6. Distribución do PTXAS por categoría profesional



4.1.2.2. Distribución do PTXAS por campus

En canto á participación do PTXAS por campus, destacamos que un 15 % (n=32) pertencen ao Campus de Ourense, un 11,2 % (n=24) están adscritos ao Campus de Pontevedra e un 73,8 % (n=158) pertencen ao Campus de Vigo (véxase a figura 7).


Figura 7. Distribución do PTXAS por campus



4.1.3. Mostra do estudiantado

Das análises da distribución do estudiantado participante (n=1342), un 71,3 % (n=957) son mulleres e un 28,7 % (n=385) son homes, cunha media de idade de 21,20 (DT: 1,45) e un rango que vai dende 18 ata 47 anos (véxase a figura 8). Neste caso, a media de idade das alumnas é de 21,19 (DT: 1,58) e a media de idade dos alumnos é de 21,22 (DT: 1,09).


Figura 8. Porcentaxes do estudiantado en función do sexo



4.1.3.1. Distribución do estudiantado por nivel académico

Se analizamos o nivel académico do estudiantado que participaron no estudo, un 96,4 % (n=1294) está cursando un grao ou dobre grao, un 3,4 % (n=45) está cursando un mestrado, e un 0,2 % (n=3) cursa un doutoramento (véxase a figura 9).


Figura 9. Distribución do estudiantado por nivel académico



4.1.3.2. Distribución do estudiantado por campus

En canto á participación do estudiantado por campus, destacamos que un 37 % (n=497) pertencen ao Campus de Ourense, un 27,6 % (n=370) están adscritos ao Campus de Pontevedra e un 35,3 % (n=475) pertencen ao Campus de Vigo (véxase a figura 10).


Figura 10. Distribución do estudiantado por campus



4.1.3.3. Distribución por ámbitos científico-académicos

Se analizamos a distribución do estudantado polo ámbito científico-académico, atopamos que un 42,3 % pertence ao ámbito Xurídico-Social, un 11,1 % ao de Ciencias, un 8,4 % ao ámbito de Enxeñaría, un 19,1 % ao de Artes e Humanidades e un 19,2 % ao ámbito das Ciencias da Saúde (véxase a figura 11). Cabe destacar que non hai unha representación equitativa do estudantado por ámbitos científico-académicos.

Figura 11. Distribución do estudantado por ámbito científico-académico



4.1.4. Instrumentos

Para acadar os obxectivos da parte cuantitativa deste estudo elaborouse un cuestionario *ad hoc*. Na primeira páxina presentouse a finalidade da investigación, as instrucións básicas para cubri-lo, así como a definición dos conceptos relativos ao obxecto do estudo para favorecer unha maior comprensión:

Acoso sexual inclúe calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.

Acoso por razón de sexo inclúe calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.

No cuestionario inclúense as seguintes cuestións e instrumentos, comúns aos tres colectivos, organizados en catro bloques.

Bloque I. Datos sociodemográficos e laborais

- **Datos sociodemográficos:** sexo, idade, situación laboral, campus e ámbito ao que pertence.

Bloque II. Comportamentos de acoso sexual e por razón de sexo

• **Comportamentos de acoso sexual.** Para avaliar a incidencia de situacións de acoso sexual sufridas pola comunidade universitaria, formulouse unha pregunta directa ás persoas participantes: se algunha vez experimentaran unha situación de acoso sexual na Universidade de Vigo.

No caso de responder afirmativamente, solicitóuselles que identificasen quen fora a persoa agresora do acoso, ofrecéndoselles as seguintes opcións de resposta: alumno, alumna, profesor/investigador, profesora/investigadora, traballador/a PTXAS, persoa doutro colectivo ou outros (indicando quen).

Ademais, incluíuse unha pregunta aberta na que se lles pedía que describisen o sucedido e o lugar onde tivera lugar a situación de acoso sexual.

• **Comportamentos de acoso por razón de sexo.** Co obxectivo de avaliar a incidencia de situacións de acoso por razón de sexo na comunidade universitaria, preguntouse ás persoas participantes se algunha vez sufriran este tipo de acoso na Universidade de Vigo.

No caso de responder afirmativamente, solicitóuselles que identificasen quen fora a persoa que perpetrara o acoso, ofrecéndoselles as seguintes opcións de resposta: alumno, alumna, profesor/investigador, profesora/investigadora, traballador/a PTXAS, persoa doutro colectivo ou outros (indicando quen).

Adicionalmente, incluíuse unha pregunta aberta na que se lles pedía que describisen o sucedido e o lugar onde tivera lugar a situación de acoso por razón de sexo.

• **Identificar experiencias sexuais sufridas (SEQ).** Empregouse o cuestionario *SEQ* de Fitzgerald *et al.* (1988) na versión de 19 ítems que avalía a frecuencia de situacións de condutas de índole sexual que son ofensivas, e ás que están expostas as persoas. Estas situacións clasifícanse en tres subescalas: *acoso de xénero* (ítems 1, 2, 3, 4, 6, 7, 9), *atención sexual non desexada* (ítems: 5, 8, 10, 13, 14) e *coacción sexual* (ítems 11,12, 15, 16, 17, 18, 19). O formato de resposta incorpora unha escala de resposta de tipo Likert de 5 puntos, que vai dende 1 (nunca) ata 5 (moi a miúdo). Neste estudo obtivéronse alphas adecuados nos tres colectivos en cada subescala do SEQ. Así, na dimensión de *acoso de xénero* obtívose un $\alpha = ,75$ na mostra de estudantes, un $\alpha = ,79$ na mostra do PDI e un $\alpha = ,75$ na mostra do PTXAS. En canto á fiabilidade obtida na subescala de *atención non desexada*, na mostra de estudantes o alpha foi de $\alpha = ,75$, un $\alpha = ,88$ obtívose na mostra do PDI e un $\alpha = ,87$ na mostra do colectivo do PTXAS. E na subescala de *coacción sexual* a fiabilidade obtida foi dun $\alpha = ,82$ na mostra de estudantes, un $\alpha = ,97$ na mostra do colectivo do PDI e un $\alpha = ,75$ na mostra do colectivo do PTXAS.

• **Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías.** Empregouse a versión de 3 ítems que avalía a frecuencia de situacións de condutas de índole sexual a través dos medios dixitais que son ofensivas, e ás que están expostas as persoas. O formato de resposta incorpora unha escala de resposta de tipo Likert de 5 puntos, que vai dende 1 (nunca) ata 5 (moi a miúdo). Neste estudo obti-

véronse alphas adecuados nos tres colectivos en esta escala. A fiabilidade obtida na mostra de estudantes foi $\alpha = ,76$, no PDI foi dun $\alpha = ,78$ e no colectivo PTXAS foi $\alpha = ,65$.

Bloque III. Coñecemento de situacións de acoso sexual e por razón de sexo

- **Coñecemento de situacións de acoso sexual.** Preguntouse ás persoas participantes se coñecían algún caso de acoso sexual ocorrido na Universidade de Vigo que lle sucedese a outra persoa. No caso de responder afirmativamente, solicitóuselles que indicasen a que colectivo pertencía a vítima e a persoa agresora. As opcións de resposta foron: alumno, alumna, profesor/investigador, profesora/investigadora, traballador/a PTXAS, persoa doutro colectivo ou outros (especificando quen).
- **Coñecemento de situacións de acoso por razón de sexo.** Do mesmo xeito, preguntouse se coñecían algún caso de acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo que afectase a outra persoa. En caso afirmativo, debían indicar a que colectivo pertencía a vítima e a persoa agresora. As opcións de resposta foron as mesmas: alumno, alumna, profesor/investigador, profesora/investigadora, traballador/a PTXAS, persoa doutro colectivo ou outros (especificando quen).

Bloque IV. Coñecemento do Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da Uvigo, e percepción da súa efectividade

- **Coñecemento da existencia do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.** Formulouse unha pregunta pechada con resposta afirmativa ou negativa (si/non).

No caso de resposta afirmativa, preguntouse como tiveron coñecemento da existencia do protocolo, ofrecéndoselles as seguintes opcións: a través da páxina web da Unidade de Igualdade, das redes sociais, mediante formación recibida, ou por folletos e outros recursos informativos.

- **Percepción sobre a efectividade do Protocolo fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.** Solicitouse ás persoas participantes que valorasen a efectividade do protocolo mediante unha escala tipo Likert, de 1 (nada efectivo) a 4 (moi efectivo).
- **Participación en accións formativas sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo organizadas pola Unidade de Igualdade.** Preguntouse pola participación en accións formativas, ofrecendo as seguintes opcións de resposta: Non; Non, e non me interesa; Non, pero gustaríame; Si, unha vez; Si, varias veces.
- **Valoración de medidas para abordar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.** Solicitouse que valorasen a importancia de distintas medidas —Información, Formación, Sensibilización, Prevención, Atención, Sanción e Reparación— mediante unha escala tipo Likert de 1 (nada importante) a 5 (moi importante).

4.1.5. Procedemento

Aplicación do traballo de campo

Neste estudo participou PDI, PTXAS e estudiantado da Universidade de Vigo. O traballo de campo organizouse en dúas etapas: na primeira fase en colaboración coa Área de Calidade preparouse o cuestionario en liña que foi remitido aos correos electrónicos do PDI-PI e PTXAS; e na segunda fase, dirixido ao estudiantado preparouse o cuestionario dixital a través da secretaría virtual e tamén «en papel» para aplicalo nas aulas.

A *primeira fase* deste estudo realizouse entre os meses de xuño e xullo ao colectivo PDI e PTXAS. O traballo de campo iniciouse a través dunha campaña de divulgación cunha comunicación «oficial» nas redes sociais, a través do correo electrónico á listaxe de correo da comunidade, no DUVI, e por parte da Unidade de Igualdade. Esta mensaxe incluía os obxectivos da investigación e incidía na importancia e a necesaria participación de toda a comunidade universitaria. Ao persoal docente- investigador solicitábaselle a súa colaboración para administrar as enquisas nas súas aulas, así como para que tanto o PDI coma o PTXAS colaborasen respondendo o cuestionario.

Durante dous meses, a Área de Calidade remitiu correos electrónicos individualizados ao colectivo de PDI e PTXAS, ata tres veces se non respondían ou non rexeitaban participar, solicitando a súa participación no cuestionario en liña. O tempo estimado para contestar o cuestionario dixital foi aproximadamente de 15-20 minutos.

Na *segunda fase* do traballo de campo centrado na mostra de estudiantado empezou a mediados de setembro ata finais de outubro. Preparouse o cuestionario dixital ao que o estudiantado tería acceso a través da secretaría virtual. De forma paralela, tamén se preparou o cuestionario en papel en caso de que non puideran ter acceso virtual no momento en que se lles solicitaba participar.

Para incentivar a participación do estudiantado para constestar o cuestionario, desde a Unidade de Igualdade escribiuse un correo ás figuras de enlaces de igualdade, solicitando a súa colaboración, de forma que nos facilitaran espazos e tempos nas clases para que unha colaboradora puidera ir a aula para explicarlles a investigación e solicitarlles a súa participación. Unha vez confirmada a aceptación do profesorado responsable das aulas seleccionadas para aplicar os cuestionarios, concretábase con cada docente o día e a hora. A aplicación dos cuestionarios ao estudiantado realizouse sempre en horario lectivo. Antes de aplicar o cuestionario dixital ou en papel, explicábaselle ao estudiantado o obxectivo da investigación e o carácter voluntario da súa participación e a garantía de confidencialidade para quen participase. Tamén se incidiu na importancia de responder con total sinceridade e coherencia.

Tras pechar a fase de recollida de datos cuantitativos tanto a través do cuestionario en liña como en papel no caso do estudiantado, a partir da folla de Excel onde se descargaron as respostas dos cuestionarios en liña, creouse unha base de datos no programa estatístico SPSS para envorcar os datos e a súa posterior análise.

4.1.6. Análises estatísticas

Para o procesamento dos datos utilizouse o paquete estatístico SPSS versión 24 para Windows. Nas tres mostras estudadas (PDI, PTXAS e estudantes) leváronse a cabo diferentes análises dos datos co obxectivo de responder os obxectivos formulados.

En primeiro lugar, para comprobar a fiabilidade dos cuestionarios aplícase o estatístico Alpha de Cronbach, que é un modelo de consistencia interna baseado na correlación media de inter-elementos. Para a análise estatística do SEQ e os comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías, as categorías de resposta foron recodificadas en dúas: 1 =nunca e 2= unha vez ou máis, agrupando así as respostas «unha vez», «ás veces», «a miúdo» e «moi á miúdo» nun único valor 2. A continuación analizáronse para as escalas do estudo nas tres mostras (estudantes, PDI e PTXAS) as medias, as desviacións típicas, os máximos-mínimos, as frecuencias e as porcentaxes. Ademais tomouse a variable sexo coa finalidade de explorar se existían diferenzas significativas nas escalas do estudo, para o que se tivo en conta o Chi² menor de 0,05. Coñecida a distribución, realizouse unha análise bivariante a través das diferenzas de medias por medio do estatístico T- Student nas distintas escalas do estudo.

4.2. Metodoloxía do estudo cualitativo da investigación

4.2.1. Características do estudo cualitativo

Tal e como se evidencia nas investigacións sobre as violencias contra ás mulleres (Asadi *et al.*, 2024), as estratexias cualitativas resultan especialmente valiosas para profundar nunha realidade tan complexa como a do acoso sexual. No caso da Universidade de Vigo, a avaliación cualitativa da situación de acoso sexual e por razón de sexo desenvolveuse mediante preguntas abertas, que permitiron recoller relatos directos e experiencias coñecidas no ámbito universitario.

4.2.2. Participantes

Na dimensión cualitativa desta investigación participaron un total de 97 persoas da comunidade universitaria que relataron vivencias propias ou coñecementos de casos de acoso sexual e de acoso por razón de sexo no contexto universitario; destes relatos, 51 corresponden a estudantes de grao e mestrado dos tres campus da Universidade de Vigo, dos cales 50 foron expresados por alumnas e 1 por un alumno; 31 proceden do PDI, dos que 30 corresponden a profesoras-investigadoras e 1 a un profesor-investigador; e finalmente, 15 relatos pertencen ao colectivo de PTXAS, dos cales 12 foron achegados por traballadoras e 3 por traballadores.

4.2.3. Procedemento

O carácter multimétodo deste estudo baseouse na utilización combinada da metodoloxía cuantitativa e cualitativa, a través dunha estratexia de complementariedade. Seguindo un deseño secuencial na investigación, na mesma aplicación do cuestionario cuantitativo había unha parte de preguntas abertas para analizar de forma cualitativa.

4.2.4. Técnicas de recollida de datos

A técnica de recollida de datos empregada nesta fase foi a mesma descrita na parte cuantitativa, mediante un cuestionario en liña ou, nalgúns casos, en formato papel na mostra de estudantes.

O instrumento consistiu en catro preguntas abertas nas que se instaba ás persoas participantes a relatar, no caso de que foran vítimas de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo no contexto universitario, o feito experimentado, indicando o lugar, o comportamento ou actitude implicada, así como a persoa perpetradora. Ademais, solicitóuselles que informasen se coñecían a alguén da comunidade universitaria que fose vítima de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo, achegando detalles sobre o lugar, o comportamento ou actitude e a persoa responsable.

4.2.5. Análise de contido

Para a análise da información recollida nos relatos a través da metodoloxía cualitativa, co fin de velar pola «presunción de inocencia» das persoas nomeadas como perpetradoras, decidiuse eliminar esa información dos fragmentos.

Todos os relatos contaban coa seguinte información: o sexo, a idade, o ámbito de coñecemento, o colectivo de pertenza. Os relatos extraídos dunha folla de Excel, pasáronse a un documento pdf para introducirlo no programa ATLAS.ti versión 9. Así, os discursos foron analizados de forma indutiva con este *software* que se basea nas directrices da teoría fundamentada.

O programa ATLAS.ti. v.9 é un programa informático de xestión de datos cualitativos, que permite traballar con grandes corpos de datos. Ademais, permite o traballo simultáneo das investigadoras a través da técnica de triangulación, polo que se xestionou o tratamento da información así como a xeración de códigos, é dicir, a súa codificación.

Neste sentido, no relativo á codificación realizada nos relatos, baseouse nas propias palabras escritas das persoas participantes, polo que se utilizaron códigos *in vivo*. Non obstante, co fin de analizar o tratamento da información do xeito máis adecuado posible tamén se recorreu á codificación aberta, é dicir, á creación de códigos para un determinado texto seleccionado, así como a codificación por listaxe que permite ver a listaxe de todos os códigos creados e asignar o correspondente á cita seleccionada.

Todos os códigos foron organizados en familias de orde superior que, englobando varios códigos, achegan rigorosidade e organización ao proceso de *coding*. Os relatos das persoas participante foron analizados a través dunha categorización exhaustiva de forma consensuada polas investigadoras. Neste sentido, extraéronse catro categorías de primeira orde, que se correspondían coas catro preguntas formuladas que a súa vez se desagregaron en categoría de segundo nivel de profundidade de forma diferencial segundo o colectivo de pertenza (PDI, PTXAS, ou estudantado):

- I. Relatos de vítimas de acoso sexual
- II. Relatos de vítimas de acoso por razón de sexo

III. Coñecemento de casos de acoso sexual

IV. Coñecemento de casos de acoso por razón de sexo

A continuación, presentamos as categorías e as subcategorías extraídas nos relatos co PDI, co PTXAS e co estudantado. Así, en primeiro lugar expóñense as categorías primarias e secundaria obtidas nos relatos do colectivo de PDI:

1. Víctimas de acoso sexual

1.1. Contacto físico non consentido

1.2. Comentarios e preguntas invasivas

1.3. Xestos obscenos e insultos

2. Víctimas de acoso por razón de sexo

2.1. Menosprezo dos méritos académicos

2.2. Comentarios sexistas e estereotipos

2.3. Exclusión e discriminación profesional

2.4. Abuso de poder e acoso laboral

2.5. Actitudes agresivas e intimidación por parte de estudantado

3. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual

3.1. Reiteración de condutas por parte da mesma persoa

3.2. Comentarios sexualizados cara a varias mulleres

3.3. Conversas e mensaxes sexualizadas en grupos de estudantes

4. Coñecemento de outras vítimas de acoso por razón de sexo

4.1. Actitudes machistas e trato denigrante

A continuación expóñense as categorías primarias e secundarias obtidas nos relatos do colectivo de PTXAS:

1. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual na universidade

1.1. Alusións públicas á vida sexual

1.2. Exhibicionismo e intento de tocamento

1.3. Insinuacións e tocamentos *físicos non desexados*

1.4. Tocamentos e insinuacións en ambiente social

1.5. Distribución de textos de ficción sexual por correo

2. Coñecemento de casos de acoso por razón de sexo

2.1. Discriminación por coidados familiares

2.2. Trato degradante e violento

2.3. Acoso e discriminación por embarazo, maternidade e lactancia

2.4. Insultos, comentarios sexistas, ameazas e illamento e corporativismo masculino

Para finalizar, expóñense as categorías primarias e secundaria obtidas nos relatos do colectivo do estudantado:

1. Víctima de acoso sexual

1.1. Perpetrado por un/unha PDI

1.2. Perpetrado por un/unha estudante

2. Víctimas de acoso por razón de sexo

2.1. Perpetrado por un/unha PDI

2.2. Perpetrado por un/unha estudante

3. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual

3.1. Perpetrado por un/unha PDI

3.2. Perpetrado por un/unha estudante

4. Coñecemento de outras vítimas de acoso por razón de sexo

4.1. Perpetrado por un/unha PDI

4.2. Perpetrado por un/unha estudante

5. Resultados

5.1. Resultados da análise de datos cuantitativa sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo na UVigo

Neste apartado analízanse os resultados da análise cuantitativa sobre o acoso sexual e por razón de sexo na UVigo entre o PDI, o PTXAS e o estudiantado.

5.1.1. Análise de datos do PDI

5.1.1.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo

5.1.1.1.1. Víctimas de acoso sexual

En relación á identificación das vítimas de acoso sexual no colectivo de PDI, encontramos que 16 recoñeceron sufrir situacións de acoso sexual nesta universidade (15 profesoras-investigadoras e 1 profesor-investigador) (véxase a táboa 1).

Táboa 1. Víctimas de acoso sexual

SUFRICHES ACOSO SEXUAL?	Total	Mulleres PDI	Homes PDI
Si	3,8 % (n=16)	7,2 % (n=15)	0,5 % (n=1)
Non	96,2 % (n=407)	92,8 % (n=193)	99,5 % (n=214)
		Chi ² ₍₁₎ = 13,21; p = ,001	
Por parte de quen?			
Alumno	2,4 % (n=5)	2,4 % (n=5)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 5,12; p = ,002	
Alumna	0 %	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
Profesor/Investigador	2,4 %	4,8 % (n=10)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 10,69; p = ,001	
Profesora/Investigadora	0,5 %	1 % (n=2)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 2,077; p = ,150	
Traballador (PTXAS)	0,5 %	1 % (n=2)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 2,077; p = ,150	
Traballadora (PTXAS)	0,0 %	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
Outros	0,2 %	0,5 % (n=1)	0,0 %
		Chi ² ₍₉₎ = 1,036; p = ,309	


As profesoras-investigadoras sinalaron como presuntos agresores de acoso sexual a 10 compañeiros profesores-investigadores, 5 alumnos e unha persoa doutro colectivo vinculado coa UVigo. No caso do profesor-investigador non identificou á persoa agresora.

Para afondar na comprensión do fenómeno da autoidentificación como vítima de acoso sexual no colectivo de PDI, analizáronse as variables relativas á categoría profesional, ao campus de adscrición e ao ámbito científico-académico (véxanse as figuras 12, 13 e 14).

Categoría profesional

En relación coa categoría profesional, obsérvase que a maior parte das persoas que se autoidentifican como vítimas pertencen ao colectivo de PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente (n=12). En segundo lugar sitúase o PDI a tempo parcial (n=2), (véxase a figura 12).


Figura 12. Víctimas de acoso sexual en función da categoría profesional



Campus de adscrición

En relación ao campus ao que están adscrito podemos sinalar que a maioría das vítimas do colectivo de PDI son do Campus de Vigo (n=7), seguidas polo campus de Ourense (n=5) e polo campus de Pontevedra (n=4) (véxase a figura 13).


Figura 13. Víctimas de acoso sexual en función do Campus



Ámbito científico-académico

En canto ao ámbito científico-académico, a maior parte das vítimas autoidentificadas pertencen ao ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas (n=9). Séguenlle os ámbitos de Ciencias (n=4), Artes e Humanidades (n=2) e Ciencias da Saúde (n=1) (véxase a figura 14).

Figura 14. Vítimas de acoso sexual en función do ámbito científico/académico



5.1.1.1.2. Vítimas de acoso en función do sexo

En canto á identificación de vítimas do acoso por razón de sexo atopamos que 31 PDI afirmaron ser vítimas de acoso por razón de sexo. 30 (14,4 %) vítimas son profesoras-investigadoras, e 1 (0,55 %) é un profesor-investigador.

En relación á identificación das persoas agresoras, as profesoras-investigadoras sinalaron como presuntos agresores a 24 profesores-investigadores, a 4 estudantes e 2 traballadores pertencentes ao colectivo PTXAS. Pola súa parte, soamente un profesor-investigador identificou á persoa agresora do acoso en función do sexo a unha traballadora do colectivo PTXAS (véxase a táboa 2).

Táboa 2. Vítimas de acoso por razón de sexo

SUFRICHES ACOSO POR RAZÓN DE SEXO?	Total	Mulleres PDI	Homes PDI
Si	7,3 % (n=31)	14,4 % (n=30)	0,5 % (n=1)
Non	92,7 % (n=392)	85,6 % (n=178)	99,5 % (n=214)
		Chi ² ₍₁₎ = 30,32; p = ,001	
Por parte de quen?			
Alumno	0,9 % (n=4)	1,9 % (n=4)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 4,194; p = ,041	
Alumna	0 %	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)


Profesor/Investigador	5,7 % (n=24)	11,6 % (n=24)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 26,43; p = ,001	
Profesora/Investigadora	0,0 %	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 2,087; p = ,149	
Traballador (PTXAS)	0,5 % (n=2)	1 % (n=2)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = ,970; p = ,325	
Traballadora (PTXAS)	0,2 % (n=1)	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
Outros	0,0 %	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)

Facendo unha análise en profundidade da auto-identificación de vítimas de acoso en función do sexo do colectivo PDI, examinamos as variables de categoría profesional, campus de adscrición e ámbito científico-académico (véxanse as figuras 15, 16 e 17).

Categoría profesional

O acoso por razón de sexo afecta maioritariamente ao PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente (n=17), o que pode estar relacionado coa súa maior presenza estrutural na institución ou cunha maior disposición a recoñecer e denunciar este tipo de situacións. En segundo lugar sitúase o PDI a tempo completo con vinculación non permanente (n=6). En terceiro lugar cabe destacar ao PDI a tempo parcial (n=5) (véxase figura 15).

Figura 15. Vítima de acoso por razón de sexo en función da categoría profesional




Campus de adscrición

En relación ao campus ao que están adscrito podemos sinalar que a maioría das vítimas de acoso por razón de sexo do colectivo de PDI son do campus de Vigo (n=15),

seguidas polo campus de Ourense (n=12) e cunha cifra moito menor está o campus de Pontevedra (n=3) (véxase figura 16).


Figura 16. Vítima de acoso por razón de sexo en función do campus



Ámbito científico-académico

No que respecta ao *ámbito* científico-académico, destaca o maior número de casos de acoso por razón de sexo no eido das Ciencias Sociais e Xurídicas (n=13), seguido por Ciencias (n=8), Enxeñaría (n=6), Artes e Humanidades (n=3) e Ciencias da Saúde (n=1), (véxase a figura 17).

Figura 17. Vítima de acoso por razón de sexo en función do ámbito científico/académico



5.1.1.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

O cuestionario de experiencias sexuais (SEQ) permitiunos avaliar a frecuencia de situacións de índole sexual (non desexadas e ofensivas), ás que as persoas estiveron expostas na universidade. Estas situacións organízanse en tres subescalas: acoso de xénero, atención sexual non desexada e coacción sexual.

Acoso de xénero

En relación coas medias acadadas polo colectivo do PDI na situación de acoso de xénero obtéñense as máis altas das subescalas do SEQ. Isto manifesta que son as situa-

cións máis sufridas na universidade maioritariamente polas profesoras- investigadoras ($t=4,72$; $p<,001$) (véxase a táboa 3).

Para afondar nas situacións de acoso de xénero vividas polo colectivo PDI en función do sexo, analízanse as diferenzas de medias de cada un dos enunciados desta subescala (véxase a táboa 3). Detéctanse diferenzas significativas entre o colectivo do PDI, sendo as profesoras-investigadoras as que máis sentiron menosprezo ou actitudes paternalistas ($t=7,29$; $p<,001$) por parte doutra persoa da comunidade universitaria, fixéronlle comentarios sexistas ($t=3,22$; $p<,001$), tratáronas de forma diferente polo feito de ser muller ($t=6,71$; $p<,001$) ao comparalas cos seus compañeiros do PDI.

Táboa 3. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PDI	Homes PDI		
ACOSO DE XÉNERO	1,45 (,64)	1,21 (,32)	4,72	<,001
Adoitaba contar historias con contido sexual ou chistes ofensivos?	1,77 (1,07)	1,74 (1,01)	,26	,794
Intentou, sen que ti quixeses, falar de temas persoais ou sexuais (p. ex. intentou falar ou facer comentarios sobre a túa vida sexual)?	1,22 (,67)	1,12 (,46)	1,62	,106
Fíxoche comentarios groseiros e ofensivos, ben en público (p. ex. no traballo, no despacho, no laboratorio etc.), ben en privado?	1,26 (,73)	1,14 (,49)	1,99	,047
Tratoute de forma «diferente» debido ao teu xénero (p. ex. maltratoute, deprecioute ou ignoroute)?	1,69 (1,17)	1,10 (,47)	6,71	,001
Mostrou, utilizou ou distribuíu material con contido sexual ou sexista (p. ex. fotos, historias ou pornografía)?	1,10 (,397)	1,05 (,29)	1,39	,166
Fixo comentarios sexistas con frecuencia?	1,54 (1,09)	1,25 (,63)	3,22	,001
«Menosprezoute» ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero?	1,72 (1,21)	1,06 (,40)	7,29	,001

A continuación presentamos unha análise máis detallada das situacións de acoso por xénero que experimenta o PDI na UVigo (véxase a táboa 4). De forma xeral, os datos revelan que, aínda que algunhas formas de acoso de xénero afectan a ambos sexos, as profesoras-investigadoras están claramente máis expostas a condutas discriminatorias e sexistas, especialmente aquelas relacionadas co trato diferencial, actitudes paternalistas e comentarios sexistas.

En relación a situación de «contar historias ou chistes ofensivos con contido sexual» cabe destacar que aproximadamente o 39-40 % do PDI (tanto mulleres como homes) afirma ter vivido esta situación polo menos unha vez. Non se observan diferenzas signi-

ficativas entre sexos ($p=0,225$), o que suxire que esta forma de acoso é relativamente común e transversal.

En canto ao ítem de «comentarios ou conversacións non desexadas sobre temas sexuais ou persoais» podemos afirmar que esta situación foi menos frecuente, especialmente entre os profesores-investigadores (só o 7,6 % a experimentou). As profesoras-investigadoras reportaron unha incidencia algo maior (11,5 %), pero a diferenza non é estatisticamente significativa ($p=0,486$).

Sobre «os comentarios groseiros ou ofensivos en público ou privado» o 14,5 % das profesoras-investigadoras experimentaron esta situación fronte ao 8,6 % dos profesores-investigadores. A diferenza é moderada e case significativa ($p=0,092$), o que podería indicar unha maior exposición das profesoras-investigadoras a este tipo de condutas.

En canto a experimentar un «trato diferencial por razón de xénero» atopamos que este ítem mostra unha diferenza moi significativa: o 31,1 % das profesoras-investigadoras sufriron este tipo de trato fronte ao 4,8 % dos profesores-investigadores ($p<0,001$). É unha das formas de acoso máis marcadamente discriminatorias (véxase a figura 18).

En canto a «exposición a material sexual ou sexista» podemos salientar que esta situación foi pouco frecuente en ambos grupos (6,5 % profesoras-investigadoras, 2,9 % profesores-investigadores), sen diferenzas significativas ($p=0,162$).

Os «comentarios sexistas frecuentes» como por exemplo suxerir que as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas ou que os homes non deben ser o coidador principal das crianzas por non ter vocación de coidadores, evidencian que o 23,6 % das profesoras-investigadoras reportaron esta experiencia fronte ao 15,8 % dos profesores-investigadores. A diferenza é estatisticamente significativa ($p=0,005$), o que indica unha maior exposición das profesoras-investigadoras a estereotipos de xénero no ámbito universitario (véxase a figura 19).

Finalmente, en cuanto experimentar «unha actitude paternalista ou menosprezo por razón de xénero» no ámbito universitario, atopamos que esta situación presenta unha das diferenzas máis notables: o 30,5 % das profesoras-investigadoras sufriron esta situación fronte ao 3 % dos profesores-investigadores ($p<0,001$). Estes datos reflicten unha forma de acoso sutil pero persistente, especialmente dirixido cara ás mulleres (véxase a figura 20).

Táboa 4. Frecuencias de situacións de acoso de xénero na universidade en función ao sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
ACOSO DE XÉNERO	Muller PDI	Home PDI	Muller PDI	Home PDI
Adoitaba contar historias con contido sexual ou chistes ofensivos?	60,5 %	61,9 %	39,5 %	38,1 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 5,668; p = ,225$			
Intentou, sen que ti quixeses, falar de temas persoais ou sexuais (p. ex., intentou falar ou facer comentarios sobre a túa vida sexual)?	88,4 %	92,4 %	11,5 %	7,6 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 3,449; p = ,486$			
Fíxoche comentarios groseiros e ofensivos, ben en público (p. ex., na traballo, no despacho, no laboratorio etc.), ben en privado?	85,5 %	91,4 %	14,5 %	8,6 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 7,976; p = ,092$			
Tratoute de forma «diferente» debido ao teu xénero (p. ex., maltratoute, deprecioute ou ignoroute)?	68,8 %	95,2 %	31,1 %	4,8 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 49,453; p = <,001$			
Mostrou, utilizou ou distribuíu material con contido sexual ou sexista (p. ex., fotos, historias ou pornografía)?	93,5 %	97,1 %	6,5 %	2,9 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 5,139; p = ,162$			
Fixo comentarios sexistas con frecuencia (p. ex., suxerindo que as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas ou que os homes non deben ser o coidador principal dos nenos/as por non ter vocación de coidador?)	76,4 %	84,3 %	23,6 %	15,8 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 14,777; p = ,005$			
«Menosprezoute» ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero?	69,5 %	97,1 %	30,5 %	3,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 57,886; p = <,001$			

Figura 18. Frecuencia de «Tratoute de forma “diferente” debido ao teu xénero»




Figura 19. Frecuencia de «Fixo comentarios sexistas con frecuencia»





Figura 20. Frecuencia de «Menosprezoute» ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero»



Atención sexual non desexada

En relación ás medias acadadas polo PDI ao analizar as situacións de atención sexual non desexada na universidade (subescala do SEQ), atopamos que son as profesoras-investigadoras as que máis sofren esta situación ($t=3,45$; $p<,001$), (véxase a táboa 5).

Táboa 5. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PDI	Homes PDI		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,14 (,49)	1,02 (,13)	3,45	,001
Prestouche unha atención non desexada?	1,20 (,65)	1,03 (,22)	3,55	,001
Intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa?	1,11 (,55)	1,04 (,27)	1,67	,096

Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que «non»?	1,12 (,49)	1,03 (,257)	2,36	,019
Tocouche (p. ex. púxoche a man encima do teu brazo descuberto, abrazoute polo ombreiro etc.) dunha forma que te incomodou.	1,15 (,58)	1,00 (,07)	3,50	,001
Intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada (p. ex. acariciándoches a perna ou o pescozo etc.)?	1,14 (,59)	1,01 (,10)	3,11	,002

Se analizamos as diferenzas de medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta subescala, atopamos que as maiores puntuacións son acadadas polas profesoras-investigadoras en situacións como «intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada» ($t=3,11$; $p<,05$), «tocouche dunha forma que te incomodou» ($t=3,50$; $p<,001$), «empeñouse en pedirche citas a pesar de que lle dixeses que non» ($t=2,36$; $p<,05$), ou cando te prestan unha atención sexual non desexada ($t=3,55$; $p<,001$).

A continuación imos a analizar a frecuencia das veces que o colectivo PDI se atopou na universidade determinadas situación de atención sexual non desexada en función do sexo (véxase a táboa 6; figura 21, 22).

Táboa 6. Frecuencias de situacións de atención sexual non desexada na universidade en función ao sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
	Muller PDI	Home PDI	Muller PDI	Home PDI
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA				
Prestouche unha atención sexual non desexada?	89,5 %	98,1 %	10,5 %	1,9 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 13,858$; $p = ,008$			
Intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa?	95,0 %	97,6 %	5,0 %	2,4 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 3,137$; $p = ,535$			
Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que «non»?	92,5 %	98,6 %	7,5 %	1,4 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 10,197$; $p = ,037$			
Tocouche dunha forma que te incomodou?	92,0 %	99,5 %	8,0 %	0,5 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 14,855$; $p = ,005$			
Intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada?	93,0 %	99,0 %	7,0 %	1,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 10,991$; $p = ,027$			

En relación a situación de «Prestouche unha atención sexual non desexada» cómpre salientar que o 10,5 % das profesoras-investigadoras indicaron ter vivido esta experiencia, fronte ao 1,9 % dos profesores-investigadores, sendo a diferenza estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 13,858$; $p = ,008$).

No caso de «intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa» observamos que o 5,0 % das profesoras-investigadoras e o 2,4 % dos profesores-investigadores afirmaron ter vivido esta situación. Neste caso a diferenza non é estatisticamente significativa.

Outra das situacións que se analizan é «empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que non», destacamos que o 7,5 % das profesoras-investigadoras fronte ao 1,4 % dos profesores-investigadores indicaron ter experimentado esta conduta. Nesta situación atopamos diferenzas significativas en función de sexo ($\text{Chi}^2_{(4)} = 10,197$; $p = ,037$).

Outra das situacións que se observan diferenzas significativas en función do sexo ($\text{Chi}^2_{(4)} = 14,855$; $p = ,005$) é «tocouche dunha forma que te incomodou», onde o 8,0 % das profesoras-investigadoras e só o 0,5 % dos profesores-investigadores afirmaron ter vivido esta situación, (véxase a figura 21).

Finalmente, na situación de atención sexual non desexada materializada en «intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada» obsérvase que o 7 % das profesoras-investigadoras e o 1,0 % dos profesores-investigadores indicaron ter vivido esta situación, sendo a diferenza estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 10,991$; $p = ,027$), (véxase a figura 22).

Estes resultados evidencian que as profesoras-investigadoras están máis expostas a situacións de atención sexual non desexada no contexto universitario, especialmente nas interaccións físicas e nas condutas persistentes a pesar da negativa explícita.

Figura 21. Frecuencia de «tocouche dunha forma que te incomodou» en función do sexo





Figura 22. Frecuencia de «intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada» en función do sexo



Coacción sexual

En relación ás medias acadadas polo PDI na situación de coacción sexual (subescala do SEQ) non encontramos diferenzas significativas en función do sexo, nin tampouco analizando as diferenzas para cada enunciado (véxase a táboa 7).

Se analizamos as diferenzas de medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta subescala, atopamos diferenzas significativas en dous enunciados, sendo as profesoras-investigadoras as que obteñen maior puntuación que os seus compañeiros en situacións como «fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais» ($t=1,97$; $p<,05$), ou «fíxoche sentir ameazada de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente» ($t=2,14$; $p<,05$).

Táboa 7. Diferenzas de media de coacción sexual (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PDI	Homes PDI		
COACCIÓN SEXUAL	1,04 (,30)	1,00 (,00)	1,64	,103
Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais?	1,05 (,36)	1,00 (,00)	1,97	,050
Fíxoche sentir ameazado/a de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente (p. ex. referíndose a unha avaliación ou a un exame inminente etc.)?	1,06 (,39)	1,00 (,00)	2,14	,034
Intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicaras, choraras ou loitaras fisicamente?	1,02 (,29)	1,00 (,00)	1,21	,226
Insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente?	1,03 (,35)	1,00 (,00)	1,40	,162

Obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases?	1,02 (,29)	1,00 (,00)	1,21	,226
Fíxoche crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente?	1,02 (,29)	1,00 (,00)	1,21	,226
Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais?	1,03 (,32)	1,00 (,00)	1,34	,180

A continuación, presentase a análise das situacións de coacción sexual vividas polo colectivo PDI. Os datos revelan unha baixa prevalencia global, aínda que con indicios destacables no caso das profesoras-investigadoras. A continuación descríbense os resultados obtidos, diferenciando entre quen nunca viviu estas situacións e quen as experimentou unha vez ou máis (véxase a táboa 8; figura 23).

Táboa 8. Frecuencias de situacións de coacción sexual en función do sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
	Muller PDI	Home PDI	Muller PDI	Home PDI
Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais?	97,5 %	100,0 %	2,5 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 5,315; p = ,150$			
Fíxoche sentir ameazado/a de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente (p. ex., referíndose a unha avaliación ou a un exame inminente etc.)?	97,5 %	100,0 %	2,5 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 5,315; p = ,070$			
Intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicaras, choraras ou loitaras fisicamente?	99,0 %	100,0 %	1,0 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,110; p = ,348$			
Insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente?	99,0 %	100,0 %	1,0 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,110; p = ,348$			
Obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases?	99,0 %	100,0 %	1,0 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,110; p = ,348$			
Fíxoche crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente?	99,0 %	100,0 %	1,0 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,110; p = ,348$			
Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais?	99,0 %	100,0 %	1,0 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,110; p = ,348$			

En relación coa situación «fixéronche sentir que te estaban subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais», o 2,5 % das profesoras-investigadoras indicaron ter vivido esta experiencia, fronte ao 0,0 % dos profesores-investigadores. A diferenza non resulta estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)}=5,315$; $p=,150$).


No caso de «fixéronche sentir ameazada/o de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente», tamén o 2,5 % das profesoras-investigadoras indicaron ter vivido esta situación, mentres que ningún dos profesores-investigadores o fixo. A diferenza nesta situación tampouco é significativa ($\text{Chi}^2_{(4)}=5,315$; $p=,070$) (véxase figura 23).

Respecto á situación máis grave de «intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicasas, choraras ou loitaras fisicamente», o 1,0 % das profesoras-investigadoras indicaron ter vivido esta experiencia, fronte ao 0,0 % dos profesores-investigadores. A diferenza non é estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)}=2,110$; $p=,348$).

Outras situacións de coacción sexual analizadas, como «insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente», «obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases», «fixéronche crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente», ou «tratáronte mal por negarte a manter relacións sexuais», presentan todas unha prevalencia do 1,0 % entre as profesoras-investigadoras e do 0,0 % entre os profesores-investigadores, sen que se observen diferenzas estatisticamente significativas en todos os casos.

Estes resultados, aínda que cunha prevalencia baixa, apuntan a que as mulleres do colectivo PDI están máis expostas a formas sutís de coacción sexual no contexto universitario. A ausencia de significación estatística pode deberse á baixa frecuencia dos casos, pero non debe minimizar a gravidade das situacións descritas.

Figura 23. Frecuencia de fíxoche sentir ameazado/a de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente



5.1.1.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías

En relación ás medias acadadas polo PDI ao analizar as condutas de acoso sexual baseadas nas tecnoloxías na universidade atopamos que son as profesoras-investigadoras as que máis sofren esta situación ($t=2,42$; $p<,05$) fronte aos seus compañeiros, (véxase táboa 9).

Se analizamos as diferenzas de medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta subescala, atopamos que as maiores puntuacións son acadadas polas profesoras-investigadoras en situacións como fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais : «como che queda esa camiseta», «tes un corpo *sexy*» ($t=2,35$; $p<,05$), ou fíxoche comentarios non desexados de tipo sexual a través dos medios dixitais (WhatsApp, redes sociais, correo-e, chats, etc.) ($t=2,44$; $p<,05$).

Táboa 9. Diferenzas de media de comportamentos de acoso sexual baseados nas tecnoloxías en función do sexo

CIBERACOSO SEXUAL	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PDI	Homes PDI		
	1,07 (,36)	1,01 (,07)	2,42	,016
Fíxoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais (WhatsApp, redes sociais, correo-e, chats etc.)?	1,07 (,37)	1,00 (,00)	2,44	,015
Fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais?	1,13 (,57)	1,02 (,20)	2,35	,020
Enviouche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima (p. ex. pene, peitos etc.)?	1,02 (,29)	1,00 (,00)	1,21	,226

A continuación se analizan as experiencias de ciberviolencia sexual vividas polo colectivo de PDI na universidade. Os datos revelan unha maior exposición das profesoras-investigadoras a este tipo de condutas a través de medios dixitais que os seus compañeiros. De seguido, descríbense os resultados obtidos, diferenciando entre quen nunca viviu estas situacións e quen as experimentou unha vez ou máis (véxase a táboa 10; figuras 24, 25).

Táboa 10. Frecuencia de situacións de ciberacoso sexual en función do sexo

CIBERACOSO SEXUAL	Nunca		Unha vez ou máis	
	Muller PDI	Home PDI	Muller PDI	Home PDI
Fíxoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais?	96,0 %	100,0 %	4,0 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 8,567; p = ,036$			
Fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais?	94,5 %	98,6 %	5,5 %	1,4 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 6,245; p = ,182$			
Enviouche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima?	99,0 %	100,0 %	1,0 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,110; p = ,348$			

En relación coa situación «fixéronche comentarios non desexados, de tipo sexual, a través dos medios dixitais», o 4,0 % das profesoras-investigadoras indicaron ter vivido esta experiencia, fronte ao 0,0 % dos profesores-investigadores (véxase a figura 24). A diferenza é estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 8,567; p = ,036$), o que evidencia unha maior vulnerabilidade das mulleres neste tipo de interaccións virtuais.

No caso de «fixéronche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais» (por exemplo: «como che queda esa camiseta», «tes un corpo sexy»), o 5,5 % das profesoras-investigadoras e o 1,4 % dos profesores-investigadores afirmaron ter vivido esta situación (véxase figura 25). Porén, esta diferenza non resulta estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 6,245; p = ,182$).

Respecto á situación máis grave de «enviáronche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima (p. ex., pene, peitos etc.)», o 1,0 % das profesoras-investigadoras indicaron ter recibido este tipo de contido, fronte ao 0,0 % dos profesores-investigadores. A diferenza non é estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 2,110; p = ,348$).

Estes resultados, aínda que cunha prevalencia relativamente baixa, poñen de manifesto que as mulleres do colectivo PDI están máis expostas a formas de acoso sexual a través de medios dixitais.

Figura 24. Frecuencia de «fíxoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais» en función do sexo





Figura 25. Frecuencia de «fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais» en función do sexo



5.1.1.2. Coñecemento de situacións de acoso sexual e por razón de sexo

Este segundo bloque recolle o coñecemento que ten o colectivo do PDI sobre situacións de acoso sexual e por razón de sexo na UVigo. Inclúe información sobre persoas vítimas e presuntas agresoras identificadas dentro da comunidade universitaria, así como o número de casos coñecidos.

5.1.1.2.1. Coñecemento de situacións de acoso sexual

Preguntouse ao colectivo PDI se coñecían algún caso de acoso sexual ocorrido na Universidade de Vigo. 43 profesoras-investigadoras (un 20,7 %) e 29 profesores-investigadores (un 13,5 %) afirmaron coñecer casos de acoso sexual na UVigo (véxase a táboa 11).


Táboa 11. Coñecemento de casos de acoso sexual

Coñeces alguén que sufrira acoso sexual na UVigo	Total	Mulleres PDI	Homes PDI
Si	17 % (n=72)	20,7 % (n=43)	13,5 % (n=29)
Non	83 % (n=351)	79,3 % (n=165)	86,5 % (n=186)
		Chi ² ₍₁₎ = 3,86; p = ,05	

Coñecemento da persoa vítima

O colectivo de PDI sinala ter coñecemento dun total de casos de 79 vítimas que sufriron acoso na UVigo (véxase figura 26). Os datos revelan que o grupo máis afectado é o das alumnas, con 55 casos coñecidos, seguido das profesoras-investigadoras (10 casos) e dos profesores-investigadores (6 casos). Tamén se identifican 5 casos de traballadoras no colectivo de PTXAS, mentres que non se identifican casos entre os traballadores PTXAS deste colectivo nin na categoría «Outro».


Figura 26. Casos coñecidos de vítimas de acoso sexual



Coñecemento da persoa agresora

O colectivo de PDI sinala ter coñecemento de 83 persoas que son presuntos agresores de acoso sexual na UVigo (véxase a figura 27). Os datos mostran que o grupo máis sinalado como presunto agresor é o dos profesores-investigadores, con 58 casos, seguido dos alumnos (14 casos) e dos traballadores do colectivo de PTXAS, con 4 casos. Tamén se identifican 3 casos na categoría «Outro», 3 alumnas, 1 profesora-investigadora, e ningún caso entre as mulleres do PTXAS.


Figura 27. Casos coñecidos de agresoras de acoso sexual



Cantos casos coñeces de acoso sexual

As profesoras-investigadoras son coñecedoras de 41 casos de situacións de acoso sexual sufridas por outras persoas da comunidade universitaria (un 19,7%). En canto aos profesores-investigadores teñen coñecemento de 29 casos de situacións de acoso sexual sufridas por outras persoas da comunidade universitaria (un 13,5%). Tal e como pode observarse na figura 28, as profesoras-investigadoras informan de máis casos coñecidos en todos os rangos de 1 caso ata 7 casos.

Figura 28. Casos de acoso sexual coñecidos na UVigo polo colectivo PDI.



5.1.1.2.2. Coñecemento de situacións de acoso por razón de sexo

Do mesmo xeito, preguntouse ao colectivo PDI se coñecían algún caso de acoso por razón de sexo ocorrido na Universidade de Vigo e un 14,2% (n=60) contestaron afirmativamente. 39 profesoras-investigadora (un 18,8%) e 21 profesores-investigadores (un 9,8%) afirmaron coñecer casos de acoso por razón de sexo na UVigo ($\chi^2_{(1)} = 7,01$; $p = ,01$).


Táboa 12. Coñecemento de casos de acoso por razón de sexo

Coñeces alguén que sufrira acoso por razón de sexo na UVigo	Total	Mulleres PDI	Homes PDI
Si	14,2 % (n=60)	18,8 % (n=39)	9,8 % (n=21)
Non	85,8 % (n=363)	81,3 % (n=169)	90,02 % (n=194)
		Chi ² ₍₁₎ = 7,01; p = ,01	

Coñecemento da persoa vítima

O colectivo de PDI sinala ter coñecemento dun total de casos de 66 vítimas que sufriron acoso na UVigo (véxase a figura 29). Os datos mostran que os colectivos máis afectados son as alumnas, con 30 casos, e as profesoras, con 24 casos. Séguenlles os alumnos con 7 casos, os profesores con 3 casos, e o persoal técnico, de xestión, administración e de servizos (PTXAS) muller, con 2 casos. Non se rexistran casos entre os homes do PTXAS nin na categoría «Outro».


Figura 29. Casos coñecidos de vítimas de acoso por razón de sexo



Coñecemento da persoa agresora

O colectivo de PDI sinala ter coñecemento de 71 persoas identificadas como presuntas agresoras de acoso por razón de sexo na UVigo (véxase figura 30). Segundo os datos recollidos, o grupo máis frecuentemente sinalado é o dos profesores-investigadores, con 41 casos, seguido dos alumnos, con 10 casos. Tamén se identifican 3 casos na categoría «Outro», 2 casos entre as profesoras-investigadoras, 1 caso entre as alumnas e 1 caso entre os traballadores do PTXAS. Non se identifican casos entre as mulleres do PTXAS.

Figura 30. Casos coñecidos de persoas agresoras de acoso por razón de sexo.




Cantos casos coñeces de acoso por razón de sexo

O colectivo de PDI coñece ata 65 casos de acoso por razón de sexo sufrido por outras persoas da comunidade universitaria (véxase a figura 31).

As profesoras-investigadoras son coñecedoras de 36 casos de situacións de acoso por razón de sexo sufridas por outras persoas da comunidade universitaria. En canto aos profesores-investigadores teñen coñecemento de 29 casos de situacións de acoso sexual sufridas por outras persoas da comunidade universitaria.

Figura 31. Casos de acoso por razón de sexo coñecidos na UVigo polo PDI



As profesoras-investigadoras tenden a coñecer máis casos de acoso por razón do sexo, especialmente entre 1 e 6, o que suxire unha maior exposición ou sensibilidade cara a este tipo de situacións (véxase a figura 31). Pola súa parte, entre os profesores-investigadores 17 deles sinalan ser coñecedores dun só caso, aínda que tamén se observa que un PDI identifica ter coñecemento de ata 10 casos.


5.1.1.3. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da UVigo

Este terceiro bloque aborda o grao de coñecemento e percepción que ten o colectivo do PDI sobre o Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo na UVigo. Inclúe a valoración da súa efectividade, a participación en accións formativas organizadas pola Unidade de Igualdade, e a suficiencia da formación recibida para identificar e previr estas situacións. Ademais, recolle a opinión sobre as medidas que deberían implementarse para abordar o acoso sexual e por razón de sexo na UVigo.

5.1.1.3.1. Coñecemento da existencia do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

Un 50,2 % das profesoras-investigadoras (n=110) afirmaron coñecer a existencia do protocolo fronte a un 47,4 % de profesores-investigadores (n=99 de 215) que afirmaron tamén coñecelo.


Figura 32. Coñecemento do protocolo da UVigo



Como coñeceron a existencia do protocolo da UVigo

Tal e como pode observarse na figura 33 a opción máis frecuente entre as profesoras-investigadoras é a web da Unidade de Igualdade (39,1 %), seguida polos folletos ou outros recursos informáticos (30,0 %). No caso dos profesores-investigadores, destaca a opción dos folletos (44,9 %), seguida pola web (30,6 %). As redes sociais teñen unha presenza moi reducida, especialmente entre os profesores-investigadores (4,1 %). A formación recibida presenta porcentaxes similares entre ambos grupos (20,0 % nas profesoras-investigadoras e 20,4 % nos profesores-investigadores). No se detectaron diferenzas significativas entre o colectivo PDI ($\chi^2_{(3)}=7,31$; $p=,06$).


Figura 33. Coñecemento do protocolo segundo o medio de difusión en función do sexo



5.1.1.3.2. Percepción sobre a efectividade do Protocolo fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

A figura 34 mostra como profesoras-investigadoras e profesores-investigadores perciben a efectividade do protocolo de acoso sexual. A maioría de ambos grupos considera que o protocolo é efectivo, cun 54,2 % en cada caso. Con todo, os profesores-investigadores presentan unha maior porcentaxe de percepción negativa, xa que o 14,1 % considera que o protocolo é nada efectivo, fronte ao 7,9 % das profesoras-investigadoras. Pola súa parte, as profesoras-investigadoras teñen unha valoración máis crítica na categoría de pouco efectivo (28,8 %) en comparación co 22,6 % dos profesores-investigadores. Finalmente, a percepción de que o protocolo é moi efectivo é igual en ambos grupos, cun 9,0 %. Esta distribución non revela diferenzas significativas en función do sexo ($\chi^2_{(3)} = 4,43$; $p = ,218$).


Figura 34. Percepción da efectividade do protocolo en función do sexo



5.1.1.3.3. Participación en accións formativas sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo organizadas pola Unidade de Igualdade

A maioría dos profesores-investigadores afirma ter participado varias veces (69,9%), fronte ao 55,3% das profesoras-investigadoras. Pola contra, as profesoras-investigadoras amosan maior interese en participar no futuro, cun 25,0% que indica que non participou pero lle gustaría, mentres que esta opción só representa o 14,3% entre os profesores-investigadores. A participación única é minoritaria en ambos grupos, aínda que algo máis frecuente entre os profesores-investigadores (6,1%) que nas profesoras-investigadoras (2,7%). Finalmente, os porcentaxes de persoas que non están interesadas ou non participaron son relativamente baixos, especialmente entre os profesores-investigadores. Esta distribución suxire unha maior implicación formativa por parte dos profesores-investigadores, mentres que entre as profesoras-investigadoras destaca o interese por acceder a este tipo de formación ($\text{Chi}^2_{(4)} = 18,09; p = ,001$).

Figura 35. Participación en accións formativas sobre o acoso en función ao sexo



Formación recibida é suficiente para identificar e previr o acoso sexual e o acoso por razón do sexo

De forma xeral, o colectivo PDI considera que se debería dar máis formación para ser capaces de identificar situacións de acoso sexual e o acoso por razón de sexo na UVigo así como para tamén previlo (véxase táboa 13). Non se atoparon diferenzas significativas entre ambos grupos: as profesoras-investigadoras situáronse nunha media de 2,89 e os profesores-investigadores unha media de 2,90. En ambos casos ningún considera que a formación ata agora impartida sobre a temática do acoso sexual e por razón de sexo sexa suficiente.

Táboa 13. Diferenzas de medias sobre si consideras a formación recibida adecuada


Consideras suficiente a formación recibida para identificar e previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo?	M (DT)		t-student
	Mulleres PDI	Homes PDI	
	2,89 (,64)	2,90 (,66)	-,033 (n.s.)

(n.s.)= non significativo

5.1.1.3.4. Valoración de medidas para abordar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

O colectivo do PDI considera que as medidas de información, formación, sensibilización, prevención, atención, sanción e reparación son bastante importantes para abordar o tema do acoso sexual e por razón de sexo na UVigo (véxase a táboa 14 e figura 36).

Figura 36. Valoración das medidas totais para abordar o acoso sexual e por razón de sexo



Tal e como se pode observar (véxase a táboa 14 e figura 36), son as docentes e investigadoras as que lles conceden unha maior importancia a todas as medidas para traballar o tema do acoso sexual e por razón de sexo que os seus compañeiros. Agás na medida de prevención que tanto eles como elas asumen medias similares, e no se detectaron diferenzas significativas.

Táboa 14. Valoración das medidas para abordar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo

MEDIDAS	M (DT)			t-student
	Total	Mulleres PDI	Homes PDI	
Información	4,69 (,65)	4,79 (,52)	4,60 (,75)	2,91**
Formación	4,54 (,80)	4,68 (,63)	4,40 (,92)	3,58***
Sensibilización	4,70 (,66)	4,83 (,49)	4,58 (,78)	3,76***
Prevención	4,73 (,63)	4,81 (,52)	4,65 (,70)	2,56*
Atención	4,78 (,56)	4,86 (,47)	4,70 (,63)	2,70**
Sanción	4,71 (,59)	4,82 (,50)	4,61 (,65)	3,58***
Reparación	4,75 (,59)	4,83 (,49)	4,68 (,67)	2,37*

Nota: *p<,05; **p<,01; ***p<,001

5.1.2. Análise de datos do PTXAS

5.1.2.1. Comportamentos de acoso sexual e de acoso por razón de sexo

5.1.2.1.1. Víctimas de acoso sexual

En canto á identificación das vítimas de acoso sexual no colectivo de PTXAS, encontramos que 13 recoñeceron sufrir situacións de acoso sexual nesta universidade (10 traballadoras do PTXAS e 3 traballadores do PTXAS) (véxase a táboa 15).

As traballadoras do PTXA sinalaron como presuntos agresores de acoso sexual a 3 persoas doutro colectivo vinculado coa UVigo, 3 compañeiros PTXAS, 2 compañeiras PTXAS, 1 profesor-investigador e 1 alumno. No caso dos traballadores PTXAS, identificaron como presuntas agresoras a 3 compañeiras PTXAS.

Táboa 15. Víctimas de acoso sexual


SUFRICHES ACOSO SEXUAL?	Total	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS
Si	5,7 % (n=13)	7,4 % (n=10)	3,8 % (n=3)
Non	94,3 % (n=214)	92,6 % (n=125)	96,2 % (n=76)
		Chi ² ₍₁₎ = ,463; p = ,496	
Por parte de quen?			
Alumno	0,5 % (n=1)	0,7 % (n=1)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = ,588; p = ,443	

Alumna	0 %	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
Profesor/Investigador	0,5 % (n=1)	0,7 % (n=1)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = ,588; p = ,443	
Profesora/Investigadora	0 %	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = ,588; p = ,443	
Traballador (PTXAS)	1,4 % (n=3)	2,2 % (n=3)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 1,78; p = ,182	
Traballadora (PTXAS)	2,3 % (n=5)	1,5 % (n=2)	3,8 % (n=3)
		Chi ² ₍₁₎ = 1,17; p = ,279	
Outros	1,4 % (n=3)	2,2 % (n=3)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₅₎ = 1,78; p = ,182	

Campus de adscrición

Se analizamos a identificación de vítimas de acoso sexual por campus, identificamos que a maioría das vítimas sitúanse no Campus de Vigo (n=8), seguidas polo Campus de Pontevedra (n=3), e o Campus de Ourense (n=2).

Figura 37. Vítimas de acoso sexual por campus



5.1.2.1.2. Vítimas de acoso por razón de sexo

En canto á identificación de vítimas do acoso por razón de sexo atopamos que 15 integrantes do PTXAS afirmaron ser vítimas de acoso por razón de sexo. 13 (8,1 %) vítimas son traballadoras do PTXAS, e 2 (2,5 %) son traballadores do PTXAS.


En relación á identificación das persoas agresoras, as traballadoras sinalaron como presuntos agresores a 7 compañeiros do PTXAS, 1 compañeira do PTXAS, 2 profesores-investigadores, a 2 alumnos, e 1 traballadora do PTXAS. Pola súa parte, soamente os traballadores PTXAS identificaron á persoa agresora do acoso en función do sexo como 2 traballadoras do PTXAS, (véxase a táboa 16).

Táboa 16. Víctimas de acoso sexual por razón de sexo

SUFRICHES ACOSO POR RAZÓN DE SEXO?	Total	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS
Si	15 6,1 %	13 8,1 %	2 2,5 %
Non	201 93,9 %	124 91,9 %	77 97,5 %
		Chi ² ₍₁₎ = 2,755; p = ,097	
Por parte de quen?			
Alumno	0,9 % (n=2)	1,5 % (n=2)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 1,818; p = ,277	
Alumna	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
Profesor/Investigador	0,9 % (n=2)	1,5 % (n=2)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 1,818; p = ,277	
Profesora/Investigadora	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
Traballador (PTXAS)	3,3 % (n=7)	5,2 % (n=7)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = 4,235; p = ,040	
Traballadora (PTXAS)	1,4 % (n=3)	0,7 % (n=1)	2,5 % (n=2)
		Chi ² ₍₁₎ = 1,156; p = ,282	
Outros	0,5 % (n=1)	0,7 % (n=1)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = ,588; p = ,443	

Se analizamos a identificación de vítimas por acoso por razón de sexo en función do campus (véxase a figura 38), identificamos que a maioría das vítimas sitúanse no de Vigo (n=11), seguidas polo de Pontevedra (n=4). No Campus de Ourense no se identificou ningunha vítima.

Figura 38. Víctimas de acoso por razón de sexo por campus



5.1.2.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

O cuestionario de experiencias sexuais (SEQ) permitiunos avaliar a frecuencia de situacións de índole sexual (non desexadas e ofensivas), ás que as persoas estiveron expostas na universidade. Estas situacións organízanse en tres subescalas: acoso de xénero, atención sexual non desexada e coacción sexual.

Acoso de xénero

En relación coas medias acadadas polo colectivo do PTXAS na situación de acoso de xénero obtéñense as máis altas das subescalas do SEQ, sendo as súas diferenzas significativa ($F=719,1$; $p<,001$).

Se calculamos na subescala de acoso de xénero as diferenzas en función do sexo, a pesar de que as traballoras do PTXAS teñen maior media (1,32) fronte a os seus compañeiros do PTXAS (1,24), non atopamos diferenzas significativas entre o colectivo de PTXAS (véxase a táboa 17).

Para afondar nas situacións de acoso de xénero vividas polo colectivo PTXAS en función do sexo, analízanse as diferenzas de medias de cada un dos enunciados desta subescala (véxase a táboa 17). Detéctanse diferenzas significativas entre o colectivo do PTXAS, sendo as traballadoras as que máis sentiron «menosprezo» ou actitudes paternalistas ($t=4,00$; $p<,001$) por parte doutra persoa da comunidade universitaria, tratáronas de forma diferente polo feito de ser muller ($t=3,21$; $p<,01$) ao comparalas cos seus compañeiros do PTXAS.

Táboa 17. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS		
ACOSO DE XÉNERO	1,32 (,45)	1,24 (,44)	1,20	,232
Adoitaba contar historias con contido sexual ou chistes ofensivos?	1,64 (,92)	1,82 (1,06)	-1,22	,225
Intentou, sen que ti quixeses, falar de temas persoais ou sexuais (p. ex., intentou falar ou facer comentarios sobre a túa vida sexual)?	1,09 (,39)	1,17 (,57)	-1,01	,315
Fíxoche comentarios groseiros e ofensivos, ben en público (p. ex., no traballo, no despacho, no laboratorio etc.), ben en privado?	1,14 (,50)	1,17 (,62)	-,34	,732
Tratoute de forma «diferente» debido ao teu xénero (p. ex., maltratoute, deprecioute ou ignoroute)?	1,47 (,96)	1,12 (,61)	3,22	,002
Mostrou, utilizou ou distribuíu material con contido sexual ou sexista (p. ex., fotos, historias ou pornografía)?	1,09 (,48)	1,12 (,46)	-,35	,727

Fixo comentarios sexistas con frecuencia (p. ex., suxerindo que as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas ou que os homes non deben ser o cuidador principal dos nenos/as por non ter vocación de cuidador?)	1,34 (,74)	1,22 (,69)	1,12	,263
«Menosprezoute» ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero?	1,43 (,89)	1,07 (,41)	4,00	,001

A continuación presentamos unha análise máis detallada das situacións de acoso por xénero que experimenta o colectivo o PTXAS na UVigo (véxase a táboa 18). A análise das situacións de acoso de xénero vividas polo colectivo PTXAS na UVigo revela diferenzas significativas en función do sexo. A maior parte das situacións descritas son experimentadas con máis frecuencia polas mulleres, aínda que non todas as diferenzas son estatisticamente significativas.

Táboa 18. Frecuencias de situacións de acoso de xénero na universidade en función ao sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
	Muller PTXAS	Home PTXAS	Muller PTXAS	Home PTXAS
ACOSO DE XÉNERO				
Adoitaba contar historias con contido sexual ou chistes ofensivos?	64,1 %	59,7 %	35,9 %	40,3 %
	Chi ² ₍₄₎ = 5,694; p = ,223			
Intentou, sen que ti quixeses, falar de temas persoais ou sexuais (p. ex., intentou falar ou facer comentarios sobre a túa vida sexual)?	93,7 %	90,9 %	6,3 %	9,1 %
	Chi ² ₍₄₎ = 2,251; p = ,522			
Fíxoche comentarios groseiros e ofensivos, ben en público (p. ex., no traballo, no despacho, no laboratorio etc.), ben en privado?	91,3 %	92,2 %	8,7 %	7,8 %
	Chi ² ₍₄₎ = 2,207; p = ,531			
Tratoute de forma «diferente» debido ao teu xénero (p. ex., maltratoute, deprecioute ou ignoroute)?	77,2 %	96,1 %	22,8 %	3,9 %
	Chi ² ₍₄₎ = 13,974; p = ,007			
Mostrou, utilizou ou distribuíu material con contido sexual ou sexista (p. ex., fotos, historias ou pornografía)?	95,3 %	93,4 %	4,7 %	6,6 %
	Chi ² ₍₄₎ = 1,798; p = ,615			
Fixo comentarios sexistas con frecuencia (p. ex., suxerindo que as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas ou que os homes non deben ser o cuidador principal dos nenos/as por non ter vocación de cuidador?)	79,5 %	88,2 %	20,5 %	11,8 %
	Chi ² ₍₄₎ = 3,098; p = ,377			
«Menosprezoute» ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero?	77,2 %	97,4 %	22,8 %	2,6 %
	Chi ² ₍₄₎ = 16,122; p = ,003			

En relación co feito de que «alguén adoite contar historias con contido sexual ou chistes ofensivo», aproximadamente o 35,9 % das traballadoras do PTXAS e o 40,3 % dos traballadores afirman ter vivido esta situación polo menos unha vez. Aínda que a porcentaxe é lixeiramente superior entre os traballadores, a diferenza non resulta estatisticamente significativa, o que suxire que este tipo de conduta está presente de forma transversal.

Cando se pregunta «se alguén intentou, sen que se quixese, falar de temas persoais ou sexuais como por exemplo, facer comentarios sobre a vida sexual», a incidencia é baixa en ambos grupos. Soamente o 6,3 % das traballadoras e o 9,1 % dos traballadores indican ter experimentado esta situación, sen diferenzas significativas.

«Os comentarios groseiros e ofensivos, tanto en contextos públicos como privados», foron experimentados por unha porcentaxe similar de traballadoras (8,7 %) e traballadores (7,8 %), sen que se detecten diferenzas relevantes entre sexos.

Cando se analiza a situación de «tratoute de forma “diferente” debido ao xénero como por exemplo, mediante maltrato, desprezo ou ignorancia», obsérvase unha clara desigualdade (véxase a figura 39). Xa que o 22,8 % das traballadoras afirman ter vivido esta situación, fronte a só o 3,9 % dos traballadores. Esta diferenza é estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 13,974$; $p = ,007$), o que evidencia unha maior vulnerabilidade das traballadoras a este tipo de discriminación.

«A exposición a material con contido sexual ou sexista como por exemplo fotos, historias ou pornografía» é pouco frecuente, con porcentaxes moi baixas tanto entre traballadoras (4,7 %) como entre traballadores (6,6 %), e sen diferenzas significativas.

No caso de «comentarios sexistas frecuentes como por exemplo, suxerindo que as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas ou que os homes non deberían ser coidadores principais», o 20,5 % das traballadoras afirman ter escoitado este tipo de afirmacións, fronte ao 11,8 % dos traballadores. Aínda que a diferenza non é estatisticamente significativa, si reflicte unha maior exposición das traballadoras a estereotipos de xénero.

Finalmente, destaca a situación na que se «manifesta unha actitude paternalista ou de menosprezo debido ao xénero» na que o 22,8 % das traballadoras sinalan ter vivido esta conduta, fronte a só o 2,6 % dos traballadores (véxase a figura 40). Esta diferenza é significativa e pon de manifesto unha das formas máis persistentes de desigualdade no ámbito universitario ($\text{Chi}^2_{(4)} = 16,122$; $p = ,003$).

Figura 39. Frecuencia de «Tratoute de forma “diferente” debido ao teu xénero»





Figura 40. Frecuencia de «"Menosprezoute" ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero»



Atención sexual non desexada

En relación ás medias acadadas polo PTXAS ao analizar as situacións de atención sexual non desexada na universidade (subescala do SEQ), atopamos que tanto as traballadoras como os traballadores do PTXAS obteñen medias baixas similares, non sendo as diferenzas significativas ($t=,951$; $p=,343$), (véxase a táboa 19).

Se analizamos as diferenzas de medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta subescala, atopamos que elas obteñen maiores puntuacións nas medias que os seus compañeiros pero esas diferenzas acadadas non son significativas.

Táboa 19. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,08 (,32)	1,04 (,23)	,951	,343
Prestouche unha atención sexual non desexada?	1,17 (,56)	1,07 (,41)	1,453	,148

Intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa?	1,06 (,39)	1,03 (,23)	,741	,460
Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que «non»?	1,04 (,19)	1,01 (,11)	1,205	,230
Tocouche (p. ex., púxoche a man encima do teu brazo descuberto, abrazoute polo ombreiro etc.) dunha forma que te incomodou?	1,06 (,39)	1,05 (,28)	,201	,841
Intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada (p. ex., acariciándoches a perna ou o pescozo etc.)?	1,07 (,40)	1,04 (,25)	,611	,542

Se analizamos a frecuencia en función do sexo das veces que o PTXAS se atopou na UVigo con situacións de atención sexual non desexada, atopamos na análise destas situacións experimentadas polo colectivo PTXAS na UVigo que, aínda que a incidencia destas condutas é relativamente baixa, existen diferenzas entre traballadoras e traballadores que cómpre considerar (véxase a táboa 20).

Táboa 20. Frecuencias de situacións de atención sexual non desexada na universidade en función ao sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
	Muller PTXAS	Home PTXAS	Muller PTXAS	Home PTXAS
Prestouche unha atención sexual non desexada?	89,0 %	97,4 %	11,0 %	2,6 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 7,103; p = ,131$			
Intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa?	96,1 %	98,7 %	3,9 %	1,3 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 4,697; p = ,195$			
Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que «non»?	96,1 %	98,7 %	3,9 %	1,3 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 1,139; p = ,286$			
Tocouche (p. ex., púxoche a man encima do teu brazo descuberto, abrazoute polo ombreiro etc.) dunha forma que te incomodou?	96,1 %	96,1 %	3,9 %	3,9 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,313; p = ,510$			
Intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada (p. ex., acariciándoches a perna ou o pescozo etc.)?	95,3 %	97,4 %	4,7 %	2,6 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 3,396; p = ,334$			

Cando se pregunta «se alguén prestou atención sexual non desexada» (véxase a figura 41), o 11,0 % das traballadoras do PTXAS afirman ter vivido esta situación, fronte ao 2,6 % dos traballadores. Aínda que a diferenza é notable en termos porcentuais, non resulta estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 7,103; p = 0,131$).


En relación co feito de que «algunha persoa intentase establecer unha relación sentimental a pesar dos esforzos por disuadila», o 3,9 % das traballadoras e o 1,3 % dos traballadores indican ter experimentado esta situación. A diferenza entre grupos non é significativa, aínda que reflicte unha maior presión sobre as traballadoras.

De xeito similar, o 3,9 % das traballadoras e o 1,3 % dos traballadores sinalan que «alguén se empeñou en pedir citas, tomar algo ou cear, mesmo despois de expresar claramente a súa negativa». Esta conduta tampouco presenta diferenzas estatisticamente significativas.

No caso de que «alguén tocase dunha forma incómoda, como poñer a man sobre o brazo ou abrazar polo ombreiro», o 3,9 % das traballadoras e a mesma porcentaxe de traballadores afirman ter vivido esta situación. Neste caso non se dá unha significación estatística.

Finalmente, o 4,7 % das traballadoras e o 2,6 % dos traballadores sinalan que «alguén intentou acariciar ou tocar de forma non desexada, por exemplo, na perna ou no pescozo». Tampouco as diferenzas son estatisticamente significativas.

Figura 41. Frecuencia de «Prestouche unha atención sexual non desexada»



Coacción sexual

En relación ás medias acadadas polo colectivo PTXAS na situación de coacción sexual (subescala do SEQ) non encontramos diferenzas significativas en función do sexo, nin tampouco analizando as diferenzas para cada enunciado (véxase a táboa 21).

Se analizamos as diferenzas de medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta subescala, tampouco se detectan diferenzas significativa nas situacións analizadas, obtendo tanto as traballadoras como os traballadores do PTXAS medias baixas e similares.

Táboa 21. Diferenzas de media de coacción sexual (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS		
COACCIÓN SEXUAL	1,02 (,15)	1,00 (,03)	1,16	,247
Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais?	1,02 (,12)	1,00 (,00)	1,42	,158
Fíxoche sentir ameazado/a de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente (p. ex., referíndose a unha avaliación ou a un exame inminente, etc.)?	1,04 (,29)	1,00 (,00)	1,51	,132
Intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicaras, choraras ou loitaras fisicamente?	1,01 (,09)	1,00 (,00)	,77	,441
Insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente?	1,00 (,00)	1,03 (,23)	-1,00	,321
Obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases?	1,00 (,00)	1,00 (,00)		
Fíxoche crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente?	1,03 (,36)	1,00 (,00)	,78	,439
Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais?	1,05 (,40)	1,00 (,00)	1,35	,181

Ao analizar a frecuencia das situacións de coacción sexual en función do sexo do colectivo PTXAS na UVigo atopamos de forma xeral que se obteñen porcentaxes moi baixos en relación a sufrir este tipo de comportamentos, e as diferenzas en todos os enunciados non son significativos (véxase a táboa 22).

Táboa 22. Frecuencias de situacións de coacción sexual en función do sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
	Muller PTXAS	Home PTXAS	Muller PTXAS	Home PTXAS
Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais?	98,4 %	100,0 %	1,6 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 1,209; p = ,272$			
Fíxoche sentir ameazado/a de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente (p. ex., referíndose a unha avaliación ou a un exame inminente etc.)?	97,6 %	100,0 %	2,4 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 1,822; p = ,402$			

Intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicaras, choraras ou loitaras fisicamente?	99,2 %	100,0 %	0,8 %	0,0 %
	Chi ² ₍₄₎ = ,601; p = ,438			
Insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente?	100,0 %	98,7 %	0,0 %	1,3 %
	Chi ² ₍₄₎ = 1,679; p = ,195			
Obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases?	100,0 %	100,0 %	0,0 %	0,0 %
	Chi ² ₍₄₎ = ; p =			
Fíxoche crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente?	99,2 %	100,0 %	0,8 %	0,0 %
	Chi ² ₍₄₎ = ,606; p = ,436			
Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais?	98,4 %	100,0 %	1,6 %	0,0 %
	Chi ² ₍₄₎ = 1,218; p = ,544			

En relación co feito de que «alguén fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais», soamente as traballadoras do PTXAS (un 1,6 %) afirman ter vivido esta situación.

No caso de que «alguén fíxoche sentir ameaza de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente», novamente, un 2,4 % das traballadoras indica ter experimentado esta situación.

Respecto a situacións nas que «alguén intentou manter relacións sexuais non desexadas, provocando reaccións como suplicar, chorar ou loitar fisicamente», só o 0,8 % das traballadoras sinala ter vivido esta situación.

Cando á situación de «se alguén insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas se cooperabas sexualmente», cabe destacar que un 1,3 % dos traballadores afirma ter vivido esta situación.

No enunciado de «se alguén te obrigou a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo», ningún integrante do colectivo PTXAS indica ter vivido esta situación.

En canto á percepción de que «se sería tratado/a mal por non cooperar sexualmente», destaca que un 0,8 % das traballadoras afirma ter vivido esta situación nalgún momento. Finalmente, no caso de que «alguén tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais», o 1,6 % das traballadoras sinala ter experimentado esa conduta na UVigo (véxase a figura 42).

Figura 42. Frecuencia de «Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais»



5.1.2.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías

En relación ás medias acadadas polo PTXAS ao analizar as conductas de acoso sexual baseadas nas tecnoloxías na universidade atopamos que tanto as traballadoras PTXAS como os traballadores PTXAS obteñen baixas medias e as súas diferenzas non son significativas ($t=,434$; $p=,665$) (véxase a táboa 23).

Se analizamos as diferenzas de medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta escala, atopamos novamente que as diferenzas entre os traballadores e traballadoras PTXAS non son significativas (véxase a táboa 23).

Táboa 23. Diferenzas de medias de comportamentos de acoso sexual baseados nas tecnoloxías en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS		
CIBERACOSO SEXUAL	1,04 (,17)	1,03 (,17)	,434	,665
Fíxoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais (WhatsApp, redes sociais, correo-e, chats etc.)?	1,02 (,20)	1,05 (,32)	-,787	,432
Fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais? (p. ex., «como che queda esa camiseta», «tes un corpo sexy»).	1,07 (,42)	1,03 (,23)	,856	,393
Enviouche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima (p. ex., pene, peitos etc.)?	1,02 (,12)	1,00 (,00)	1,42	,158

Se analizamos a frecuencia das veces que o colectivo PTXAS se atopou nas situacións de conductas de acoso sexual baseadas nas tecnoloxías no seu traballo atopamos porcentaxes moi baixas e sen obter variabilidade de respostas significativas entre os traballadores e traballadoras do PTXAS (véxase a táboa 24).

Táboa 24. Frecuencias de situacións de coacción sexual en función do sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
CIBERACOSO SEXUAL	Muller PTXAS	Home PTXAS	Muller PTXAS	Home PTXAS
Fíxoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais (WhatsApp, redes sociais, correo-e, chats etc.)?	98,4 %	97,4 %	1,6 %	2,6 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 1,687; p = ,430$			
Fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais? (p. ex., «como che queda esa camiseta», «tes un corpo sexy»)	96,0 %	98,7 %	4,0 %	1,3 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,578; p = ,461$			
Enviouche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima (p. ex., pene, peitos etc.)?	98,4 %	100,0 %	1,6 %	0,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 1,218; p = ,270$			

En relación co feito de que «alguén fíxese comentarios non desexados de tipo sexual a través de medios dixitais, como WhatsApp, redes sociais, correo electrónico ou chats», o 1,6 % das traballadoras do PTXAS e o 2,6 % dos traballadores afirman ter vivido esta situación polo menos unha vez. A maioría indica non ter experimentado este tipo de conduta (98,4 % traballadoras e 97,4 % traballadores). A diferenza en función do sexo non é significativa (véxase a táboa 24; figura 43).

Figura 43. Frecuencia de «Fíxoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais»



Cando se pregunta «se alguén fíxo comentarios sexistas sobre o corpo ou a aparencia física a través de medios dixitais, como por exemplo “como che queda esa camiseta” ou “tes un corpo sexy”», o 4,0 % das traballadoras e o 1,3 % dos traballadores sinalan ter recibido este tipo de mensaxes. Aínda que a porcentaxe é algo superior entre traballadoras, a diferenza non é estatisticamente significativa (véxase a táboa 24).

Finalmente, na situación de que «alguén enviase unha foto explícita non desexada dunha parte íntima, como pene ou peitos», o 1,6 % das traballadoras afirma ter experimentado esta situación (véxase a táboa 24).

5.1.2.2. Coñecemento de situacións de acoso sexual e por razón de sexo

Este segundo bloque recolle o coñecemento que ten o colectivo do PTXAS sobre situacións de acoso sexual e por razón de sexo na UVigo. Inclúe información sobre persoas vítimas e presuntas agresoras identificadas dentro da comunidade universitaria, así como o número de casos coñecidos.

5.1.2.2.1. Coñecemento de situacións de acoso sexual

Preguntouse ao colectivo PTXAS se coñecían algún caso de acoso sexual ocorrido na Universidade de Vigo e 30 persoas identificaron coñecer casos. 21 traballadoras PTXAS son coñecedoras de situacións de acoso sexual sufridas por outras persoas no contexto universitario (un 15,6 %) e 9 traballadores PTXAS (un 11,4 %) afirmaron coñecer casos de acoso sexual na UVigo (véxase a táboa 25).


Táboa 25. Coñecemento de casos de acoso sexual

Coñeces alguén que sufrira acoso sexual na UVigo	Total	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS
Si	14 % (n=30)	15,6 % (n=21)	11,4 % (n=9)
Non	86 % (n=184)	84,4 % (n=114)	88,6 % (n=70)
		Chi ² ₍₁₎ = ,717; p = ,397	

Coñecemento da persoa vítima

O persoal de PTXAS sinala ter coñecemento dun total de casos de 37 vítimas que sufriron acoso sexual na UVigo (véxase a figura 44). Se analizamos as 37 vítimas por colectivos ao que pertencen, podemos salienta que o colectivo máis aludido como vítima de acoso sexual é o das alumnas, con 16 casos coñecidos, seguido polas traballadoras do PTXAS, con 11 casos. En terceiro lugar sitúanse os alumnos, con 6 casos. Pola súa banda, as categorías de profesora, profesor, traballador do PTXAS e outro rexistran cada unha 1 caso coñecido. Esta distribución evidencia que a percepción do acoso sexual na Universidade de Vigo se concentra maioritariamente nas mulleres, especialmente nas estudantes e nas profesionais do propio colectivo PTXAS.

Figura 44. Casos coñecidos de vítimas de acoso sexual




Coñecemento da persoa agresora

O colectivo de PTXAS sinala ter coñecemento de 36 persoas que son presuntos agresores de acoso sexual na UVigo (véxase a figura 45). Estes casos non corresponden a vivencias propias, senón a situacións nas que os membros do colectivo PTXAS afirman ter coñecemento de quen foi o presunto agresor dentro da comunidade universitaria.

Segundo o colectivo PTXAS, os profesores-investigadores constitúen o grupo máis identificado como presuntos agresores de acoso sexual, con 12 casos coñecidos. Séguenlles os traballadores do PTXAS, con 10 casos, e os alumnos, con 9 casos. En menor medida, aparecen as alumnas, con 2 casos, mentres que nas categorías de profesora-investigadora, de traballadora do PTXAS e outro rexistran cada unha 1 caso coñecido (véxase a figura 45).

Figura 45. Casos coñecidos de agresoras de acoso sexual




Cantos casos coñeces de acoso sexual

O colectivo de PTXAS afirma coñecer 28 casos de situacións de acoso sexual sufridos por outros membros da comunidade universitaria. As traballadoras PTXAS mostran

unha maior presenza en todos os niveis de coñecemento de casos: 9 mulleres e 6 homes coñecen 1 caso; 7 mulleres e só 1 home coñecen 2 casos; 2 mulleres e 1 home coñecen 3 casos; só mulleres declaran coñecer 5 ou 15 casos (1 muller en cada caso), mentres que ningún home indica coñecer tantos casos. Tal e como pode observarse na figura 46, as traballadoras PTXAS informan de máis casos coñecidos que os seus compañeiros.

Figura 46. Casos de acoso sexual coñecidos na UVigo polo colectivo PTXAS



5.1.2.2.2. Coñecemento de situacións de acoso por razón de sexo

Preguntouse ao colectivo de PTXAS se coñecían algún caso de acoso por razón de sexo ocorrido na UVigo e un 12,1 % (n=26) contestaron afirmativamente. 18 traballadoras PTXAS (un 13,3 %) e 8 traballadores PTXAS (un 10,1 %) afirmaron coñecer casos de acoso por razón de sexo na UVigo ($\text{Chi}^2_{(1)} = ,480$; $p = ,48$).


Táboa 26. Coñecemento de casos de acoso sexual

Coñeces alguén que sufrira acoso por razón de sexo na UVigo	Total	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS
Si	12,1 % (n=26)	13,3 % (n=18)	10,1 % (n=8)
Non	87,9 % (n=188)	86,7 % (n=117)	89,9 % (n=71)
		$\text{Chi}^2_{(1)} = ,480$; $p = ,48$	

Coñecemento da persoa vítima

O colectivo de PTXAS sinala ter coñecemento dun total de casos de 34 vítimas que sufriron acoso por razón de sexo na UVigo (véxase a figura 47). Se analizamos a que colectivo pertencen as vítimas, o colectivo máis sinalado é o das alumnas, con 16 casos coñecidos, seguido polas traballadoras do PTXAS, con 11 casos. En terceiro lugar sitúanse os alumnos, con 6 casos. En canto ás categorías de profesora-investigadora, profesor-investigador, traballador do PTXAS e outros colectivos, rexistran cada unha 1 caso coñecido. Esta distribución pon de manifesto que, segundo a percepción do colectivo, o acoso sexual afecta maioritariamente ás mulleres, especialmente ás estudantes e ás profesionais do propio ámbito universitario.

Figura 47. Casos coñecidos de vítimas de acoso por razón de sexo




Coñecemento da persoa agresora

O colectivo de PTXAS sinala ter coñecemento de 37 persoas identificadas como presuntas agresoras de acoso por razón de sexo na UVigo (véxase a figura 48).

O persoal de PTXAS identifica como o grupo máis frecuente de presuntos agresores de acoso por razón de sexo, a traballadores do PTXAS, con 15 casos coñecidos, seguido polos profesores-investigadores, con 12 casos. A continuación, sinalan coñecer 3 casos de alumnos e, nas categorías de alumna, profesora-investigadora e traballadora do PTXAS, sinalan cada unha con 2 casos. Finalmente, na categoría doutro colectivo refiren coñecer 1 caso (véxase figura 49).

Figura 49. Casos coñecidos de agresores de acoso por razón de sexo




Cantos casos coñeces de acoso por razón de sexo

O colectivo de PTXAS coñece ata 26 casos de acoso por razón de sexo que afectaron a outras persoas da comunidade universitaria (véxase a figura 50).

As traballadoras PTXAS son coñecedoras de 18 casos de situacións de acoso por razón de sexo sufridas por outras persoas da comunidade universitaria. En canto aos traballadores PTXAS, teñen coñecemento de 8 casos de situacións de acoso sexual sufridas por outras persoas da comunidade universitaria.

As mulleres PTXAS teñen un maior coñecemento de casos de acoso por razón de sexo: 8 mulleres coñecen 1 caso, fronte a 4 homes; 3 mulleres coñecen 2 casos, fronte a 2 homes. A medida que aumenta o número de casos coñecidos (3, 5, 7, 10), a presenza masculina diminúe ata desaparecer completamente nos valores máis altos. Só mulleres declaran coñecer 7 e 10 casos (véxase a figura 50).

Figura 50. Casos de acoso por razón de sexo coñecidos na UVigo polo colectivo PTXAS




5.1.2.3. Coñecemento, percepción e formación sobre o Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da UVigo

Este terceiro bloque aborda o grao de coñecemento e percepción que ten o colectivo do PTXAS sobre o *Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo na UVigo*. Inclúe a valoración da súa efectividade, a participación en accións formativas organizadas pola Unidade de Igualdade e a suficiencia da formación recibida para identificar e previr estas situacións. Ademais, recolle a opinión sobre as medidas que deberían implementarse para abordar o acoso sexual o por razón de sexo na UVigo.

5.1.2.3.1. Coñecemento da existencia do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

Un 63,1 % das traballadoras do colectivo PTXAS (n=78) afirmaron coñecer a existencia do protocolo fronte a un 66,7 % de traballadores PTXAS (n=48) que afirmaron tamén coñecelo.


Figura 51. Coñecemento do protocolo da UVigo



Como coñeceron a existencia do protocolo da Uvigo

Tal e como pode observarse na figura 52 a opción máis frecuente entre as traballadoras PTXAS é a web da Unidade de Igualdade (50 %), seguida polos folletos ou outros recursos informáticos (28,7 %). No caso dos traballadores PTXAS, destaca a opción da web (34 %) e dos folletos (31,9 %). Non se detectaron diferenzas significativas entre o colectivo PTXAS ($\chi^2_{(3)} = 4,01; p = ,261$).

Figura 52. Coñecen o protocolo segundo a vía e por sexo




5.1.2.3.2. Percepción sobre a efectividade do Protocolo fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

Neste apartado se analiza como as traballadoras e traballadores PTXAS perciben a efectividade do protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da UVigo.

A maioría de traballadoras e traballadores PTXAS considera que o protocolo é efectivo, cun 63,6 %. Non se observan grandes diferenzas entre sexos: o 63,3 % das mulleres e o 64,1 % dos homes consideran o protocolo efectivo, mentres que o 9,2 % das mulleres e o 12,5 % dos homes o consideran moi efectivo. As valoracións menos positivas («nada efectivo» ou «pouco efectivo») son lixeiramente máis frecuentes entre as mulleres, pero a diferenza non é significativa ($\text{Chi}^2_{(3)} = 4,43$; $p = ,218$). Polo tanto, a percepción global da efectividade do protocolo é maioritariamente positiva e bastante semellante entre mulleres e homes do colectivo PTXAS, aínda que as mulleres amosan unha lixeira tendencia a valorar algo peor a súa efectividade.


Figura 53. Percepción da efectividade do protocolo segundo o sexo no colectivo de PTXAS



5.1.2.3.3. Participación en accións formativas sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo organizadas pola Unidade de Igualdade

A maioría tanto de traballadoras como de traballadores do colectivo PTXAS non participou en actividades de formación (57,7 % das mulleres e 71,8 % dos homes), sendo esta opción máis frecuente entre os homes. Un 6,5 % das mulleres e un 7 % dos homes participaron varias veces, mentres que un 11,4 % das mulleres e un 14,1 % dos homes participaron unha vez. Destaca que un 22 % das traballadoras do PTXAS manifesta que non participou pero lle gustaría facelo, fronte a só un 5,6 % dos seus compañeiros, o que indica un maior interese potencial pola formación entre as traballadoras do PTXAS ($\text{Chi}^2_{(4)} = 18,09$; $p = ,001$)

Figura 54. Participación en actividades formativas en función do sexo



A formación recibida é suficiente para identificar e previr o acoso sexual e o acoso por razón do sexo

De forma xeral, o colectivo PTXAS considera que a formación é suficiente para ser capaces de identificar situacións de acoso sexual e o acoso por razón de sexo na UVigo, así como para tamén previlo. A pesar de que non se atoparon diferenzas significativas entre ambos, as traballadoras PTXAS situáronse nunha media de 2,80 e os traballadores PTXAS unha media de 3,15 ($t=-1,71$; $p=,09$).

Táboa 27. Diferenzas de medias sobre si consideras a formación recibida adecuada


Consideras suficiente a formación recibida para identificar e previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo?	M (DT)		t-student
	Mulleres PTXAS N= 30	Homes PTXAS N= 20	
	2,80 (,76)	3,15 (,67)	-1,71 (n.s.)

(n.s.)= non significativo

5.1.2.3.4. Valoración de medidas para abordar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

O colectivo PTXAS considera que as medidas de información, formación, sensibilización, prevención, atención, sanción e reparación son bastante importantes para abordar o tema do acoso sexual e por razón de sexo na UVigo (véxase a táboa 28 e figura 55). Destacan especialmente as medidas de información, prevención, atención e reparación, todas cunha media de 4,77 ou superior, o que reflicte unha percepción moi positiva da súa relevancia. Tamén a sensibilización, a formación e a sanción acadan valores moi altos, arredor de 4,6 e 4,7.

Figura 55. Valoración das medidas totais para abordar o acoso sexual e por razón de sexo



As medias das valoracións das distintas medidas para abordar o acoso sexual e por razón de sexo na universidade son moi elevadas tanto entre traballadoras como entre traballadores do colectivo PTXAS, situándose todas entre 4,6 e 4,8 nunha escala de 1 a 5. As diferenzas entre sexos son mínimas e non resultan estatisticamente significativas en ningunha das medidas. Isto indica que existe un consenso xeneralizado, independentemente do sexo, sobre a gran importancia de accións como a información, formación, sensibilización, prevención, atención, sanción e reparación para combater o acoso no ámbito universitario.

Táboa 28. Valoración das medidas para abordar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo

Valoración das medidas para abordar o acoso sexual e o acoso por razón de sexo	M (DT)			t-student	p
	Total	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS		
Información	4,78 (,55)	4,80 (,60)	4,75 (,47)	,65	,518
Formación	4,62 (,64)	4,63 (,68)	4,61 (,57)	,22	,824
Sensibilización	4,75 (,61)	4,78 (,58)	4,70 (,66)	,81	,421
Prevención	4,77 (,58)	4,80 (,60)	4,73 (,56)	,75	,454
Atención	4,78 (,55)	4,80 (,57)	4,75 (,53)	,62	,536
Sanción	4,71 (,61)	4,76 (,64)	4,61 (,55)	1,82	,070
Reparación	4,78 (,57)	4,80 (,61)	4,75 (,50)	,72	,471

p>,05 (n.s.) (no significativas)

5.1.3. Análise de datos do estudantado

5.1.3.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo

5.1.3.1.1. Víctimas de acoso sexual

En relación á identificación das vítimas de acoso sexual no estudantado, encontramos que 33 recoñeceron sufrir situacións de acoso sexual nesta universidade (31 alumnas e 2 alumnos) (véxase a táboa 29).

As alumnas sinalaron como presuntos agresores de acoso sexual a 19 alumnos, 10 alumnas, 9 profesores-investigadores, 1 profesora-investigadora e 5 persoas pertencentes a outro colectivo. No caso dos alumnos, 8 sinalaron como agresores a outros alumnos, 2 a alumnas, 2 a profesores-investigadores, 1 a unha profesora-investigadora, 1 a un traballador do PTXAS, 1 a unha traballadora do PTXAS e 3 sinalaron a persoas pertencentes a outro colectivo. Cabe sinalar que varias vítimas sinalaron como agresores a máis dun perfil.

Táboa 29. Víctimas de acoso sexual


SUFRICHES ACOSO SEXUAL?	Total	Alumnas	Alumnos
Si	2,5 % (n=33)	3,2 % (n=31)	0,5 % (n=2)
Non	97,5 % (n=1309)	96,8 % (n=926)	99,5 % (n=383)
		Chi ² ₍₁₎ = 8,47; p = ,004	
Por parte de quen?			
Alumno	2,0 % (n=27)	0,7 % (n=1)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = ,013; p = ,908	
Alumna	0,9 % (n=12)	1,0 % (n=10)	0,5 % (n=2)
		Chi ² ₍₁₎ = ,849; p = ,357	
Profesor/Investigador	0,8 % (n=11)	0,9 % (n=9)	0,1 % (n=2)
		Chi ² ₍₁₎ = ,593; p = ,441	
Profesora/Investigadora	0,1 % (n=2)	0,1 % (n=1)	0,3 % (n=1)
		Chi ² ₍₁₎ = ,447; p = ,504	
Traballador (PTXAS)	0,1 % (n=1)	0,0 % (n=0)	0,3 % (n=1)
		Chi ² ₍₁₎ = 2,494; p = ,114	
Traballadora (PTXAS)	0,1 % (n=1)	0,0 % (n=0)	0,3 % (n=1)
		Chi ² ₍₅₎ = 2,494; p = ,114	
Outros	0,6 % (n=8)	0,5 % (n=5)	0,8 % (n=3)
		Chi ² ₍₅₎ = ,309; p = ,578	

Para afondar na comprensión do fenómeno da autoidentificación como vítima de acoso sexual no estudiantado, analizáronse as variables relativas á distribución do estudiantado por curso académico, ao campus de adscrición e ao ámbito científico-académico (véxanse as figuras 56, 57 e 58).

Nivel académico

En relación co nivel académico, obsérvase que a maior parte das persoas que se autoidentifican como vítimas cursan un grao ou dobre grao ($n=28$). En segundo lugar sitúanse os que cursan un mestrado ($n=4$) e por último os que cursan un programa de doutoramento ($n=1$) (véxase a figura 56).


Figura 56. Víctimas de acoso sexual en función do nivel académico



Campus de adscrición

En relación ao campus ao que están adscrito podemos sinalar que 13 vítimas do estudiantado son do campus de Vigo ($n=13$), 14 do campus de Ourense ($n=14$) e 6 ao campus de Pontevedra ($n=6$) (véxase a figura 57).


Figura 57. Víctimas de acoso sexual en función do Campus



Ámbito científico-académico

En canto ao ámbito científico-académico, a maior parte das vítimas autoidentificadas pertencen ao ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas ($n=14$). Séguenlle os ámbitos de Ciencias ($n=7$), Artes e Humanidades ($n=7$), Ciencias da Saúde ($n=4$) e Enxeñaría e Arquitectura ($n=1$) (véxase a figura 58).

Figura 58. Víctimas de acoso sexual en función do ámbito científico/académico



5.1.3.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

En canto á identificación de vítimas do acoso por razón de sexo atopamos que no estudantado, 51 afirmaron ser vítimas de acoso por razón de sexo. 43 (4,5 %) vítimas son alumnas, e 8 (2,1 %) son alumnos.

En relación á identificación das persoas agresoras, as alumnas sinalaron como presuntos agresores a 18 profesores-investigadores, a 2 profesoras-investigadoras, 8 alumnos, 4 alumnas e 1 traballadora pertencente ao colectivo PTXAS. Pola súa parte, os alumnos sinalaron a 3 alumnos, 6 alumnas, 2 profesores-investigadores e a 1 profesora-investigadora. Sinalar que algunha das vítimas non identificou ao seu agresor/a (véxase a táboa 30).

Táboa 30. Víctimas de acoso por razón de sexo

SUFRICHES ACOSO POR RAZÓN DE SEXO?	Total	Alumnas	Alumnos
Si	3,8 % (n=51)	4,5 % (n=43)	2,1 % (n=8)
Non	96,2 % (n=1290)	95,5 % (n=914)	97,9 % (n=376)
		Chi ² ₍₁₎ = 4,350; p = ,037	
Por parte de quen?			
Alumno	0,8 % (n=11)	0,8 % (n=8)	0,8 % (n=3)
		Chi ² ₍₁₎ = ,010; p = ,920	
Alumna	0,7 % (n=10)	0,4 % (n=4)	1,6 % (n=6)
		Chi ² ₍₁₎ = 4,850; p = ,028	
Profesor/Investigador	1,5 % (n=20)	1,9 % (n=18)	0,5 % (n=2)
		Chi ² ₍₁₎ = 3,450; p = ,063	


Profesora/Investigadora	0,2 % (n=3)	0,2 % (n=2)	0,3 % (n=1)
		Chi ² ₍₁₎ = ,032; p = ,857	
Traballador (PTXAS)	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)	0,0 % (n=0)
Traballadora (PTXAS)	0,1 % (n=1)	0,1 % (n=1)	0,0 % (n=0)
		Chi ² ₍₁₎ = ,402; p = ,526	
Outros	0,1 % (n=2)	0,1 % (n=1)	0,3 % (n=1)
		Chi ² ₍₁₎ = ,447; p = ,504	

Facendo unha análise en profundidade da autoidentificación de vítimas de acoso por razón de sexo do estudantado, examinamos as variables por curso académico, campus de adscrición e ámbito científico-académico (véxanse as figuras 59, 60 e 61).

Nivel académico

O acoso por razón de sexo afecta maioritariamente ao estudantado que cursa un grao ou un dobre grao (n=49). En segundo lugar sitúanse os/as estudantes de mestrado (n=2). Pola súa parte, ningunha/ún estudante de doutoramento denuncia ter sufrido acoso por razón de sexo (véxase a figura 59).


Figura 59. Vítima de acoso por razón de sexo en función do nivel académico



Campus de adscrición

En relación ao campus ao que están adscritas podemos sinalar que a maioría das vítimas de acoso por razón de sexo do estudantado son do campus de Ourense (n=20), seguidas polo campus de Vigo (n=16) e o campus de Pontevedra (n=15) (véxase a figura 60)


Figura 60. Vítima de acoso por razón de sexo en función do Campus



Ámbito científico-académico

No que respecta ao científico-académico, o maior número de casos de acoso por razón de sexo sitúase no eido das Ciencias Sociais e Xurídicas (n=19), seguido por Artes e Humanidades (n=16), Ciencias da saúde (n=8) e Ciencias (n=4) e Enxeñaría e Arquitectura (n=4). (véxase a figura 61).

Figura 61. Vítima de acoso por razón de sexo en función do ámbito científico/académico



5.1.3.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

O cuestionario de experiencias sexuais (SEQ) permitiunos avaliar a frecuencia de situacións de índole sexual (non desexadas e ofensivas), ás que o estudantado estivo expostas na universidade. Estas situacións organízanse en tres subescalas: acoso de xénero, atención sexual non desexada e coacción sexual.

Acoso de xénero

En relación coas medias acadadas polo estudantado na situación de acoso de xénero obtéñense as máis altas das subescalas do SEQ. Isto representa que as situacións

de acoso de xénero son as máis sufridas na universidade por parte do estudantado ($t=1,66$; $p<,098$) (véxase a táboa 31).

Para afondar nas situacións de acoso de xénero vividas polo estudantado en función do sexo, analízanse as diferenzas de medias de cada un dos enunciados desta subescala (véxase a táboa 31). Detéctanse diferenzas significativas entre o estudantado, sendo as alumnas as que máis sentiron «menosprezo» ou actitudes paternalistas por parte doutra persoa da comunidade universitaria ($t=7,76$; $p<,001$, ás que lle fixeron comentarios sexistas ($t=2,40$; $p<,016$) e ás que trataron de forma diferente polo feito de ser muller ($t=3,47$; $p<,001$) ao comparalas cos seus compañeiros.

Táboa 31. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnas	Alumnos		
ACOSO DE XÉNERO	1,54 (,58)	1,49 (,54)	1,66	,098
Adoitaba contar historias con contido sexual ou chistes ofensivos?	2,22 (1,21)	2,38 (1,26)	-2,16	,031
Intentou, sen que ti quixeses, falar de temas persoais ou sexuais (p. ex. intentou falar ou facer comentarios sobre a túa vida sexual)?	1,35 (,75)	1,39 (,82)	-,904	,366
Fíxoche comentarios groseiros e ofensivos, ben en público (p. ex. na traballo, no despacho, no laboratorio etc.), ben en privado?	1,31 (,69)	1,37 (,79)	-1,379	,168
Tratoute de forma «diferente» debido ao teu xénero (p. ex. maltratoute, deprecioute ou ignoroute)?	1,36 (,77)	1,22 (,63)	3,47	,001
Mostrou, utilizou ou distribuíu material con contido sexual ou sexista (p. ex. fotos, historias ou pornografía)?	1,30 (,71)	1,24 (,62)	1,60	,110
Fixo comentarios sexistas con frecuencia?	1,85 (1,05)	1,70 (1,05)	2,40	,016
«Menosprezoute» ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero?	1,40 (,81)	1,11 (,53)	7,76	,001

A continuación presentamos unha análise máis detallada das situacións de acoso de xénero que experimenta o estudantado na UVigo (véxase a táboa 32). De forma xeral, os datos revelan que, aínda que algunhas formas de acoso de xénero afectan a ambos sexos, as alumnas están máis expostas a condutas discriminatorias e sexistas, especialmente aquelas relacionadas co trato diferencial, actitudes paternalistas e comentarios sexistas.

En relación a situación de «adoita contar historias ou chistes ofensivos con contido sexual» cabe destacar que aproximadamente o 60 % do estudantado (tanto alumnas como alumnos) afirma ter vivido esta situación unha vez ou máis. Non se observan diferenzas significativas entre sexos ($p=0,093$), polo que se pode concluír que é unha forma de acoso extendida.

En canto ao ítem de «comentarios ou conversacións non desexadas sobre temas sexuais ou persoais» podemos afirmar que esta situación foi menos frecuente, tanto para alumnas (78,8 %) como para alumnos (77,4 %). A diferenza non é estatisticamente significativa ($p=0,577$).

Sobre «os comentarios groseiros ou ofensivos en público ou privado» tampouco se observan diferenzas significativas ($p=0,461$) entre o estudantado. O 20,3 % das alumnas e o 22,1 % dos alumnos, afirman ter recibido comentarios de este tipo polo menos unha vez.

Atopamos no ítem «trato diferencial por razón de xénero» unha gran diferenza significativa, xa que o 21,8 % das alumnas sufriron este tipo de discriminación, fronte o 13,5 % dos alumnos. ($p<0,001$). Constitúe unha das formas de acoso máis marcadas pola discriminación en función do sexo (véxase a figura 62).

En canto a «mostrou, utilizou ou distribuíu material sexual ou sexista» podemos salienta que o 17,9 % das alumnas e o 15,3 % dos alumnos sufriron esta situación unha vez ou máis ($p=0,263$), o que amosa que estas situacións de violencia están extendidas entre as/os xóvenes.

Os «comentarios sexistas frecuentes», nos que se suxire que as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas ou que os homes non deben ser o coidador principal dos nenos/as por non ter vocación de coidador, mostran que o 46,7 % das alumnas, fronte ao 37,1 % dos alumnos recibiron este tipo de comentarios polo menos unha vez. A diferenza é estatisticamente significativa ($p=0,001$), o que indica que as xóvenes seguen estando expostas a estereotipos de xénero no ámbito universitario (véxase a figura 63).

Finalmente, en canto experimentar «menosprezo ou unha actitude paternalista por razón de xénero» no ámbito universitario, atopamos que esta situación presenta a diferenza máis significativa: o 24,1 % das alumnas fronte ó 5,5 % dos alumnos sufriron esta situación ($p<0,001$). Estes resultados evidencian unha forma de acoso sutil que infravalora principalmente ás alumnas (véxase a figura 64).

Táboa 32. Frecuencias de situacións de acoso de xénero na universidade en función ao sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
	Alumnas	Alumnos	Alumnas	Alumnos
ACOSO DE XÉNERO				
Adoitaba contar historias con contido sexual ou chistes ofensivos?	41,4 %	36,1 %	58,9 %	63,9 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 2,825; p = ,093$			
Intentou, sen que ti quixeses, falar de temas persoais ou sexuais (p. ex., intentou falar ou facer comentarios sobre a túa vida sexual)?	78,8 %	77,4 %	21,2 %	22,6 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = ,311; p = ,577$			
Fíxoche comentarios groseiros e ofensivos, ben en público (p. ex., na traballo, no despacho, no laboratorio etc.), ben en privado?	79,7 %	77,9 %	20,3 %	22,1 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = ,544; p = ,461$			

Tratoute de forma «diferente» debido ao teu xénero (p. ex., maltratoute, deprecioute ou ignoroute)?	78,2 %	86,5 %	21,8 %	13,5 %
	Chi ² ₍₄₎ = 12,168; p = <,001			
Mostrou, utilizou ou distribuíu material con contido sexual ou sexista (p. ex., fotos, historias ou pornografía)?	82,1 %	84,7 %	17,9 %	15,3 %
	Chi ² ₍₄₎ = 1,251; p = ,263			
Fixo comentarios sexistas con frecuencia (p. ex., suxerindo que as mulleres son demasiado emotivas para ser científicas ou que os homes non deben ser o coidador principal dos nenos/as por non ter vocación de coidador?)	53,3 %	62,9 %	46,7 %	37,1 %
	Chi ² ₍₄₎ = 10,197; p = ,001			
«Menosprezoute» ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero?	75,9 %	94,5 %	24,1 %	5,5 %
	Chi ² ₍₄₎ = 62,440; p = <,001			

Figura 62. Frecuencia de «Tratoute de forma “diferente” debido ao teu xénero»




Figura 63. Frecuencia de «Fixo comentarios sexistas con frecuencia»





Figura 64. Frecuencia de «Menosprezoute ou mostrou unha actitude paternalista debido ao teu xénero»



Atención sexual non desexada

En relación ás medias acadadas polo estudantado ao analizar as situacións de atención sexual non desexada na universidade (subescala do SEQ), atopamos que son as alumnas as que máis sofren esta situación ($t=4,35$; $p<,001$) (véxase táboa 33).

Táboa 33. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnas	Alumnos		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,22 (,46)	1,12 (,31)	4,35	,001
Prestouche unha atención non desexada?	1,12 (,33)	1,07 (,25)	3,18	,002
Intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa?	1,14 (,35)	1,09 (,29)	2,66	,008
Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que «non»?	1,15 (,35)	1,07 (,25)	4,39	,001
Tocouche (p. ex. púxoche a man encima do teu brazo descuberto, abrazoute polo ombreiro etc.) dunha forma que te incomodou?	1,20 (,39)	1,14 (,59)	1,90	,058
Intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada (p. ex. acariciándoches a perna ou o pescozo etc.)?	1,10 (,29)	1,08 (,27)	1,21	,225

Se analizamos as diferenzas de medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta subescala, atopamos que as maiores puntuacións son acadadas polas alumnas en situacións como prestouche unha atención non desexada ($t=3,18$; $p<,05$), intentou establecer unha relación sentimental contigo a pesar de ti querer disuadir a esa persoa ($t=2,66$; $p<,05$) ou empeñouse en pedirche citas a pesar de que lle dixeches que non ($t=4,39$; $p<,001$).

A continuación imos a analizar a frecuencia das veces nas que o estudiantado se atopou na universidade determinadas situación de atención sexual non desexada en función do sexo (ver táboa 34; figura 65 e 66).

Táboa 34. Frecuencias de situacións de atención sexual non desexada na universidade en función ao sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	Alumna	Alumno	Alumna	Alumno
Prestouche unha atención sexual non desexada?	88,0 %	93,2 %	12,0 %	6,8 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 8,089 ; p = ,004$			
Intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa?	85,7 %	90,6 %	14,3 %	9,4 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 6,027 ; p = ,014$			
Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que «non»?	85,4 %	93,0 %	14,6 %	7,0 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 14,616 ; p = <,001$			
Tocouche dunha forma que te incomodou?	80,3 %	88,8 %	19,7 %	10,9 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 17,394 ; p = <,001$			
Intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada?	90,2 %	92,2 %	9,8 %	7,8 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 1,349 ; p = ,245$			

En relación a situación de «Prestouche unha atención sexual non desexada» cómpre salientar que o 12,0 % das alumnas indicaron ter vivido esta experiencia, fronte ao 6,8 % dos alumnos, sendo a diferenza estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 8,089$; $p = ,004$).

No caso de «intentou establecer unha relación sentimental contigo, a pesar dos teus esforzos por disuadir esta persoa» observamos que o 14,3 % das alumnas e o 9,4 % dos alumnos afirmaron ter vivido esta situación. Atópanse para este caso diferenzas significativas ($\text{Chi}^2_{(4)} = 6,027$; $p = ,014$).

Outra das situacións que se analizan é «empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que non», destacamos que o 14,6 % das alumnas fronte ao 7,0 % dos alumnos indicaron ter experimentado esta situación. Atopamos diferenzas significativas en función de sexo ($\text{Chi}^2_{(4)} = 14,616$; $p = <,001$) (véxase a figura 65).

Tamén se observan diferenzas significativas en función do sexo en «tocouche dunha forma que te incomodou», ($\text{Chi}^2_{(4)} = 17,394$; $p = <,001$) onde o 19,7 % das alumnas e o 10,9 % dos alumnos afirmaron ter sufrido esta situación polo menos unha vez (véxase a figura 66).

Por último, na situación «intentou acariciarte ou tocarte de forma non desexada», non se observan diferenzas significativas ($\chi^2_{(4)} = 1,349$; $p = ,245$). O 9,8 % das alumnas e o 7,8 % dos alumnos afirmaron ter vivido esta situación unha vez ou máis.

Estes resultados demostran que as alumnas están máis expostas a situacións de atención sexual non desexada no contexto universitario, especialmente nas situacións nas que existen conductas insistentes a pesar das negativas e naquelas que abranguen interaccións físicas incómodas.

Figura 65. Frecuencia de «Empeñouse en pedirche citas, tomar algo, cear etc., aínda despois de que dixeses que «non»?» en función do sexo





Figura 66. Frecuencia de «Tocouche dunha forma que te incomodou» en función do sexo



Coacción sexual

En relación ás medias acadadas polo estudiantado na situación de coacción sexual (subescala do SEQ) observamos que son as alumnas as que máis situación de coacción sexual afrontan no ámbito universitario ($t = 2,95$; $p < ,05$) (véxase a táboa 35).

Se analizamos as diferenzas de medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta subescala, atopamos diferenzas significativas en tres enunciados, sendo as alumnas as que obteñen maior puntuación que os seus compañeiros en situacións como «fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio

ou trato especial para manter relacións sexuais» ($t=3,61$; $p<,001$), «fíxoche sentir ameazada de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente» ($t=3,19$ $p=,001$) ou «tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais» ($t=2,39$; $p<,05$)

Táboa 35. Diferenzas de media de coacción sexual (SEQ) en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnas	Alumnos		
COACCIÓN SEXUAL	1,05 (,21)	1,02 (,14)	2,95	,003
Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais?	1,05 (,23)	1,02 (,13)	3,61	<,001
Fíxoche sentir ameazado/a de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente (p. ex. referíndose a unha avaliación ou a un exame inminente etc.)?	1,04 (,21)	1,02 (,12)	3,19	,001
Intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicaras, choraras ou loitaras fisicamente?	1,03 (,16)	1,01 (,11)	1,69	,090
Insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente?	1,03 (,17)	1,02 (,12)	1,63	,103
Obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases?	1,01 (,09)	1,01 (,09)	,28	,777
Fíxoche crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente?	1,03 (,16)	1,01 (,11)	1,81	,070
Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais?	1,06 (,24)	1,03 (,18)	2,39	,017

A continuación, presentase a análise das situacións de coacción sexual vividas polo estudiantado. Descríbense os resultados obtidos, diferenciando entre quen nunca viviu estas situacións e quen as experimentou unha vez ou máis (véxase a táboa 36; a figura 67).

Táboa 36. Frecuencias de situacións de coacción sexual en función do sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
	Alumnas	Alumnos	Alumnas	Alumnos
COACCIÓN SEXUAL				
Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais?	94,6 %	98,2 %	5,4 %	1,8 %
$\text{Chi}^2_{(4)} = 8,538$; $p = ,003$				

Fíxoche sentir ameazado/a de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente (p. ex., referíndose a unha avaliación ou a un exame inminente etc.)?	95,5 %	98,4 %	4,5 %	1,6 %
	Chi ² ₍₄₎ = 6,736; p = ,009			
Intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicas, choraras ou loitaras fisicamente?	97,4 %	98,7 %	2,6 %	1,3 %
	Chi ² ₍₄₎ = 2,168; p = ,141			
Insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente?	97,1 %	98,4 %	2,9 %	1,6 %
	Chi ² ₍₄₎ = 2,061 ; p = ,151			
Obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases?	99,1 %	99,2 %	0,9 %	0,8 %
	Chi ² ₍₄₎ = ,081; p = ,777			
Fíxoche crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente?	97,3 %	98,7 %	2,7 %	1,3 %
	Chi ² ₍₄₎ = 2,447; p = ,118			
Tratoute mal por negarte a manter relacións sexuais?	93,7 %	96,6 %	6,3 %	3,4 %
	Chi ² ₍₄₎ = 4,467; p = ,035			

En relación coa situación «fixéronche sentir que te estaban subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais», o 5,4 % das alumnas indicaron ter vivido esta experiencia, fronte ao 1,8 % dos alumnos (Chi²₍₄₎ = 8,538; p = ,003) (véxase a Figura 67)

No caso de «fixéronche sentir ameazada/o de forma sutil con algún tipo de represalia por non cooperar sexualmente», o 4,5 % das alumnas fronte o 1,6 % dos alumnos afirmaron ter vivido esta situación (Chi²₍₄₎ = 6,736; p = ,009)

En relación á grave situación de «intentou manter relacións sexuais non desexadas contigo, que deu como resultado que suplicas, choraras ou loitaras fisicamente», o 2,6 % das alumnas e o 1,3 % dos alumnos indicaron ter vivido esta experiencia. A diferenza non é estatisticamente significativa (Chi²₍₄₎ = 2,168; p = ,141).

En canto ás situacións «insinuou que recibirías un trato de favor ou posibilidades máis rápidas de aprobar se cooperabas sexualmente» (Chi²₍₄₎ = 2,061; p = ,151), «obrigoute a responder positivamente ás invitacións sexuais ou sociais para recibir un bo trato no traballo ou nas clases» (Chi²₍₄₎ = ,081; p = ,777) e «fixéronche crer que te tratarían mal se non cooperabas sexualmente» (Chi²₍₄₎ = 2,447; p = ,118), ningunha mostra diferenzas estatisticamente significativas.

Finalmente, na situación «tratáronte mal por negarte a manter relacións sexuais», un 6,3 % das alumnas e un 3,4 % dos alumnos, indicaron ter vivido esta situación polo menos unha vez (Chi²₍₄₎ = 4,467; p < ,05). Estes resultados amosan que as alumnas están máis expostas a sufrir formas de coacción sexual na universidade.

Figura 67. Frecuencia de «Fíxoche sentir que te estaba subornando de forma sutil con algún tipo de premio ou trato especial para manter relacións sexuais»



5.1.3.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías

Analizando as conductas de acoso sexual baseadas nas tecnoloxías na universidade atopamos que son as alumnas as que máis sofren esta situación ($t=5,43$; $p<,001$) fronte aos seus compañeiros (véxase a táboa 37).

Nas medias en función do sexo de cada un dos enunciados desta subescala, atopamos que en todas as situacións as alumnas obtiveron maiores puntuacións que os alumnos, acadando as maiores puntuacións en situacións como «fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais: «como che queda esa camiseta», «tes un corpo *sexy*» » ($t=5,33$; $p<,001$), ou «enviouche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima (p. ex. pene, peitos etc.)», ($t=3,40$; $p<,001$).

Táboa 37. Diferenzas de media de comportamentos de acoso sexual baseados nas tecnoloxías en función do sexo

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnas	Alumnos		
CIBERACOSO SEXUAL	1,22 (,55)	1,09 (,28)	5,43	,001
Fíxoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais (WhatsApp, redes sociais, correo-e, chats etc.)?	1,12 (,32)	1,08 (,26)	2,45	,014
Fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais?	1,19 (,38)	1,08 (,27)	5,33	,001
Enviouche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima (p. ex. pene, peitos etc.)?	1,10 (,29)	1,04 (,20)	3,40	,001

A continuación analízanse as experiencias de ciberviolencia sexual vividas polo estudiantado na universidade. Os resultados amosan que as alumnas están máis expostas a este tipo de condutas a través de medios dixitais que os seus compañeiros. A continua-

ción, descríbense os resultados obtidos, diferenciando entre quen nunca viviu estas situacións e quen as experimentou unha vez ou máis (véxase a táboa 38; as figuras 68 e 69).

Táboa 38. Frecuencia de situacións de ciberacoso sexual en función do sexo

SEQ	Nunca		Unha vez ou máis	
CIBERACOSO SEXUAL	Alumnas	Alumnos	Alumnas	Alumnos
Fíxoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais?	88,3 %	92,5 %	11,7 %	7,5 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 5,079; p = ,024$			
Fíxoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais?	82,0 %	91,9 %	18,0 %	8,1 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 21,048; p < ,001$			
Enviouche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima?	90,8 %	95,6 %	9,2 %	4,4 %
	$\text{Chi}^2_{(4)} = 8,697; p = ,003$			

En relación coa situación «fixéronche comentarios non desexados, de tipo sexual, a través dos medios dixitais», o 11,7 % das alumnas e o 7,5 % dos alumnos indicaron ter vivido esta experiencia polo menos unha vez (véxase a figura 68). A diferenza é estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 5,079; p = ,024$), o que evidencia que as mulleres son máis propensas a vivir este tipo de situacións.

No caso de «fixéronche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais» (por exemplo: «como che queda esa camiseta», «tes un corpo sexy»), o 18,0 % das alumnas fronte o 8,1 % dos alumnos afirmaron ter sufrido esta situación (véxase figura 69). Esta diferenza resulta estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 21,048; p < ,001$).

En canto á grave situación de «enviáronche unha foto explícita non desexada dunha parte íntima (p. ex., pene, peitos, etc.)», o 9,2 % das alumnas fronte o 4,4 % dos alumnos indicaron ter recibido este tipo de contidos. A diferenza é estatisticamente significativa ($\text{Chi}^2_{(4)} = 8,697; p = ,003$).

Estes resultados indican que as alumnas están máis expostas a formas de acoso sexual a través de medios dixitais e que as ciberviolencias sexuais están en aumento entre os/as xóvenes.

Figura 68. Frecuencia de «fixoche comentarios non desexados, de tipo sexual a través dos medios dixitais» en función do sexo





Figura 69. Frecuencia de «fixoche un comentario sexista sobre o teu corpo ou aparencia física a través de medios dixitais» en función do sexo



5.1.3.2. Percepción do risco de acoso sexual e acoso por razón de sexo na UVigo


5.1.3.2.1. Percepción de que as mulleres sufran acoso sexual ou por razón de sexo

A percepción do risco de que as mulleres sufran acoso sexual ou por razón de sexo na universidade e a súa análise no colectivo do estudiantado revela diferenzas significativas (véxase a táboa 39). A maioría do estudiantado considera que esta situación é «algo probable», cun 55,2 % no total (54,3 % das alumnas e 57,4 % dos alumnos). Sen embargo, destaca que unha porcentaxe considerablemente maior de alumnos (23,6 %) que de alumnas (9 %) consideran «nada probable» que as mulleres sufran acoso. En canto á opción «bastante probable», o 31,5 % das alumnas seleccionárona fronte ao 16,9 % dos alumnos, mentres que unha porcentaxe pequena, pero lixeiramente maior en alumnas (4,9 % fronte ao 2,1 % en alumnos), pensa que é «moi probable». Estas diferenzas foron estatisticamente significativas ($\chi^2_{(1)} = 73,096$; $p < ,001$).

Táboa 39. Percepción de risco de que as mulleres podan sufrir acoso sexual ou por razón de sexo

En que medida consideras probable que as mulleres sufran acoso sexual ou acoso por razón do sexo na Universidade	Total	Alumnas	Alumnos
Nada probable	13,2 %	9,0 %	23,6 %
Algo probable	55,2 %	54,3 %	57,4 %
Bastante probable	27,3 %	31,5 %	16,9 %
Moi probable	4,1 %	4,9 %	2,1 %
		Chi ² ₍₁₎ = 73,096; p = <,001	

Figura 70. Percepción de risco de que as mulleres podan sufrir acoso sexual ou por razón de sexo




5.1.3.2.2. Percepción de que os homes sufran acoso sexual ou por razón de sexo

En canto á percepción que ten o estudiantado de que os homes sufran acoso sexual ou por razón de sexo na universidade (véxase a táboa 40), a metade do estudiantado (52,7 % alumnos, 50,8 % alumnas) considera «nada probable» que os homes sufran estas violencias. Un 48,3 % das alumnas e un 44,7 % dos alumnos consideran que pode ser «algo probable». O 1 % do estudiantado total considera que isto ocorra de maneira «bastante probable» e o 0,5 % das alumnas e ningún alumno o considera «moi probable». Obsérvanse diferenzas estatisticamente significativas (Chi²₍₁₎ = 15,467; p = ,001).

Táboa 40. Percepción de risco de que os homes podan sufrir acoso sexual ou por razón de sexo

En que medida consideras probable que os homes sufran acoso sexual ou acoso por razón do sexo na Universidade	Total	Alumnas	Alumnos
Nada probable	51,3 %	50,8 %	52,7 %
Algo probable	47,2 %	48,3 %	44,7 %
Bastante probable	1,0 %	0,4 %	2,6 %
Moi probable	0,4 %	0,5 %	0,0 %
		Chi ² ₍₁₎ = 15,467; p = ,001	

Figura 71. Percepción de risco de que os homes podan sufrir acoso sexual ou por razón de sexo



5.1.3.3. Coñecemento de situacións de acoso sexual e por razón de sexo

Este segundo bloque recolle o coñecemento que ten o estudiantado sobre situacións de acoso sexual e por razón de sexo na UVigo por parte de outros compañeiros/as e tamén sinalando ás persoas supostamente agresoras.

5.1.3.3.1. Coñecemento de situacións de acoso sexual

Preguntouse ao estudiantado se coñecían algún caso de acoso sexual ocorrido na Universidade de Vigo. 99 alumnas (un 10,4 %) e 22 alumnos (un 5,7 %) afirmaron coñecer casos de acoso sexual na UVigo entre os seus/súas compañeiros/as (véxase a táboa 41).


Táboa 41. Coñecemento de casos de acoso sexual

Tes coñecemento dalgún compañeiro ou compañeira que sufrise acoso sexual na universidade?	Total	Alumnas	Alumnos
Si	9 % (n=121)	9 % (n=121)	5,7 % (n=22)
Non	91 % (n=1219)	91 % (n=1219)	94,3 % (n=363)
		Chi ² ₍₄₎ = 7,229; p = ,007	

Coñecemento da persoa agresora

O estudantado sinala ter coñecemento de 117 persoas que son presuntos agresores de acoso sexual na UVigo (véxase figura 72). Os datos mostran que o grupo máis sinalado como presunto agresor é o de alumnos, con 50 casos, seguido dos profesores investigadores, con 44 casos, as alumnas con 11 casos, as profesoras-investigadoras con 5 casos e os traballadores do colectivo de PTXAS con 1 caso. Tamén se identifican 6 casos na categoría «Outro» e ningún caso entre as mulleres do PTXAS.

Figura 72. Casos coñecidos de agresores de acoso sexual



5.1.3.3.2. Coñecemento de situacións de acoso por razón de sexo

Do mesmo xeito, preguntouse ao estudantado se coñecían algún caso de acoso por razón de sexo ocorrido na Universidade de Vigo e un 9,1 % (n=122) contestaron afirmativamente. 99 alumnas (un 10,4 %) e 23 alumnos (un 6,0 %) afirmaron coñecer casos de acoso por razón de sexo na UVigo


Táboa 42. Coñecemento de casos de Acoso por razón de sexo

Tes coñecemento dalgún compañeiro ou compañeira que sufrise acoso por razón de sexo na universidade?	Total	Alumnas	Alumnos
Si	9,1 % (n=122)	6,0 % (n=23)	10,4 % (n=99)
Non	90,9 % (n=1218)	89,6 % (n=856)	94,0 % (n=362)
		Chi ² ₍₄₎ = 6,397; p = ,011	

Coñecemento da persoa agresora

O estudantado sinala ter coñecemento de 99 persoas identificadas como presuntas agresoras de acoso por razón de sexo na UVigo (véxase figura 73). Segundo os datos recollidos, o grupo máis frecuentemente sinalado é o dos alumnos, con 50 casos, seguido dos profesores-investigadores con 28 casos, as alumnas con 12 e as profesoras-investigadoras con 6 casos. Tamén se identifican 2 casos na categoría «Outro» e 1 caso entre as traballadores do PTXAS.

Figura 73. Casos coñecidos de agresores de acoso por razón de sexo




5.1.3.4. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo da UVigo

Este terceiro bloque aborda o grao de coñecemento e percepción que ten o estudantado sobre o *Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e por razón de sexo na UVigo*. Inclúe a valoración da súa efectividade, a participación en accións formativas organizadas pola Unidade de Igualdade, e a suficiencia da formación recibida para identificar e previr estas situacións.

5.1.3.4.1. Coñecemento da existencia do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

Un 19,2 % das alumnas (n=183) fronte a un 18,7 % dos alumnos (n=72) afirmaron coñecer a existencia do protocolo da UVigo. É importante destacar que 80,2 % (n=772) das alumnas e 81,3 % (n=313) dos alumnos non coñecen a existencia do protocolo de acción e prevención de acoso sexual e por razón de sexo da UVigo.


Figura 74. Coñecemento do protocolo da UVigo



Como coñeceron a existencia do protocolo da UVigo

Das alumnas (n=182) e alumnos (n=72) que afirmaron coñecer a existencia do protocolo da UVigo, tal e como pode observarse na figura 75 a opción máis frecuente tanto para alumnos (36,0 %) como para alumnas (36,5 %) para coñecer o protocolo da UVigo foron os folletos ou outros recursos informáticos. Entre as alumnas, o 27,1 % accedeu ó protocolo por formación recibida, un 22,7 % coñeceuno a través da web da Unidade de Igualdade e un 13,8 % a través das redes sociais. No caso dos alumnos, un 28 % coñeceuno a través da web da Unidade de Igualdade, un 25,3 % fíxoo grazas á formación recibida e un 10,7 % coñeceuno polas redes sociais. No se detectaron diferenzas significativas entre o estudiantado ($\chi^2_{(3)} = 1,097$; $p = ,778$).


Figura 75. Coñecemento do protocolo segundo o medio de difusión e función do sexo



5.1.3.4.2. Percepción sobre a efectividade do Protocolo fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo

A figura 76 mostra como alumnas e alumnos perciben a efectividade do protocolo de acoso sexual. O 51,7 % dos alumnos e o 39,0 % das alumnas, móstranse neutrais ante a efectividade do protocolo. O 22,2 % das alumnas consideran que é efectivo e o 33,6 % consideran que é moi efectivo. No caso dos alumnos, un 20,6 % considera que é efectivo e un 23,1 % considera que é moi efectivo. A porcentaxe tanto de alumnos como de alumnas que non o consideran efectivo é baixa, un 5,2 % no caso das alumnas e un 4,6 % no caso dos alumnos. Esta distribución amosa diferenzas significativas en función do sexo ($\chi^2_{(3)}=21,042; p<,001$).


Figura 76. Percepción da efectividade do protocolo en función do sexo



5.1.3.4.3. Participación en accións formativas sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo organizadas pola Unidade de Igualdade

A gran maioría do estudiantado afirma non ter participado en ningunha acción formativa (83,3 % dos alumnos, 74,3 % das alumnas). O 17,4 % das alumnas afirmou non ter participado mais gustaríalle facelo, fronte a un 7,3 % dos alumnos. Un 2,9 % dos alumnos e un 0,5 % das alumnas indicou que non participou pero que tampouco lle interese facelo. Un 3,7 % de alumnos e alumnas participaron nunha acción formativa unha vez e tan só un 1,5 % das alumnas e un 0,8 % dos alumnos indicou que non participou pero que tampouco lle interese facelo. Un 3,7 % de alumnos e alumnas participaron nunha acción formativa unha vez e tan só un 1,5 % das alumnas e un 0,8 % dos alumnos indicou que non participou pero que tampouco lle interese facelo. Finalmente, os porcentaxes de persoas que se mostran neutrais son de 2,5 % entre as alumnas e 1,6 % entre os alumnos (véxase a figura 77). Esta distribución suxire a baixa participación tanto de alumnas como de alumnos en formacións sobre o acoso en sexual e por razón de sexo ($\chi^2_{(4)} = 38,689$; $p < ,001$).

Figura 77. Participación en accións formativas sobre o acoso por razón de sexo



5.2. Resultados da análise de datos cualitativa sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo na UVigo

Neste apartado se analizan os resultados da análise cualitativa sobre o acoso sexual e o acoso por razón de sexo na UVigo, baseada en 97 testemuñas recollidas entre o PDI, PTXAS e o estudiantado.

5.2.1. Análise de datos do PDI

Neste apartado analízanse 31 testemuñas de acoso sexual e acoso por razón de sexo, experimentados ou coñecidos polo PDI. Para facilitar a análise dos datos recollidos, os relatos foron organizados e categorizados atendendo á tipoloxía do acoso denunciado.

5.2.1.1. Víctimas de acoso sexual

Esta categoría principal recolle as condutas de natureza sexual sufridas directamente polo PDI participante no estudo. Estas condutas se materializaron en insinuacións, comentarios, contacto físico non desexado e non consentido. O acoso sexual sufrido polas profesoras-investigadoras foi exercido principalmente por outros PDI compañeiros ou superiores xerárquicos e representan unha das formas máis graves de violencia no contorno académico.

Contacto físico non consentido

Esta subcategoría recolle situacións nas que as vítimas do colectivo de PDI, maioritariamente mulleres, relatán tocamientos, roces intencionados ou agarres sen consentimento, que persisten a pesar do rexeitamento explícito da vítima. Constitúe unha das formas máis graves de acoso sexual no ámbito universitario.

Tocarme sen consentimento, agarrarme pola cintura, pasarme o brazo por riba do ombreiro, a pesar do meu rexeitamento físico e verbal. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Compañeiro PDI que me roza «supostamente» sen querer, pero faino a posta. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Comentarios e preguntas invasivas

Esta subcategoría engloba as experiencias nas que se producen comentarios con carga sexual ou preguntas sobre a vida íntima, xerando incomodidade e vulnerando a esfera privada das vítimas que neste caso, son profesoras-investigadoras. Estes comportamentos contribúen a un clima laboral hostil e discriminatorio ocasionado principalmente, segundo os relatos, polos seus compañeiros.

Facían comentarios e preguntas sobre a miña vida romántica ou sexual. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Un compañeiro do departamento realizaba comentarios con moita carga sexual cando falaba comigo; resultábanme desagradables e evitábo. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Comentarios inapropiados sobre o meu aspecto físico e visitas non adecuadas ao meu despacho. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Xestos obscenos e insultos

Tamén se identificaron casos nos que se producen insultos degradantes e xestos obscenos por parte de profesores-investigadores cara ás súas compañeiras, evidenciando actitudes de menosprezo e violencia simbólica. Tamén destaca o caso dun PTXAS que mira a unha docente con carácter sexualizado.

Un compañeiro chamoume «filla de puta» e no despacho doutra compañeira fixo xestos obscenos, sentándose na cadeira onde eu estaba e facendo amago de botarse enriba. (Muller-PDI).

Por parte dun PTXAS que me mira ao peito cando lle falo. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

5.2.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

Esta segunda categoría principal inclúe as condutas de discriminación e menosprezo profesional ou persoal baseadas no sexo da vítima que afectan á súa carreira académica, ás relacións laborais e á percepción da valía profesional. A maioría dos relatos proceden de profesoras-investigadoras que describen situacións de abuso de poder, comentarios sexistas, exclusión en procesos de investigación e trato desigual por parte do seus compañeiros e tamén se relataron algunha situación con estudantes.

Menosprezo dos méritos académicos

Esta subcategoría inclúe casos nos que se cuestiona a capacidade ou os logros académicos das profesoras-investigadoras, atribuíndoos a factores alleos ao mérito profesional.

Cando estudaba, outro alumno insinuou que as miñas notas non se debían a méritos académicos. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Un compañeiro estimou que un traballo científico meu non podía ser meu, senón da miña parella (home), insinuando que as mulleres non chegamos a certo grao de abstracción. (Muller-PDI, área Enxeñaría e Arquitectura).

Comentarios sexistas e estereotipos

Tamén nos relatos se identificaron condutas verbais contra as profesoras-investigadoras que reproducen estereotipos de xénero, comentarios ofensivos ou referencias á bioloxía feminina.

Outro compañeiro falou despois comigo e cualificou a conversa como «cousas de mulleres». (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Comentarios sexistas e inadecuados como «ti xa non terás a regra!» por parte de compañeiros. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

En cargos de xestión escoitei comentarios como «un coño entre tantas pollas» ou «aquí está a cota feminina necesaria para formar equipo». (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Exclusión e discriminación profesional

Outras das situación detectadas a través dos relatos das profesoras-investigadoras é cando son apartadas de proxectos, ignoradas en comisións ou tratadas con menor respecto, a pesar de ter méritos académicos e investigadores superiores.

Non me incluíron en propostas de investigación sen motivo aparente, a pesar de ter máis CV e experiencia que os homes cos que colaboraron. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Trato discriminatorio en comisións onde se ignoran os meus comentarios e argumentos. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Percibo un trato máis favorable cara aos compañeiros: os seus logros valóranse máis e o seu traballo non é fiscalizado coa mesma intensidade que o meu. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Abuso de poder e acoso laboral

Outra subcategoría recolle as situacións prolongadas de abuso de poder, manipulación e acoso laboral, con gritos, correos condescendentes e actitudes intimidatorias por parte de superiores do ámbito do PDI.

Durante o meu contrato pre-doutoral, o director de tese menosprezaba ás mulleres e invadía a nosa vida privada. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Sufrín abuso de poder por parte dun investigador Ramón y Cajal, que ninguneaba as opinións de calquera muller do grupo. (Muller-PDI, área Ciencias).

Durante moitos anos sufrín acoso por parte dun catedrático: rexeitamento, indiferenza polo meu traballo e discriminación en oportunidades. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Moitos correos condescendentes criticando o meu traballo, con frases como «se estás cansada, déixao», enviados con copia a todo o departamento. (Muller-PDI).

Actitudes agresivas e intimidación por parte de estudantado

As profesoras-investigadoras relataron casos nos que se producen situacións de intimidación e desprezo por ser muller, por parte do estudantado.

Un alumno increpoume pola nota, chegando a levantarme a man, momento no que o botei do despacho. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Outro alumno insinuou que estaba histérica e co síndrome premenstrual cando lle chamei a atención. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

5.2.1.3. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual

Esta terceira categoría principal recolle as situacións de acoso sexual coñecidas do colectivo de PDI que non as sufriron directamente pero tiveron constancia por testemuños ou observacións. Estes relatos evidencian a existencia dun patrón de condutas sexistas e sexualizadas no ámbito universitario, tanto por parte de estudantado como de persoal docente, que contribúe a normalizar a violencia sexual na contorna académica.

Reiteración de condutas por parte da mesma persoa

Esta subcategoría reflicte casos nos que unha PDI ten constancia de que o mesmo agresor, sendo un estudante, repetiu condutas de acoso sexual con outras vítimas, evidenciando a falta de control ou sanción.

Teño constancia de que a unha compañeira lle sucedeu algo similar co mesmo alumno, que tocaba a rexión da cadeira. (Muller-PDI, área Ciencias).

Comentarios sexualizados cara a varias mulleres

Inclúe situacións nas que se observa acoso verbal con carga sexual dirixido a diferentes compañeiras, mostrando un patrón de comportamento reiterado.

Un compañeiro de departamento facía comentarios con moita carga sexual ao falar comigo e con outra compañeira do departamento. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

Conversas e mensaxes sexualizadas en grupos de estudantado

Esta subcategoría recolle casos nos que se coñece a existencia de espazos dixitais (grupos de WhatsApp) onde se realizan comentarios sexualizados sobre as profesoras, reforzando a cultura de cosificación.

Varios alumnos/as confesáronme que no grupo de WhatsApp do curso se facían comentarios sobre as profesoras «follables» e as que non, e sobre o seu físico. (Muller-PDI, área Ciencias Sociais e Xurídicas).

5.2.1.4. Coñecemento de outras vítimas de acoso por razón de sexo

Esta cuarta categoría principal recolle situacións de discriminación ou trato denigrante por razón de sexo coñecidas polas persoas PDI, que non as sufriron directamente pero tiveron constancia por observación ou información de terceiros. Estes relatos evidencian actitudes machistas normalizadas en diferentes ámbitos universitarios, tamén en relación co persoal de PTXAS, así relatado nun caso.

Actitudes machistas e trato denigrante

Nesta subcategoría destácase un caso coñecido que inclúe situacións nas que se identifican comportamentos verbais agresivos, paternalistas ou machistas dirixidos a varias mulleres, por parte dun home PTXAS.

Agresións verbais e trato paternalista-machista reiterado por parte do persoal de conserxería. O comportamento denigrante afectou a moitas mulleres e xa fora avisado. (Muller-PDI, área Enxeñaría e Arquitectura).

5.2.2. Análise de datos do PTXAS

Neste apartado se analizan 15 casos de acoso sexual e acoso por razón de sexo coñecidos que relata o colectivo de PTXAS. Para estruturar a análise dos datos presentados, os relatos foron categorizados segundo a tipoloxía do acoso relatado.

5.2.2.1. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual na universidade

Esta categoría recolle situacións que o persoal de PTXAS coñece ou observa, nas que outras persoas foron obxecto de acoso sexual. As condutas descritas evidencian vulneracións graves da dignidade e xeración de contornos hostís, tanto no ámbito laboral como en espazos sociais vinculados ao traballo. Identifícanse cinco subcategorías principais:

Alusións públicas á vida sexual

Esta subcategoría inclúe comentarios feitos en público sobre a vida sexual da vítima, xerando exposición e incomodidade ante terceiros.

Unha compañeira fixo alusións en alto e en público ás hipotéticas relacións sexuais da vítima en diferentes ocasións. A vítima nunca contestou nin se deu por aludida. (Muller-PTXAS).

Exhibicionismo e intento de tocamento

Esta subcategoría reflicte condutas de maior gravidade, que inclúen mostrar contido sexual explícito e procurar contacto físico non consentido.

Un técnico chamou á vítima ao seu despacho e mostroulle na pantalla do seu ordenador unha foto del espido co seu membro erecto e tentou tocala. Ademais, o técnico chamaba constantemente á vítima ao seu despacho con calquera escusa para acosala. (Muller-PTXAS).

Insinuacións e tocamientos físicos non desexados

Esta subcategoría identifica contactos físicos inapropiados e comentarios con connotación sexual, realizados sen consentimento da outra persoa no ámbito laboral.

Unha compañeira doutro servizo tocou o cu da vítima na súa oficina. Noutras ocasións, a mesma compañeira deixaba caer comentarios do tipo «quen te pillara se ti quixeras». (Muller-PTXAS).

Tocamentos e insinuacións en ambiente social

Esta subcategoría aborda situacións ocorridas en contextos extralaborais vinculados ao traballo, como ceas ou eventos, onde se produciron tocamientos e insinuacións sexuais.

Nunha cea de PTXAS, a vítima sufriu tocamientos, insinuacións sexuais desagradables e un acoso que se foi incrementando, xerando unha situación de moita incomodidade e inseguridade. (Muller-PTXAS).

Un compañeiro invitouna a pasar un «rato tranquilo» no seu despacho mentres subían sós no ascensor. (Muller-PTXAS).

Outro compañeiro rozou a man polas nalgas da vítima, intentando facer parecer que fora accidental, nun pasillo onde había unha fotocopiadora. (Muller-PTXAS).

Distribución de textos de ficción sexual por correo

Esta subcategoría recolle condutas que implican a difusión de contido sexual explícito a través de canles institucionais, afectando á comunidade universitaria.

Un traballador do PTXAS compartía textos de ficción de carácter sexual nas listas de correo da comunidade universitaria. (Muller-PTXAS).

5.2.2.2. Coñecemento de casos de acoso por razón de sexo

A análise das situacións coñecidas polo persoal de PTXAS revela condutas que, directa ou indirectamente, vulneran a dignidade das persoas e crean contornos laborais hostís, humillantes ou ofensivos. Estas condutas están vinculadas ao sexo das vítimas ou a circunstancias derivadas do mesmo, como embarazo, maternidade ou responsabilidades de coidado. Identificáronse catro categorías secundarias:

Discriminación por cuidados familiares

Esta subcategoría identifica casos nos que se penaliza ou cuestiona a adaptación da xornada laboral para atender responsabilidades familiares, xerando consecuencias negativas para a vítima.

Discriminación por cuidados. A vítima adaptou a súa xornada para coidar do seu pai. A subdirectora do servizo comunicou que se comentaba que a vítima estaba a recibir un trato de favor, o que obrigou a deter a adaptación. A vítima soubo despois que eses supostos comentarios non existían e que todo fora con ánimo de prexudicala. (Muller-PTXAS).

Trato degradante e violento

Tamén se identificaron condutas verbais ou escritas ofensivas, burla, difamación e ameazas que xeran medo e deterioran o clima laboral na universidade.

A vítima sufriu trato degradante e violento, verbal e por escrito. Tamén houbo intentos de desacreditala, burla e difamación, xerándolle medo. (Muller-PTXAS).

Acoso e discriminación por embarazo, maternidade e lactancia

Tamén se detectaron casos que se recollen comentarios inapropiados durante o embarazo, a lactancia e o parto, a maternidade, a falta de adaptación do posto e vulneración de dereitos laborais vividos por unha muller PTXAS.

A vítima experimentou discriminación durante o embarazo, con moi mal ambiente e non renovación de contrato a pesar de haber fondos reservados, sendo substituída por alguén alleo ao proxecto. Tamén houbo moitos impedimentos para asistir a citas médicas de revisión do embarazo. (Muller-PTXAS).

Comentarios inapropiados por parte do IP do proxecto respecto á lactancia: «matada se venden leite de fórmula na farmacia», «xa marcha de novo a sacar leite». Tamén comentarios sobre o parto («que empeño en parir de forma natural, é máis práctico programar unha cesárea»). Ademais, sufriu a non adaptación do posto de traballo nun laboratorio durante os dous embarazos, negativa de PRL para avaliar riscos. As horas de lactancia foron tramitadas en vacacións sen o seu consentimento. (Muller-PTXAS).

A vítima sufriu acoso por razón de sexo de forma continua durante 7 anos. Tres meses despois do retorno do permiso de maternidade, comunicáronlle que prescindirían dela no concurso público para renovar o seu contrato (tras 8 anos de contratos temporais). O responsable respondeu que a baixa por embarazo e o permiso de maternidade «non me axudou». O concurso posterior foi publicado coas mesmas funcións pero cunha titulación diferente requirida. (Muller-PTXAS).

Insultos, comentarios sexistas, ameazas e illamento e corporativismo masculino

Esta subcategoría aglutina conductas verbais que se materializan en insultos, en comentarios sexistas, ameazas, en menosprezo a capacidade profesional das mulleres e fomentan a exclusión.

No centro de traballo, a vítima recibiu insultos machistas e ameazas obscenas, incluíndo golpes na porta de acceso que a avariaron. (Muller-PTXAS).

Un compañeiro, ao saber que a quenda era partida, respondeu: «mellor, así non andas de compras por Pontevedra». Noutra ocasión, ao ofrecer axuda coa carga de traballo, outro compañeiro respondeu: «Ti sabes cocinar...». (Muller-PTXAS).

A vítima era a única muller dun grupo de 5 traballadores. Foi illada á hora de ser informada de cuestións de traballo e a súa opinión non se tiña en conta, dificultando a súa mellora profesional. Observouse un «corporativismo masculino moi negativo». O responsable do servizo (home) exercía mesquindade co desfrute de vacacións e non quería que a vítima avanzase profesionalmente. (Muller-PTXAS).

5.2.3. Análise de datos do estudantado

Neste apartado analízanse 51 testemuñas de acoso sexual e por razón de sexo, experimentadas ou coñecidas polo estudantado na contorna universitaria e recollidas mediante as enquisas realizadas ao estudantado. Para estruturar a análise dos datos presentados, os relatos foron categorizados segundo o rol da persoa acosadora e a tipoloxía do acoso denunciado.

5.2.3.1. Vítima de acoso sexual

Nesta categoría primaria analízanse os relatos en primeira persoa sobre experiencias de acoso sexual na universidade coa finalidade de identificar patróns de comportamento e dinámicas de poder específicas. Os incidentes foron clasificados en función do rol da persoa acosadora (PDI, PTXAS, estudantes, e outros) e a tipoloxía do acoso manifestado, que abrangue desde o acoso verbal ata as agresións físicas e sexuais.

5.2.3.1.1. Perpetrado por un/unha PDI

Os testemuños revelan que unha parte significativa das experiencias de acoso son perpetradas por membros do PDI, manifestándose principalmente a través de comentarios inapropiados, da sexualización e do abuso da súa posición de poder.

Identifícase un patrón recorrente de comentarios de natureza vexatoria ou sexualizadora por parte de profesores-investigadores no contexto académico. Tamén algúns relatos describen situacións que suxiren un claro abuso da posición de autoridade do docente. O caso máis explícito é a insinuación de que a superación dunha materia está condicionada a unha interacción persoal fóra da contorna estritamente académica, resumida na experiencia de ter que «ir ao despacho para aprobar a materia».

Ter que ir ao despacho para aprobar a asignatura e con miradas e roces incómodos. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Un profesor... fixo comentarios inapropiados e ofensivos sobre o meu aspecto físico e tamén comentarios sexuais... (Muller, 20 anos, Ciencias Sociais e Xurídicas).

[Nomea ao agresor] Sexualización do estudantado, guiños etc. Miradas ao escote das compañeiras. (Home, 20 anos, Artes e Humanidades).

Realizaba acercamentos físicos que non eran adecuados. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Comentarios denigrantes tras mirar a zona do meu peito. (Muller, 20 anos, Ciencias Sociais e Xurídicas).

5.2.3.1.2. Perpetrado por un/unha estudante

Os casos de acoso entre o estudantado afectan principalmente ás alumnas e abranguen desde agresións físicas e tocamientos non consentidos ata a creación de situacións incómodas e de tensión. Tamén se recollen casos de acoso persistente, tanto verbal como psicolóxico, protagonizados por estudantes locais e de intercambio.

Tocoume as tetas, estabamos a facer un traballo, empezoume a facer un... (Muller, 22 anos, Artes e Humanidades).

Un compañeiro que se puxo moi pesado, xerándome situacións moi incómodas. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

5.2.3.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

Esta segunda categoría principal inclúe os relatos do estudantado nos que o respondon que sufriu discriminación, comentarios ou condutas denigrantes baseadas no seu sexo ou por reforzar estereotipos de xénero. Os incidentes foron clasificados en función do rol da persoa acosadora (PDI, estudantado, PTXAS e outros) e a tipoloxía do acoso manifestado, que abrangue desde o acoso verbal ata as agresións físicas e sexuais.

5.2.3.2.1. Perpetrado por un/unha PDI

O acoso por razón de sexo por parte do PDI maniféstase en comentarios misóxinos e na limitación das expectativas profesionais das mulleres. A maioría dos comentarios proceden de profesores-investigadores cara ás súas alumnas.

Un profesor referíase ás alumnas en particular de xeito despectivo... comentarios misóxenos e fora de lugar que soltaba día a día na clase como: Nós as chicas nunca poderemos ser tan boas docentes coma os chicos... (Muller, 22 anos, Artes e Humanidades).

No Campus de Ourense, nas clases de [nomea a materia] tiñamos un profesor que nos chamaba «rubitas» ou «morenitas» e dicíanos que sendo guapas tiñamos máis posibilidades de aprobar... (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Comentarios desafortunados de parte dun profesor: «as feministas son demasiado radicais». (Muller, 20 anos, Ciencias xurídicas e sociais).

O profesor de [nomea a materia] dinos que non me quería deixar unha ferramenta porque «non pensara eu que cortar ferro era doado»... (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Chegaba algo tarde a clase. Dixo que as mulleres chegabamos tarde sempre porque nos preocupabamos demasiado pola maquillaxe, roupa etc. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

5.2.3.2.2. Perpetrado por un/unha estudante

As situacións relatadas polo estudantado reflicten a aplicación de dobres estándares morais baseados no xénero, invalidando por parte de compañeiras as opcións ou iniciativas que partiran de compañeiras.

O ano pasado íamos escoller delegado e eu era a única candidata muller. Polo grupo de clase Opinión invalidada por motivo de sexo. (Muller, 20 anos, Ciencias Sociais e Xurídicas).

... parece que as mulleres somos menos e menos válidas. É o que puiden ver polo momento... (Muller, 20 anos, Ciencias Sociais e Xurídicas).

Era parte dun grupo de amigos ao principio da universidade... empezou a poñerse á defensiva sentíndose... (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

5.2.3.3. Coñecemento de outras vítimas de acoso sexual

Nesta terceira categoría principal se identifican os relatos de testemuñas de estudantes de situacións que coñecen sobre acoso sexual. Os casos analizados amosan unha ampla gama de comportamentos inapropiados por parte de diferentes persoas perpetradoras.

5.2.3.3.1. Perpetrado por un/unha PDI

Os casos coñecidos mostran patróns de acoso a nivel coercitivo, tocamientos e sexualización das alumnas, a miúdo ligados ao control académico por parte do profesorado. Podemos destacar algúns dos casos relatados:

Sempre me falaron de 2 profesores en concreto, faláballes por privado e facíanlle propostas non concordantes con ser seu profesor. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Suspendía a case todo o grupo clase e se ías ao seu despacho poñíache un aprobado. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Un profesor... pasábase moito con algunha alumna... tocaba ou acariciaba as alumnas (unha amiga entre elas) e tiña moito favoritismo hacia as alumnas que lle atraían fisicamente. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Tocamentos non consentidos, comentarios machistas en clase, tratamento diferente aos rapaces fronte as rapazas, quedar a soas coas rapazas coa excusa de revisar os seus exercicios, levar a raparigas a súa casa. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

5.2.3.3.2. Perpetrado por un/unha estudante

Os casos coñecidos implican agresións físicas, acoso insistente entre compañeiros (incluíndo vítimas masculinas) e acoso dixital.

A unha compañeira miña no ximnasio do Cuvi sempre que ía molestábana outros alumnos da universidade e un deles chegou a tocar... (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Por parte de alumnos, comentando de forma morbosa o aspecto e/ou a vestimenta de mulleres de clase. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Unha serie de compañeiros mandaron fotos dunha compañeira comentando cousas obscenas e indevidas sobre o seu corpo. Esas fotos pasábanse por un grupo. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

5.2.3.4. Coñecemento de outras vítimas de acoso por razón de sexo

Nesta cuarta categoría principal inclúense os casos de discriminacións ou condutas sexistas coñecidas polo estudantado e organizadas en función da persoa agresora.

5.2.3.4.1. Perpetrado por un/unha PDI

Se relataron situacións coñecidas por parte do profesorado principalmente mediante comentarios sexistas e misóxinos que desvalorizan ás mulleres.

O profesor en cuestión, en moitas ocasións, facía comentarios sexistas e machistas durante as clases e, algunha vez, dirixíndose as alumnas. Chistes sexistas e incómodos... (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Humillacións e comentarios fóra de lugar en clase, tanto machistas como sexualizadores, con desprezo, rebaixando o valor dunha muller etc. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

Comentarios inapropiados en clase dun profesor sobre «as feministas son demasiado radicais», «as mulleres fan isto», «as mulleres se impón ao si mesmas demasiada presión estética»... (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

5.2.3.4.2. Perpetrado por un/unha estudante

Se identifican relatos coñecidos por estudantes de situacións de acoso por razón de sexo onde ó estudantado son os perpetradores.

A situación de antes sucedeu porque a miña amiga era unha moza. Se fose un mozo, non pasaría. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades.)

Foi en clase e por motivos de pensamento diferente. (Muller, 20 anos, Artes e Humanidades).

5.3. Análise comparativa dos resultados das diagnoses de acoso sexual e acoso por razón de sexo de 2018 e 2025 da UVigo

5.3.1. Análise de datos do PDI

5.3.1.1. Víctimas de acoso sexual e acoso por razón de sexo: resultados comparativos de comportamentos de acoso entre 2018 e 2025

5.3.1.1.1. Acoso sexual

A análise dos datos totais recollidos nas diagnoses de acoso sexual realizadas no colectivo de PDI da UVigo revela unha diminución significativa entre os anos 2018 e 2025 (véxase a táboa 43). En 2018, o 7,07 % do PDI declarou ter sufrido acoso sexual, mentres que en 2025 esta porcentaxe reduciuse ao 3,8 %. Esta caída representa un avance relevante na loita contra o acoso sexual no ámbito universitario e reflicte o impacto positivo das medidas institucionais adoptadas para previr e abordar esta problemática.

Ao desagregar os datos por sexo (véxase as figuras 78 e 79), obsérvase tamén unha mellora substancial. En 2018, o 10,9 % das profesoras-investigadoras recoñecían ter sido vítimas de acoso sexual, fronte ao 1,4 % dos profesores-investigadores. En 2025, estas cifras descendieron ao 7,2 % no caso das profesoras-investigadoras e ao 0,5 % entre os profesores-investigadores. As diferenzas entre ambos períodos son estatisticamente significativas ($\text{Chi}^2_{(1)} = 22,497$; $p < ,001$), o que evidencia unha redución real na prevalencia do acoso sexual tanto a nivel gobar como por sexo. Este resultado reafirma a importancia de continuar fortalecendo as políticas de prevención, sensibilización e intervención para garantir un entorno académico libre de violencia e discriminación.

Táboa 43. Comparativa das vítimas de acoso sexual entre 2018-2025

Sufriches acoso sexual na UVigo?	2018			2025		
	Mulleres PDI	Homes PDI	Total	Mulleres PDI	Homes PDI	Total
Si	10,9 % (n=12)	1,4 % (n=1)	7,07 % (n=13)	7,2 % (n=15)	0,5 % (n=1)	3,8 % (n=16)
Non	89,1 % (n=98)	98,6 % (n=73)	92,93 % (n=171)	92,8 % (n=193)	99,5 % (n=214)	96,2 % (n=407)
Chi ² ₍₁₎ = 22,497; p = <,001						

Figura 78. Vítimas de acoso sexual en función do ano





Figura 79. PDI vítimas de acoso sexual en función do sexo (2018-2025)



5.3.1.1.2. Acoso por razón de sexo

Os datos recollidos nas diagnoses de acoso por razón de sexo realizadas no colectivo de PDI da UVigo revela unha diminución entre os anos 2018 e 2025 (véxase a táboa 44). En 2018, o 9,2 % do PDI declarou ter sufrido acoso por razón de sexo e no 2025 a cifra reduciuse a 7,3 %.

Ao desagregar os datos por sexo (véxase as figuras 80 e 81), obsérvase tamén unha mellora no caso das profesoras-investigadoras. En 2018, o 15,5 % das profesoras-investigadoras recoñecían ter sido vítimas de acoso por razón de sexo, fronte ao 14,4 % que o recoñecen en 2025. No caso dos profesores-investigadores, en 2018 a porcentaxe dos que habían recoñecido ter sufrido acoso por razón de sexo era 0, mentras que

en 2025 é de 0,5 %. As diferenzas son significativas estatisticamente ($\text{Chi}^2_{(1)} = 43,435$; $p < ,001$), o que evidencia unha redución na prevalencia do acoso por razón de sexo a nivel global. Estes resultados amosan a necesidade de seguir traballando na redución do acoso por razón de sexo.

Táboa 44. Comparativa das vítimas de acoso por razón de sexo entre 2018-2025

Sufriches acoso por razón de sexo na UVigo?	2018			2025		
	Mulleres PDI	Homes PDI	Total	Mulleres PDI	Homes PDI	Total
Si	15,5 % (n=17)	0,0 % (n=0)	9,2 % (n=17)	14,4 % (n=30)	0,5 % (n=1)	7,3 % (n=31)
Non	84,5 % (nn=93)	100,0 % (n=74)	90,8 % (nn=167)	85,6 % (n=178)	99,5 % (n=214)	92,7 % (n=394)
$\text{Chi}^2_{(1)} = 43,435$; $p = < ,001$						

Figura 80. Vítimas de acoso por razón de sexo en función do ano





Figura 81. PDI vítimas de acoso por razón de sexo en función do sexo (2018-2025)



5.3.1.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Tanto na diagnose realizada en 2018 como na de 2025, adminístrouse ao colectivo de PDI o cuestionario de experiencias sexuais (SEQ). Este instrumento permitiu avaliar a frecuencia de situacións de índole sexual non desexadas e ofensivas ás que o PDI puido estar exposto no contexto universitario. A aplicación continuada do mesmo cuestionario posibilita realizar unha comparativa rigorosa sobre a evolución deste

tipo de experiencias ao longo do tempo, contribuíndo así a identificar cambios na prevalencia e observar a eficacia das medidas institucionais adoptadas. Estas experiencias organízanse en tres subescalas: acoso de xénero, coacción sexual e atención non desexada.

Acoso de xénero

Obsérvase unha redución significativa nas medias de acoso de xénero entre os anos 2018 e 2025 no colectivo de PDI da UVigo. En 2018, a media situábase en 1,72, mentres que en 2025 descendeu a 1,33 ($t=6,69$; $p<,001$), o que evidencia unha mellora substancial na percepción e vivencia deste tipo de situación (véxase a táboa 45).

Ao analizar os datos por sexo, conséntase que esta diminución se produce tanto nas mulleres como nos homes, aínda que con maior intensidade no caso das mulleres. En 2018, a media entre as profesoras-investigadoras era de 1,89, fronte a 1,57 en 2025 ($t=7,00$; $p<,001$) (véxase a táboa 46). No caso dos profesores-investigadores, a media pasou de 1,73 a 1,45 ($t=4,48$; $p<,001$) (véxase a táboa 47). Estas reducións estatisticamente significativas reflicten un avance relevante na loita contra o acoso de xénero, especialmente no colectivo das profesoras-investigadoras, e subliñan a importancia de continuar fortalecendo as políticas institucionais de prevención e sensibilización

Táboa 45. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	PDI 2018	PDI 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,72 (,71)	1,33 (,52)	6,69	,001

Táboa 46. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) das profesoras-investigadoras do PDI en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PDI 2018	Mulleres PDI 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,89 (,31)	1,57 (,49)	7,00	<,001

Táboa 47. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) dos profesores-investigadores do PDI en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Homes PDI 2018	Homes PDI 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,73 (,45)	1,45 (,49)	4,48	<,001


En relación coa frecuencia de acoso de xénero experimentado, os datos amosan unha evolución positiva entre os anos 2018 e 2025 no colectivo do PDI (véxase a táboa 48 e a figura 82). En 2018, o 89,1 % das profesoras-investigadoras e o 73 % dos profesores-investigadores recoñecían ter vivido situacións de acoso de xénero unha ou máis veces. En 2025, estas porcentaxes descenden ao 57,2 % no caso das profesoras-investigadoras e ao 45,1 % entre os profesores-investigadores.

Esta redución representa unha mellora significativa na loita contra o acoso de xénero na Universidade de Vigo, o que evidencia o impacto das medidas institucionais aplicadas nos últimos anos. Con todo, persisten diferenzas por sexo que cómpre seguir abordando, especialmente no caso das mulleres, que continúan a presentar unha maior exposición a este tipo de situacións.

Táboa 48. Frecuencias de situacións de acoso de xénero na universidade en función ao ano e o sexo

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
	Muller PDI		Home PDI		Muller PDI		Home PDI	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
ACOSO DE XÉNERO	10,9 %	42,8 %	27,0 %	54,9 %	89,1 %	57,2 %	73,0 %	45,1 %

Figura 82. Frecuencia de acoso de xénero na universidade en función do sexo e do ano



Atención sexual non desexada

En 2018, a media de atención sexual non desexada no colectivo de Persoal Docente e Investigador (PDI) situábase en 1,32, mentres que en 2025 descendeu a 1,14 ($t=4,69$; $p<,001$), o que evidencia unha redución significativa na frecuencia deste tipo de situacións (véxase a táboa 49).

Táboa 49. Diferenzas de medias de atención sexual non desexada (SEQ) en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	PDI 2018	PDI 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,32 (,47)	1,14 (,35)	4,69	<,001

Esta diminución é especialmente salientable no caso das profesoras-investigadoras, cuxa media pasou de 1,45 en 2018 a 1,22 en 2025 ($t=4,28$; $p<,001$) (véxase a táboa 50). Pola contra, entre os profesores-investigadores a variación non resulta estatísticamente significativa, pasando de 1,12 a 1,06 ($p=,179$) (véxase a táboa 51). Estes resultados reflicten unha mellora máis acusada no colectivo feminino, o que subliña a importancia de continuar reforzando as políticas de prevención e protección fronte á atención sexual non desexada, especialmente nas profesoras-investigadoras.

Táboa 50. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) das profesoras-investigadoras do PDI en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PDI 2018	Mulleres PDI 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,45 (,50)	1,22 (,41)	4,28	<,001

Táboa 51. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) dos profesores-investigadores do PDI en función do ano


SEQ	M (DT)		t-student	p
	Homes PDI 2018	Homes PDI 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,12 (,33)	1,06 (,25)	1,35	,179

En relación ás frecuencias, o 45,5 % das profesoras-investigadoras recoñecía en 2018 ter vivido situacións de atención sexual non desexada polo menos unha vez, fronte ao 21,6 % en 2025 (véxase a táboa 52 e figura 83). Nos profesores-investigadores, as porcentaxes descenden do 12,2 % ao 6,5 %. Aínda que a incidencia é menor en 2025, mantéñense frecuencias maiores entre as profesoras-investigadoras fronte aos profesores-investigadores.

Táboa 52. Frecuencias de situacións de atención sexual non desexada na universidade en función ao ano e o sexo

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	Muller PDI		Home PDI		Muller PDI		Home PDI	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
	54,5 %	78,4 %	87,8 %	93,5 %	45,5 %	21,6 %	12,2 %	6,5 %

Figura 83. Frecuencia de situación de atención sexual non desexada na universidade en función do sexo e do ano (2018-2025)



Coacción sexual

As medias na subescala de coacción sexual amosan unha lixeira redución entre os anos 2018 e 2025, pasando de 1,09 a 1,04 ($t=1,98$; $p=,049$), o que indica unha diminución estatisticamente significativa a nivel global no colectivo do PDI (véxase a táboa 53).

Ao desagregar os datos por sexo, obsérvase que entre as profesoras-investigadoras a media descende de 1,14 en 2018 a 1,07 en 2025 ($t=1,86$; $p=,0$) (véxase a táboa 54), aínda que esta variación non resulta estatisticamente significativa. No caso dos profesores-investigadores, practicamente non se detecta cambio, cunha media de 1,03 en 2018 fronte a 1,02 en 2025 ($t=0,18$; $p=,856$) (véxase a táboa 55), o que confirma a estabilidade dos datos neste grupo. Estes resultados suxiren que, malia a mellora global, a redución da coacción sexual é máis limitada e desigual segundo o sexo, polo que cómpre reforzar as accións específicas de prevención e intervención.

Táboa 53. Diferenzas de medias de atención sexual non desexada (SEQ) en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	PDI 2018	PDI 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,09 (,29)	1,04 (,21)	1,98	,049

Táboa 54. Diferenzas de medias de coacción sexual (SEQ) das profesoras-investigadoras do PDI en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PDI 2018	Mulleres PDI 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,14	1,07	1,86	,065

Táboa 55. Diferenzas de medias de coacción sexual (SEQ) dos profesores-investigadores do PDI en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Homes PDI 2018	Homes PDI 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,03	1,02	,18	,856

En relación á frecuencia de situacións de coacción sexual, os datos recollidos en 2018 amosan que o 13,6 % das profesoras-investigadoras e o 2,7 % dos profesores-investigadores recoñecían ter vivido este tipo de experiencias. No ano 2025, estas cifras descenden ao 6,7 % no caso das profesoras-investigadoras e ao 2,3 % entre os profesores-investigadores (véxase a táboa 56 e a figura 84).


Táboa 56. Frecuencias de situacións de coacción sexual na universidade en función ao ano e o sexo

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
	Muller PDI		Home PDI		Muller PDI		Home PDI	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
COACCIÓN SEXUAL	86,4 %	93,3 %	97,3 %	97,7 %	13,6 %	6,7 %	2,7 %	2,3 %

A tendencia é claramente positiva, xa que se observa unha redución significativa na prevalencia da coacción sexual no colectivo do PDI. Con todo, persiste unha maior

incidencia entre as profesoras-investigadoras, o que evidencia a necesidade de continuar reforzando as políticas de prevención e protección con perspectiva de xénero.

Figura 84. Frecuencia de situación de coacción sexual na universidade en función do sexo e do ano



5.3.2. Análise de datos do PTXAS

5.3.2.1. Víctimas de acoso sexual e acoso por razón de sexo: resultados comparativos de comportamentos de acoso entre 2018 e 2025

5.3.2.1.1. Acoso sexual

En relación coas vítimas de acoso sexual no colectivo do PTXAS, obsérvase unha estabilidade nos resultados entre os anos 2018 e 2025 (véxase a táboa 57 e figuras 85 e 86). En 2018, o 5,84 % das persoas do PTXAS recoñecían ter sufrido acoso sexual, mentres que en 2025 a cifra mantense nun 5,7 %. As diferenzas entre ambos períodos non resultan estatisticamente significativas ($\text{Chi}^2_{(1)} = 2,605$; $p = ,457$), o que indica que a prevalencia deste tipo de situacións permaneceu relativamente constante ao longo do tempo, sen cambios substanciais no colectivo.

Ao analizar os datos en función do sexo, tanto en 2018 como en 2025 as mulleres do colectivo PTXAS presentan unha maior porcentaxe de vitimización en comparación cos homes (véxase a táboa 57, e figuras 85 e 86). En 2018, o 7,5 % das mulleres afirmaban ter vivido situacións de acoso sexual, fronte ao 2,1 % dos homes. En 2025, a porcentaxe nas mulleres descende lixeiramente ao 7,4 %, mentres que nos homes aumenta ata o 3,8 %.

A pesar desta variación, as diferenzas entre ambos períodos non son estatisticamente significativas, o que suxire que persiste unha desigualdade por sexo na exposición ao acoso sexual, especialmente no caso das mulleres, e que cómpre seguir abordando esta realidade desde unha perspectiva de xénero.

Táboa 57. Comparativa das vítimas de acoso sexual entre 2018-2025

SUFRICHES ACOSO SEXUAL?	2018			2025		
	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS	Total	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS	Total
Si	7,5 % (n=8)	2,1 % (n=1)	5,84 % (n=9)	7,4 % (n=10)	3,8 % (nn=3)	5,7 % (n=13)
Non	92,5 % (n=98)	97,9 % (n=47)	94,16 % (n=145)	93,3 % (n=125)	96,2 % (n=76)	94,3 % (n=214)
Chi ² ₍₁₎ = 2,605; p = ,457						

Figura 85. Vítimas de acoso sexual en función do ano (2018-2025)





Figura 86. Vítimas de acoso sexual en función do sexo (2018-2025)



5.3.2.1.2. Acoso por razón de sexo

En relación coas vítimas de acoso por razón de sexo entre o PTXAS, obsérvase un lixeiro incremento nos resultados entre os anos 2018 e 2025 (véxase a táboa 58 e figuras 87 e 88). En 2018, o 2,6 % das persoas do PTXAS recoñecían ter sufrido acoso por razón de sexo. No 2025, esa cifra ascende a o 6,1 %. As diferenzas entre ambos períodos non resultan estatisticamente significativas (Chi²₍₁₎ = 7,027; p = ,071).

Ao analizar os datos en función do sexo, tanto en 2018 como en 2025 as mulleres do colectivo PTXAS sufriron mais acoso por razón de sexo que os seus compañeiros homes (véxase a táboa 58, figura 87 e 88). En 2018, o 3,8 % das mulleres afirmaban ter vivido situacións de acoso por razón de sexo, fronte ao 0 % dos homes. En 2025, a porcentaxe nas mulleres ascende ao 8,1 % e nos homes a o 6,1 %.

A pesar deste aumento, as diferenzas entre ambos períodos non son estatisticamente significativas, o que suxire que persiste unha desigualdade por sexo na exposición ao acoso por razón de sexo, especialmente no caso das mulleres, polo que é necesario seguir formando a toda a comunidade universitaria en relación á materia de acoso por razón de sexo.

Táboa 58. Comparativa das vítimas de acoso por razón de sexo entre 2018-2025

SUFRICHES ACOSO SEXUAL?	2018			2025		
	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS	Total	Mulleres PTXAS	Homes PTXAS	Total
Si	3,8 % (n=4)	0 % (n=0)	2,6 % (n=4)	8,1 % (n=11)	2,5 % (n=2)	6,1 % (n=13)
Non	96,2 % (n=102)	100 % (n=47)	97,4 % (n=150)	91,9 % (nn=124)	97,5 % (n=77)	93,9 % (n=201)
Chi ² ₍₁₎ = 7,027; p = ,071						

Figura 87. Vítimas de acoso por razón de sexo en función do ano (2018-2025)





Figura 88. Vítimas de acoso por razón de sexo en función do sexo (2018-2025)



5.3.2.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Tanto na diagnose realizada en 2018 como na de 2025, adminístrase ao colectivo de PTXAS o cuestionario de experiencias sexuais (SEQ). Este instrumento permite avaliar a frecuencia de situacións de índole sexual non desexadas e ofensivas ás que o PTXAS puido estar exposto no seu posto de traballo na UVigo. A aplicación continuada do mesmo cuestionario posibilita realizar unha comparativa rigorosa sobre a

evolución deste tipo de experiencias ao longo do tempo, contribuíndo así a identificar cambios na prevalencia e a eficacia das medidas institucionais adoptadas. Estas experiencias sexuais non desexadas organízanse en tres subescalas: acoso de xénero, coacción sexual e atención non desexada.

Acoso de xénero

En relación co acoso de xénero no colectivo do PTXAS, obsérvase unha redución significativa nas medias entre os anos 2018 e 2025 (véxase a táboa 59). En 2018, a media situábase en 1,75, mentres que en 2025 descendeu a 1,47 ($t=5,65$; $p<,001$), o que evidencia unha mellora relevante na percepción e vivencia deste tipo de situacións.

Táboa 59. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	PTXAS 2018	PTXAS 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,75 (,43)	1,47 (,50)	5,65	,001

Ao desagregar os datos por sexo, conséntase que a diminución se produce de forma significativa tanto nas traballadoras como nos traballadores do PTXAS. No caso das traballadoras, a media pasou de 1,73 en 2018 a 1,50 en 2025 ($t=3,75$; $p<,001$) (véxase a táboa 60), mentres que nos traballadores descendeu de 1,81 a 1,43 ($t=4,78$; $p<,001$), (véxase a táboa 61). Estes resultados reflicten un avance importante na loita contra o acoso de xénero no ámbito universitario, e subliñan a necesidade de continuar reforzando políticas de prevención e sensibilización para consolidar esta tendencia positiva.

Táboa 60. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) das traballadoras do PTXAS en función do ano (2018-2025)

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PTXAS 2018	Mulleres PTXAS 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,73 (,45)	1,50 (,50)	3,75	<,001

Táboa 61. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) dos traballadores do PTXAS en función do ano (2018-2025)


SEQ	M (DT)		t-student	p
	Homes PTXAS 2018	Homes PTXAS 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,81 (,39)	1,43 (,50)	4,78	<,001

En relación coa frecuencia de ter vivido situacións de acoso de xénero, obsérvase unha redución significativa entre os anos 2018 e 2025 no colectivo do PTXAS (véxase a táboa 62, figura 89). En 2018, o 72,6 % das traballadoras e o 81,3 % dos traballadores recoñecían ter experimentado este tipo de situacións polo menos unha vez. En 2025, estas porcentaxes descenden ao 49,6 % no caso das traballadoras e ao 43,0 % entre os traballadores, o que representa unha diminución relevante na prevalencia do acoso de xénero, aínda que persiste unha incidencia elevada que cómpre seguir abordando.

Táboa 62. Frecuencias de situacións de acoso de xénero na universidade en función ao ano e o sexo

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
ACOSO DE XÉNERO	Muller PTXAS		Home PTXAS		Muller PTXAS		Home PTXAS	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
	27,4 %	50,4 %	18,7 %	57,0 %	72,6 %	49,6 %	81,3 %	43,0 %

Figura 89. Frecuencia de acoso de xénero na universidade en función do sexo e do ano (2018-2025)



Atención sexual non desexada

A media da subescala de atención sexual non desexada no colectivo do PTXAS situábase en 1,27 no ano 2018, descendendo a 1,14 en 2025 ($t=3,04$; $p=,003$), o que indica unha redución significativa na frecuencia deste tipo de situacións (véxase a táboa 63).

Táboa 63. Diferenzas de medias de atención sexual non desexada (SEQ) en función do ano (2018-2025)

SEQ	M (DT)		t-student	p
	PTXAS 2018	PTXAS 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,27 (,44)	1,14 (,35)	3,04	,003

Esta diminución é máis acusada entre as traballadoras, cuxa media pasou de 1,34 en 2018 a 1,18 en 2025 ($t=2,85$; $p=,005$), (véxase a táboa 64). No caso dos traballadores, a variación non resulta estatisticamente significativa, con medias de 1,12 en 2018 e 1,07 en 2025 ($p=,363$), (véxase a táboa 65). Estes resultados evidencian unha mellora parcial, especialmente nas traballadoras PTXAS.

Táboa 64. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) das traballadoras do PTXAS e do ano (2018-2025)

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PTXAS 2018	Mulleres PTXAS 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,34 (,47)	1,18 (,38)	2,85	,005

Táboa 65. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) das traballadoras do PTXAS e do ano (2018-2025)

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Homes PTXAS 2018	Homes PTXAS 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,12 (,33)	1,07 (,27)	,91	,363


En relación coa frecuencia de situacións de atención sexual non desexada no colectivo do PTXAS, os datos amosan unha redución significativa entre os anos 2018 e 2025 (véxase a táboa 66, e figura 90). No caso das traballadoras, o 34,0 % reconecía en 2018 ter vivido este tipo de situacións polo menos unha vez, fronte ao 17,8 % en 2025. Entre os traballadores, as porcentaxes descenden do 12,5 ao 7,6 % no mesmo período.

A diminución da incidencia é evidente en ambos grupos, o que reflicte unha evolución positiva na loita contra este tipo de condutas. Con todo, as frecuencias contiñan a ser máis elevadas entre as traballadoras, o que pon de manifesto a persistencia dunha desigualdade que cómpre seguir abordando mediante políticas específicas de prevención e sensibilización.

Táboa 66. Frecuencias de situacións de atención sexual non desexada na universidade e en función do sexo e do ano (2018-2025)

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	Muller PTXAS		Home PTXAS		Muller PTXAS		Home PTXAS	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
	66,0 %	82,2 %	87,5 %	92,4 %	34,0 %	17,8 %	12,5 %	7,6 %

Figura 90. Frecuencia de situación de atención sexual non desexada na universidade en función do sexo e do ano (2018-2025)



Coacción sexual

As medias de coacción sexual no colectivo PTXAS mantéñense practicamente constantes entre os anos 2018 e 2025, pasando de 1,05 a 1,07 ($t=-0,89$; $p=,375$), o que indica que a incidencia deste tipo de situación de coacción sexual continúa a ser baixa e estable no tempo.

Táboa 67. Diferenzas de medias de coacción sexual (SEQ) en función do ano (2018-2025)

SEQ	M (DT)		t-student	p
	PTXAS 2018	PTXAS 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,05 (,22)	1,07 (,26)	-,89	,375

Ao desagregar os datos por sexo, obsérvase que entre as traballadoras a media pasa de 1,07 en 2018 a 1,09 en 2025 ($t=-0,37$; $p=,709$), o que confirma a ausencia de variacións estatisticamente significativas, (véxase a táboa 68). No caso dos traballadores, a media aumenta de 1,00 a 1,05 ($t=-2,04$; $p=,045$), unha diferenza pequena pero significativa a nivel estatístico, que podería indicar unha lixeira maior exposición a situacións de coacción sexual entre os traballadores no último período analizado, (véxase a táboa 69). Estes resultados suxiren a necesidade de manter a vixilancia e reforzar as accións preventivas dirixidas a todo o colectivo do PTXAS.

Táboa 68. Diferenzas de medias de coacción sexual (SEQ) das traballadoras do PTXAS en función do ano (2018-2025)

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Mulleres PTXAS 2018	Mulleres PTXAS 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,07 (,26)	1,09 (,28)	-,37	,709

Táboa 69. Diferenzas de medias de coacción sexual (SEQ) dos traballadores do PTXAS en función do ano (2018-2025)

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Homes PTXAS 2018	Homes PTXAS 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,00 (,00)	1,05 (,22)	-2,04	,045


As frecuencias de coacción sexual no colectivo do PTXAS indican que a gran maioría do persoal non experimentou este tipo de situacións en ningún dos dous períodos analizados, aínda que se aprecian pequenas variacións entre 2018 e 2025 (véxase a táboa 70 e figura 91).

En 2018, o 92,5 % das traballadoras afirmaba non ter vivido nunca situacións de coacción sexual, fronte ao 91,1 % en 2025. En consecuencia, a proporción de traballadoras que recoñecen ter experimentado polo menos unha situación deste tipo aumenta lixeiramente, pasando do 7,5 % en 2018 ao 8,9 % en 2025. Aínda que a variación é moderada, resulta relevante para seguir monitorizando a evolución deste fenómeno e reforzar as medidas de prevención.

Táboa 70. Frecuencias de situacións de coacción sexual na universidade en función do sexo e do ano (2018-2025)

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
COACCIÓN SEXUAL	Muller PTXAS		Home PTXAS		Muller PTXAS		Home PTXAS	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
	92,5 %	91,1 %	100,0 %	94,9 %	7,5 %	8,9 %	0 %	5,1 %

Figura 91. Frecuencia de situación de coacción sexual na universidade en función do sexo e do ano (2018-2025)



5.3.3. Análise de datos do estudantado

5.3.3.1. Víctimas de acoso sexual e acoso por razón de sexo: resultados comparativos de comportamentos de acoso entre 2018 e 2025

5.3.3.1.1. Acoso sexual

A análise comparativa das diagnoses de acoso sexual realizada entre o estudantado da UVigo amosa unha diminución entre os anos 2018 e 2025 (véxase a táboa 71). En 2018, o 4 % do estudantado declarou ter sufrido acoso sexual, mentres que en 2025 esta porcentaxe reduciuse ao 2,5 %. Este descenso supón un indicativo de que as accións levadas a cabo polas institucións universitarias están sendo eficaces á hora de previr e tomar medidas contra o acoso sexual.

Os datos segregados por sexo (véxase as figura 92 e 93), amosan tamén unha mellora. No 2018, o 5,6 % das alumnas recoñecían ter sido vítimas de acoso sexual, fronte ao 1,3 % dos alumnos. En 2025, estas cifras descenderon ao 3,2 % no caso das alumnas

e ao 0,5 % no caso dos alumnos. As diferenzas entre ambos períodos son estatisticamente significativas ($\chi^2_{(1)}=32,030$; $p<,001$). Estes resultados poñen de manifesto a importancia de seguir traballando en acción de concienciación, prevención, formación e actuación dirixidas ao estudantado para crear espazos universitarios libres de acoso sexual.

Táboa 71. Comparativa das vítimas de acoso sexual entre 2018-2025

SUFRICHES ACOSO SEXUAL?	2018			2025		
	Alumnas	Alumnos	Total	Alumnas	Alumnos	Total
Si	5,6 % (n=50)	1,3 % (n=7)	4,0 % (n=57)	3,2 % (n=31)	0,5 % (n=2)	2,5 % (n=33)
Non	94,4 % (n=837)	98,7 % (n=540)	96,0 % (n=1377)	96,8 % (n=926)	99,5 % (n=383)	97,5 % (n=1309)
$\chi^2_{(1)}=32,030$; $p<,001$						

Figura 92. Vítimas de acoso sexual en función do ano





Figura 93. Vítimas de acoso sexual en función do sexo (2018-2025)



5.3.3.1.2. Acoso por razón de sexo

A comparación dos resultados de acoso por razón de sexo entre o estudantado da UVigo amosa unha diminución entre 2018 e 2025 (véxase a táboa 72). En 2018, o 4,2 % do estudantado declarou ter sufrido acoso por razón de sexo, mentres que en 2025 esta porcentaxe é de 3,8 %.

Os datos segregados por sexo (véxase as figura 94 e 95), no caso das alumnas obsérvase tamén unha mellora. No 2018, o 6,5 % das alumnas recoñecían ter sido vítimas de acoso por razón de sexo, fronte ao 4,5 % das alumnas en 2025. No caso dos alumnos, o porcentaxe lixeiramente, sendo de 0,4 % en 2018 e de 2,1 % en 2025. As diferenzas entre ambos períodos son estatisticamente significativas ($\text{Chi}^2_{(1)} = 37,987$; $p < ,001$). Estes resultados subliñan a necesidade de seguir levando a cabo formación en materia de acoso sexual e por razón de sexo no ámbito universitario.

Táboa 72. Comparativa das vítimas de acoso por razón de sexo entre 2018-2025

SUFRICHES ACOSO SEXUAL?	2018			2025		
	Alumnas	Alumnos	Total	Alumnas	Alumnos	Total
Si	6,5 % (n=58)	0,4 % (n=2)	4,2 % (n=60)	4,5 % (n=43)	2,1 % (n=8)	3,8 % (n=51)
Non	93,5 % (n=828)	99,6 % (n=544)	95,8 % (n=1372)	95,5 % (n=914)	97,9 % (n=376)	96,2 % (n=1209)
$\text{Chi}^2_{(1)} = 37,987$; $p < ,001$						

Figura 94. Vítimas de acoso por razón de sexo en función do ano





Figura 95. Vítimas de acoso por razón de sexo en función do sexo (2018-2025)



5.3.3.2. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Na diagnose realizada en 2018 e na realizada en 2025, adminístrouse ao estudiantado o cuestionario de experiencias sexuais (SEQ). Este instrumento permite avaliar a frecuencia de situacións de índole sexual non desexadas e ofensivas ás que o estudenta-

do puido estar exposto no contexto universitario. A aplicación deste cuestionario en 2018 e 2025, permítenos obter unha visión comparativa de como evolucionaron as experiencias relacionadas con estas situación nestes últimos anos e así poder adaptar as medidas institucionais ás necesidades do estudantado. Estas experiencias orgánizanse en tres subescalas: acoso de xénero, coacción sexual e atención non desexada.

Acoso de xénero

Obsérvase unha redución nas medias de acoso de xénero entre os anos 2018 e 2025 entre o estudantado da UVigo. En 2018, a media situábase en 1,53, mentres que en 2025 descendeu a 1,41 ($t=6,62$; $p<,001$), polo que podemos afirmar a existencia dunha mellora na percepción de ter vivido este tipo de situación (véxase a táboa 73).

Tanto nas medias acadadas polas alumnas como polos alumnos obsérvase unha diminución. No caso das alumnas, en 2018 a media era de 1,54 fronte a un 1,42 no 2015 ($t=5,12$; $p<,001$) (véxase a táboa 74). No caso dos alumnos, a media pasou de 1,52 a 1,37 ($t=4,49$; $p<,001$) (véxase a táboa 75). Estas diminucións estatisticamente significativas amosan un progreso salientable na erradicación do acoso de xénero entre o estudantado, poñendo en valor a necesidade de seguir impulsando medidas institucionais de prevención e sensibilización no eido universitario.

Táboa 73. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Estudiantado 2018	Estudiantado 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,53 (,50)	1,41 (,49)	6,62	<,001

Táboa 74. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) das alumnas en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnas 2018	Alumnas 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,54 (,50)	1,42 (,49)	5,12	<,001

Táboa 75. Diferenzas de medias do acoso de xénero (SEQ) dos alumnos en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnos 2018	Alumnos 2025		
ACOSO DE XÉNERO	1,52 (,50)	1,37 (,48)	4,49	<,001


En relación coa frecuencia de acoso de xénero experimentado, os datos amosan unha evolución positiva entre os anos 2018 e 2025 entre o estudiantado (véxase a táboa 76 e a figura 96). En 2018, o 54,1 % das alumnas e 42,1 % dos alumnos afirmaron ter sufrido esta situación polo menos unha vez. No ano 2025 a porcentaxe baixa, no caso das alumnas a un 42,1 % e no caso dos alumnos un 37,1 %.

Esta redución representa unha mellora significativa na loita contra o acoso de xénero na Universidade de Vigo entre o estudiantado, o que evidencia o impacto das medidas institucionais aplicadas nos últimos anos.

Táboa 76. Frecuencias de situacións de acoso de xénero na universidade en función ao ano e o sexo

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
ACOSO DE XÉNERO	Alumnas		Alumnos		Alumnas		Alumnos	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
	45,9 %	57,9 %	48,1 %	62,9 %	54,1 %	42,1 %	51,9 %	37,1 %

Figura 96. Frecuencia de acoso de xénero na universidade en función do sexo e do ano



Atención sexual non desexada

En 2018, a media de atención sexual non desexada entre o estudiantado situábase en 1,15. No 2015 esta media baixou a 1,14 ($t=1,01$; $p=,315$), polo que a redución non é significativa neste caso (véxase a táboa 77).

Táboa 77. Diferenzas de medias de atención sexual non desexada (SEQ) en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Estudantado 2018	Estudantado 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,15 (,36)	1,14 (,35)	1,01	,315

No caso das alumnas, a media baixou de 1,18 en 2018 a 1,16 en 2025 ($t=1,24$; $p=,215$) (véxase a táboa 78). Nos alumnos, a media baixou de 1,11 en 2018 a 1,09 en 2025 ($t=1,08$; $p=,279$) (véxase a táboa 79). Estes resultados, aínda que non reflicten unha mellora substancial, amosan unha diminución das medias e reforzan a necesidade de seguir traballando nas políticas de prevención e protección fronte á atención sexual non desexada.

Táboa 78. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) do estudantado en función do sexo e do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnas 2018	Alumnas 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,18 (,39)	1,16 (,37)	1,24	,215

Táboa 79. Diferenzas de medias da atención sexual non desexada (SEQ) do estudantado en función do sexo e do ano


SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnos 2018	Alumnos 2025		
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	1,11 (,31)	1,09 (,28)	1,08	,279

En relación ás frecuencias, o 18,2 % das alumnas recoñecía en 2018 ter vivido situacións de atención sexual non desexada polo menos unha vez, fronte ao 16 % en 2025 (véxase a táboa 80 e figura 97). Nos alumnos, as porcentaxes descenden do 10,7 % ao 8,6 %.

Táboa 80. Frecuencias de situacións de atención sexual non desexada na universidade en función ao ano e o sexo

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
	Alumnas		Alumnos		Alumnas		Alumnos	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
ATENCIÓN SEXUAL NON DESEXADA	81,8 %	84,0 %	89,3 %	91,4 %	18,2 %	16,0 %	10,7 %	8,6 %

Figura 97. Frecuencia de situación de atención sexual non desexada na universidade en función do sexo e do ano (2018-2025)



Coacción sexual

As medias na subescala de coacción sexual amosan un lixeiro aumento entre os anos 2018 e 2025, pasando de 1,02 a 1,03 ($t=-2,05$; $p=,040$) (véxase táboa 81).

Ao desagregar os datos por sexo, obsérvase que entre as alumnas a media en 2018 era de 1,02 fronte a 1,04 en 2025 ($t=-2,65$; $p=,008$) (véxase a táboa 82). No caso dos alumnos a media mantense estable entre o 2018 e o 2025, sendo de 1,02 en ambos anos ($t=,71$; $p=,479$) (véxase a táboa 83), o que confirma a estabilidade dos datos neste grupo. Estes resultados suxiren que cómpre reforzar as accións específicas de prevención e intervención en relación a coacción sexual entre o estudantado.

Táboa 81. Diferenzas de medias de coacción sexual (SEQ) en función do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Estudantado 2018	Estudantado 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,02 (,14)	1,03 (,18)	-2,05	,040

Táboa 82. Diferenzas de medias de coacción sexual (SEQ) do estudantado en función do sexo e do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnas 2018	Alumnas 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,02 (,13)	1,04 (,19)	-2,65	,008

Táboa 83. Diferenzas de medias de coacción sexual (SEQ) do estudantado en función do sexo e do ano

SEQ	M (DT)		t-student	p
	Alumnos 2018	Alumnos 2025		
COACCIÓN SEXUAL	1,02 (,15)	1,02 (,12)	,71	,479


En relación coa frecuencia de ter experimentado situacións de coacción sexual, os datos recollidos en 2018 amosan que o 1,8 % das alumnas e o 2,2 % dos alumnos recoñecían ter vivido este tipo de experiencias. No ano 2025, estas cifras aumentan ao 2,2 % no caso das alumnas e diminúen a 1,6 % no caso dos alumnos (véxase a táboa 84 e a figura 98).

Táboa 84. Frecuencias de situacións de coacción sexual na universidade en función ao ano e o sexo

SEQ	Nunca				Unha vez ou máis			
	Alumnas		Alumnos		Alumnas		Alumnos	
	2018	2025	2018	2025	2018	2025	2018	2025
COACCIÓN SEXUAL	98,2 %	96,1 %	97,8 %	98,4 %	1,8 %	3,9 %	2,2 %	1,6 %

Obsérvase unha redución na prevalencia de coacción sexual no caso dos alumnos, pero un aumento no caso das alumnas. Estes resultados evidencian a necesidade e a urxencia de seguir traballando e reforzando as políticas de sensibilización, prevención e protección con perspectiva de xénero.

Figura 98. Frecuencia de situación de coacción sexual na universidade en función do sexo e do ano



6. Conclusións do estudo cuantitativo e cualitativo

6.1. Colectivo do PDI

6.1.1. Comportamentos de acoso sexual e de acoso por razón de sexo

6.1.1.1. Víctimas de acoso sexual

- 16 persoas do colectivo PDI (3,8 % do total) recoñeceron sufrir acoso sexual, sendo 15 delas profesoras-investigadoras (7,2 % das mulleres PDI) e 1 profesor-investigador (0,5 % dos homes PDI).
- As profesoras-investigadoras sinalaron como presuntos agresores a compañeiros profesores-investigadores (n=10) e a alumnos (n=5).
- A maioría das vítimas autoidentificadas pertencen ao PDI a tempo completo con vinculación permanente (n=12) e ao ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas (n=9).
- Nos relatos o acoso sexual manifestouse a través do contacto físico non consentido, incluíndo tocamentos, roces intencionados ou agarres sen consentimento, que persisten a pesar do rexeitamento explícito da vítima. Tamén a través de comentarios de tipo sexual e preguntas invasivas sobre a vida íntima; así, como xestos obscenos e insultos degradantes e de natureza sexual.

6.1.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

- 31 persoas do PDI afirmaron ser vítimas de acoso por razón de sexo (7,3 % do total); 30 son profesoras-investigadoras (14,4 % das mulleres do PDI) e 1 é un profesor-investigador (0,5 % dos homes do PDI).
- As profesoras-investigadoras sinalaron como presuntos agresores a 24 profesores-investigadores.
- O acoso por razón de sexo afecta maioritariamente ao PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente (n=17) e atópase maioritariamente no eido das Ciencias Sociais e Xurídicas (n=13).
- Nos relatos, as profesoras-investigadoras relataron sufrir discriminacións que cuestionaban os seus méritos, con comentarios sexistas, exclusión en proxectos e acoso laboral, ademais de agresións verbais e comportamentos irrespectuosos do estudantado.

6.1.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Acoso de xénero

Esta foi a situación máis sufrida. As profesoras-investigadoras sentiron significativamente máis «menosprezo» ou actitudes paternalistas (30,5 % das profesoras-investigadoras sufriron esta situación fronte ao 3 % dos profesores-investigadores, $p < ,001$) e foron tratadas de forma «diferente» debido ao seu xénero (31,1 % fronte ao 4,8 % dos homes PDI, $p < 0,001$).

Atención sexual non desexada

As profesoras-investigadoras están máis expostas a esta situación, con diferenzas significativas en situacións como ser tocadas dunha forma que as incomodou (8,0 % das mulleres fronte ao 0,5 % dos homes) e recibir atención sexual non desexada (10,5 % fronte ao 1,9 %).

Coacción sexual

A prevalencia é baixa, pero os datos apuntan a que as mulleres do PDI están máis expostas a formas sutís como o suborno ou a ameaza sutil para manter relacións sexuais (2,5 % das profesoras-investigadoras indicaron vivir estas experiencias fronte ao 0,0 % dos homes).

6.1.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías.

Ciberacoso sexual

As profesoras-investigadoras sofren máis situacións de ciberacoso sexual ($t=2,42$; $p<,05$) que os seus compañeiros. O 4,0 % das profesoras-investigadoras indicaron sufrir comentarios non desexados de tipo sexual a través de medios dixitais (fronte ao 0,0 % dos homes PDI).

6.1.2. Coñecemento de casos de acoso sexual e por razón de sexo

Casos de acoso sexual

- O colectivo do PDI coñece un total de 79 vítimas de acoso sexual.
- O colectivo do PDI sinala ter coñecemento de 83 persoas que son presuntos agresores de acoso sexual na UVigo.
- O grupo máis afectado percibido son as alumnas (55 casos), e o grupo máis sinalado como presunto agresor é o dos profesores-investigadores (58 casos).
- As profesoras-investigadoras tenden a coñecer máis casos de acoso (20,7 %) que os profesores-investigadores (13,5 %).
- Os relatos do PDI evidencian patróns de acoso normalizados dentro do ámbito académico. Un mesmo estudante repetiu condutas de acoso contra diferentes vítimas, mostrando a reiteración destes comportamentos. Ademais, en grupos con medios telemáticos de estudantes producíronse conversas sexualizadas que cousificaban ás profesoras.

Casos de acoso por razón de sexo

- 39 profesoras-investigadora (un 18,8 %) e 21 profesores-investigadores (un 9,8 %) afirmaron coñecer casos de acoso por razón de sexo na UVigo. Os datos mostran que os colectivos máis afectados son as alumnas, con 30 casos, e as profesoras, con 24 casos. En canto ás persoas agresoras, o grupo máis frecuentemente

senalado é o dos profesores-investigadores, con 41 casos, seguido dos alumnos, con 10 casos.

- Os relatos do PDI identificaron actitudes machistas por parte do PTXAS, con comportamentos verbais agresivos e paternalistas cara a varias mulleres.

6.1.3. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención da UVigo

- Cerca da metade do PDI coñece a existencia do protocolo (50,2 % das mulleres e 47,4 % dos homes).
- A maioría considera que é efectivo (54,2 %).
- As profesoras-investigadoras amosan un maior interese en participar en formacións futuras (25,0 %).

6.2. Colectivo do PTXAS

6.2.1. Comportamentos de acoso sexual e de acoso por razón de sexo

6.2.1.1. Víctimas de acoso sexual

- 13 persoas do colectivo PTXAS recoñeceron sufrir acoso sexual (5,7 % do total), sendo a maioría traballadoras do PTXAS (10 mulleres, 7,4 %).
- A maioría das vítimas pertencen ao Campus de Vigo (n=8).

6.2.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

- 15 PTXAS afirmaron ser vítimas de acoso por razón de sexo (6,1 % do total), sendo 13 traballadoras (8,1 %).
- As traballadoras do PTXAS sinalaron principalmente a compañeiros do PTXAS (n=7) como presuntos agresores.

6.2.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Acoso de xénero

As traballadoras do PTXAS sentiron significativamente máis «menosprezo» ou actitudes paternalistas ($p < ,001$) (22,8 % das traballadoras sinalan ter vivido esta conduta, fronte a só o 2,6 % dos traballadores) e foron tratadas de forma diferente debido ao xénero ($p < ,01$). O 22,8 % das traballadoras experimentaron trato diferencial debido ao xénero, fronte ao 3,9 % dos traballadores.

Atención sexual non desexada

O 11,0 % das traballadoras do PTXAS sufriron atención sexual non desexada fronte ao 2,6 % dos traballadores.

Coacción sexual

A incidencia é relativamente baixa nesta subescala, e as diferenzas entre traballadoras e traballadores non son estatisticamente significativas, aínda que as mulleres tenden a obter maiores puntuacións medias.

6.2.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías.

Ciberacoso sexual

As medias son baixas e as diferenzas entre sexos non son significativas. A maioría indica non ter experimentado este tipo de conduta (98,4 % traballadoras e 97,4 % traballadores).

6.2.2. Coñecemento de casos de acoso sexual e por razón de sexo

Casos de acoso sexual

- 14 % do PTXAS coñece casos de acoso sexual. As alumnas (16 casos) e as traballadoras do PTXAS (11 casos) son os grupos máis aludidos como vítimas.
- Os profesores-investigadores (12 casos) e os traballadores do PTXAS (10 casos) son os grupos máis sinalados como presuntos agresores de acoso sexual.
- As traballadoras do PTXAS informan de máis casos coñecidos que os seus compañeiros.
- Nos relatos expostos polas mulleres do PTXAS cabe destacar as seguintes situación: alusións públicas á vida sexual, exhibicionismo, insinuacións e tocamientos non consentidos, tanto en oficinas como en eventos sociais.
- Tamén se rexistrou a difusión de contido sexual explícito por medios institucionais, afectando a toda comunidade universitaria.

Casos de acoso por razón de sexo

- 18 traballadoras do PTXAS (un 13,3 %) e 8 traballadores (un 10,1 %) afirmaron coñecer casos de acoso por razón de sexo na UVigo (un total de 34 vítimas)
- O colectivo máis sinalado é o das alumnas, con 16 casos coñecidos, seguido polas traballadoras do PTXAS, con 11 casos.
- O grupo máis frecuente sinalado como a onde pertencen os presuntos agresores son os traballadores do PTXAS, con 15 casos coñecidos, seguido polos profesores-investigadores, con 12 casos.
- O persoal do PTXAS coñece casos de acoso por razón de sexo que vulneran a dignidade e crean contornas laborais hostís. Estas condutas inclúen discriminación vinculada a responsabilidades familiares, con penalizacións pola adaptación da xornada. Tamén se rexistraron tratos degradantes e violentos, con burla, difamación e ameazas que xeran medo. Ademais, aparecen situacións de acoso

e discriminación durante embarazo, maternidade e lactación con comentarios inadecuados e vulneración de dereitos laborais.

6.2.3. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención da UVigo

- Arredor de dous terzos do colectivo PTXAS coñece a existencia do protocolo (63,1 % das mulleres e 66,7 % dos homes).
- A maioría percibe que o protocolo é efectivo (63,6 %). A maioría non participou en formacións sobre acoso (57,7 % das mulleres e 71,8 % dos homes),
- As traballadoras mostran un maior interese potencial en facelo (22,0 % fronte a 5,6 %).

6.3. Estudantado

6.3.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo

6.3.1.1. Víctimas de acoso sexual

- 33 estudantes recoñeceron ser vítimas (2,5 % do total), con 31 alumnas e 2 alumnos.
- O acoso é máis frecuente en estudantes de Grao ou dobre Grao (n=28) e no ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas (n=14).
- Nos relatos, o estudantado, principalmente alumnas, sinalan incidentes que sufriron que van desde comentarios verbais ata agresións físicas e sexuais, e clasifícanse segundo o rol da persoa acosadora (PDI, PTXAS, estudantes ou outros).
- Un número significativo de casos foi perpetrado por integrantes do PDI, con condutas que inclúen comentarios inadecuados, sexualización do estudantado e abuso da posición de autoridade, chegando a insinuar que a superación dunha materia dependía de interaccións persoais fóra do ámbito académico.
- Tamén se rexistraron casos de acoso sexual entre estudantes, que afectaron principalmente ás alumnas. Estes comportamentos inclúen tocamientos non consentidos, agresións físicas e insinuacións que xeraron tensión e incomodidade.
- Tamén aparecen relatos de acoso sexual persistente, tanto verbal como psicolóxico, protagonizado por estudantes locais e de intercambio.

6.3.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

- 51 estudantes afirmaron ser vítimas (3,8 % do total), sendo 43 alumnas e 8 alumnos.
- O grupo máis sinalado como presunto agresor polas alumnas foron os profesores-investigadores (n=18).

- Os relatos do estudiantado que sufriron acoso ou discriminación por razón de sexo, evidenciaron condutas denigrantes e estereotipadas.
- O PDI, destacan polos comentarios misóxinos, despectivos e paternalistas que limitan as expectativas profesionais das alumnas, con exemplos que van desde insinuacións sobre a aparencia física ata a ridiculización das alumnas por cuestións de xénero.
- Tamén se rexistraron situacións perpetradas por estudantes, nas que se aplican dobres estándares morais que invalidan as opinións ou iniciativas das compañeiras.

6.3.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Acoso de xénero

As alumnas están máis expostas a condutas discriminatorias e sexistas. Rexistráronse as maiores diferenzas significativas en: «menosprezo» ou actitude paternalista (24,1 % das alumnas fronte ao 5,5 % dos alumnos) e comentarios sexistas frecuentes (46,7 % das alumnas fronte ao 37,1 % dos alumnos).

Atención sexual non desexada

As alumnas sofren máis esta situación. Houbo diferenzas significativas na persistencia en pedir citas (14,6 % das alumnas fronte ao 7,0 % dos alumnos) e en ser tocadas dunha forma que as incomodou (19,7 % fronte ao 10,9 %).

Coacción sexual

As alumnas enfróntanse a máis situacións de coacción sexual. Detectáronse diferenzas significativas en situacións como o suborno sutil (5,4 % das alumnas fronte ao 1,8 % dos alumnos) e ser ameazadas de forma sutil con represalias por non cooperar sexualmente (4,5 % fronte ao 1,6 %).

6.3.1.4. Comportamentos de acoso sexual baseado nas tecnoloxías.

Ciberacoso sexual

As alumnas están máis expostas a esta situación ($t=5,43$; $p<,001$). Houbo diferenzas significativas na recepción de comentarios non desexados de tipo sexual (11,7 % das alumnas fronte ao 7,5 % dos alumnos) e na recepción de fotos explícitas non desexadas (9,2 % das alumnas fronte ao 4,4 % dos alumnos).

6.3.2. Percepción do risco de sufrir acoso sexual e por razón de sexo na universidade

- Unha porcentaxe considerablemente maior de alumnos (23,6 %) que de alumnas (9 %) considera «nada probable» que as mulleres sufran acoso. A maioría do estudiantado considera que esta situación é «algo probable» (54,3 % das alumnas e 57,4 % dos alumnos).

- A metade do estudiantado (52,7 % alumnos, 50,8 % alumnas) considera nada probable que os homes sufran acoso sexual ou por razón de sexo na universidade.

6.3.3. Coñecemento de casos de acoso sexual e por razón de sexo

Casos de acoso sexual

- 99 alumnas (un 10,4 %) e 22 alumnos (un 5,7 %) afirmaron coñecer casos de acoso sexual entre o estudiantado.
- O estudiantado sinala ter coñecemento de 117 persoas que son presuntas agresoras. O grupo máis sinalado como presunto agresor é o dos alumnos, con 50 casos, seguido dos profesores investigadores, con 44 casos.
- Nos relatos as estudantes evidenciaron coñecer casos que van desde unha ampla variedade de condutas inadecuadas: coerción e comentarios machistas ata tocamientos e favoritismos ligados ao control académico por parte de profesorado, mostrando patróns reiterados de abuso de poder e sexualización das alumnas.
- Tamén se identifican situación coñecidas perpetradas por estudantes, que inclúen agresións físicas, acoso persistente entre pares e prácticas de acoso dixital, como comentarios morbosos sobre a aparencia das mulleres ou a difusión de fotos con contido obsceno en grupos.

Casos de acoso por razón de sexo

- 99 alumnas (un 10,4 %) e 23 alumnos (un 6,0 %) afirmaron coñecer casos de acoso por razón de sexo entre o estudiantado.
- Identificáronse 99 persoas como presuntas agresoras. O grupo máis frecuentemente sinalado é o dos alumnos, con 50 casos, seguido dos profesores-investigadores con 28 casos.
- Os relatos mostran situacións onde os docentes realizan comentarios sexistas e misóxinos durante as clases, chistes incómodos, humillacións e expresións que desvalorizan ás mulleres, reforzando estereotipos e limitando a súa valía.
- Tamén se identifican situacións perpetradas por outros estudantes, nas que se aplican dobres estándares e se producen discriminacións baseadas no sexo. Estes comportamentos inclúen desprezo ou trato desigual cara ás súas compañeiras, evidenciando que a súa condición de muller foi determinante para recibir un trato discriminatorio.

6.3.4. Coñecemento, percepción e formación sobre o protocolo de prevención da UVigo

- A gran maioría do estudiantado non coñece a existencia do protocolo (80,2 % das alumnas e 81,3 % dos alumnos).

- A participación en accións formativas sobre acoso é moi baixa (74,3 % das alumnas e 83,3 % dos alumnos non participaron).
- Con todo, as alumnas son as que máis valoran a efectividade do protocolo como «moi efectivo» (33,6 % fronte ao 23,1 % dos alumnos).



7. Conclusions da análise comparativa dos resultados da diagnose de 2018 e 2025

7.1. Comparativa do PDI (2018-2025)

7.1.1. Comportamentos de acoso sexual e por razón de sexo

7.1.1.1. Víctimas de acoso sexual

Houbo unha diminución significativa na declaración de acoso sexual no PDI, pasando do 7,07 % en 2018 ao 3,8 % en 2025 ($p < ,001$). Esta redución observouse tanto en profesoras-investigadoras (10,9 a 7,2 %) como en profesores-investigadores (1,4 a 0,5 %).

7.1.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

Observouse unha diminución xeral (9,2 % en 2018 a 7,3 % en 2025, $p < ,001$). A porcentaxe de vítimas entre as profesoras-investigadoras descendeu (15,5 a 14,4 %), mentres que nos profesores-investigadores pasou de 0,0 a 0,5 %.

7.1.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Acoso de xénero

Houbo unha redución significativa na media de acoso de xénero (1,72 en 2018 a 1,33 en 2025, $p < ,001$). A porcentaxe de PDI que viviu estas situacións caíu drasticamente, especialmente nas mulleres (do 89,1 ao 57,2 %).

Atención sexual non desexada

Rexistrouse unha redución significativa na media global (1,32 a 1,14, $p < ,001$). Esta diminución foi estatisticamente significativa no caso das profesoras-investigadoras (1,45 a 1,22). A frecuencia de ter vivido estas situacións diminuíu nas profesoras-investigadoras do 45,5 ao 21,6 %.

Coacción sexual

Rexistrouse unha lixeira redución estatisticamente significativa na media global (1,09 a 1,04, $p = ,049$). A frecuencia descendeu nas profesoras-investigadoras do 13,6 ao 6,7 %.

7.2. Comparativa do PTXAS (2018-2025)

7.2.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo

7.2.1.1. Víctimas de acoso sexual

Os resultados foron estables, sen diferenzas estatisticamente significativas (5,84 % en 2018 *vs.* 5,7 % en 2025). A porcentaxe de traballadoras PTXAS que se describiron como vítimas mantense con datos similares (7,5 *vs.* 7,4 %).

7.2.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

Houbo un lixeiro incremento na cifra global (2,6 % en 2018 a 6,1 % en 2025), aínda que as diferenzas non foron estatisticamente significativas ($p=,071$). O acoso por razón de sexo aumentou significativamente para as mulleres PTXAS (3,8 a 8,1 %) e lixeiramente para os homes (0,0 a 2,5 %).

7.2.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Acoso de xénero

Observouse unha redución significativa na media global (1,75 en 2018 a 1,47 en 2025, $p<,001$), tanto para traballadoras como para traballadores. A frecuencia de ter vivido estas situacións descendeu significativamente en ambos sexos.

Atención sexual non desexada

Houbo unha redución significativa na media global (1,27 en 2018 a 1,14 en 2025, $p=,003$). Esta diminución foi significativa nas traballadoras PTXAS (1,34 en 2018 a 1,18 en 2025).

Coacción sexual

A media mantívose practicamente constante. Para os traballadores PTXAS, observouse un lixeiro pero estatisticamente significativo aumento na media (1,00 a 1,05, $p=,045$), o que podería indicar unha maior exposición a situacións de coacción sexual. A frecuencia de vivencia aumentou lixeiramente para as mulleres (7,5 a 8,9 %) e para os homes (0,0 a 5,1 %).

7.3. Comparativa do estudiantado (2018-2025)

7.3.1. Comportamentos de acoso sexual e acoso por razón de sexo

7.3.1.1. Víctimas de acoso sexual

Rexistrouse unha diminución significativa na prevalencia do estudiantado identificado como vítima de acoso sexual (4,0 % en 2018 a 2,5 % en 2025, $p<,001$). O descenso foi claro tanto en alumnas (5,6 a 3,2 %) como en alumnos (1,3 a 0,5 %).

7.3.1.2. Víctimas de acoso por razón de sexo

Houbo unha lixeira diminución xeral (4,2 % en 2018 a 3,8 % en 2025, $p<,001$). Mentres que as alumnas experimentaron unha mellora (6,5 a 4,5 %), a porcentaxe de alumnos que recoñeceron ser vítimas aumentou lixeiramente (0,4 a 2,1 %).

7.3.1.3. Experiencias sexuais non desexadas vividas na universidade

Acoso de xénero

Observouse unha redución significativa na media global (1,53 a 1,41, $p < ,001$), indicando un descenso destas experiencias.

Atención sexual non desexada

A redución na media global non é significativa (1,15 en 2018 a 1,14 en 2025).

Coacción sexual

A media global aumentou lixeiramente (1,02 a 1,03, $p = ,040$). Este aumento foi estatisticamente significativo no caso das alumnas (1,02 a 1,04, $p = ,008$). A frecuencia de vivencia de coacción sexual aumentou nas alumnas (1,8 a 3,9 %) e diminuíu nos alumnos (2,2 a 1,6 %).



8. Reflexións finais

A segunda diagnose para avaliar as situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo e, por primeira vez, as ciberviolencias dixitais na Universidade de Vigo, representa un paso decisivo e esperanzador na prevención e erradicación destas condutas no ámbito universitario. Este estudo multimétodo, baseado en análises cuantitativas e cualitativas, permite obter unha visión completa da realidade actual e evidencia progresos significativos nos tres colectivos analizados, no PDI, no PTXAS e no estudantado. Os resultados obtidos amosan unha posición firme e proactiva, froito do compromiso institucional da UVigo, que desde a primeira diagnose levada a cabo en 2018, vén desenvolvendo políticas focalizadas na prevención, sensibilización e intervención para erradicar estas condutas de violencia sexual.

Cabe salientar que os datos evidencian unha redución notable das vítimas de acoso sexual e por razón de sexo, especialmente nos colectivos do PDI e do estudantado. Destacar que no colectivo do PDI, a porcentaxe de vítimas de acoso sexual descendeu do 7,07 % en 2018 ao 3,8 % en 2025, e as vítimas de acoso por razón de sexo pasaron do 9,2 ao 7,3 %. Estes indicadores confirman que as medidas implementadas están a ter un impacto real na mellora da convivencia universitaria. Ademais, observouse unha diminución das experiencias de trato discriminatorio e de atención sexual non desexada, o que reforza a idea de que se están consolidando contornos máis seguros e igualitarios. A confianza no protocolo de actuación tamén aumentou, sendo valorado positivamente tanto polo persoal como polo estudantado, o que demostra a súa efectividade e a importancia da súa difusión.

A pesar destes avances positivos, persisten retos que requiren unha atención continuada. Un dos principais retos focalízase en mellorar a difusión e accesibilidade da información sobre o protocolo de acción e prevención do acoso sexual e por razón de sexo na UVigo, especialmente entre o estudantado, que amosa un gran descoñecemento do mesmo, así como das ferramentas dispoñibles para actuar ante situacións de acoso. É fundamental garantir que toda a comunidade universitaria coñeza como proceder e a onde acudir en caso de sufrir ou presenciar este tipo de condutas sexuais non desexadas ou discriminatorias. Outro desafío consiste en incrementar a participación en accións formativas específicas con perspectiva de xénero, dirixidas a todos os colectivos, con especial foco nos grupos menos implicados ata o momento, como os profesores-investigadores, os traballadores do PTXAS, o estudantado e o novo persoal. A educación en igualdade, non discriminación e convivencia debe ser transversal e continua para consolidar cambios culturais profundos na universidade.

A incorporación da análise das ciberviolencias dixitais supón un paso importante, pero require reforzar as estratexias de prevención mediante campañas adaptadas a estas novas formas de acoso en liña. A visibilización desta problemática e a promoción activa de valores de respecto e dignidade son imprescindibles para transformar a igualdade nunha práctica real e efectiva tanto no ámbito físico como en liña da nosa comunidade.

Outro aspecto prioritario é seguir reforzando os sistemas de seguimento e avaliación das medidas implementadas. A monitorización das accións permitan garantir que as accións cheguen a todos os colectivos e resulten efectivas a longo prazo. Esta segunda diagnose de acoso sexual e por razón de sexo non só ofrece unha fotografía da reali-

dade actual na nosa universidade, senón que tamén confirma o éxito das políticas e o ben facer das medidas realizadas. A redución significativa dos indicadores de acoso sexual e por razón de sexo demostra que a estratexia adoptada é acertada que se vai por bo camiño, pero temos que ser conscientes de que erradicación destas violencias require constancia e unha mellora permanente e adaptándose as ciberviolencias sexuais. A existencia de casos de acoso que persiste en todos os colectivos, especialmente afectando as mulleres, lembran que estamos ante un problema estrutural que demanda políticas sostidas no tempo e un gran compromiso.

En definitiva, os progresos acadados son motivo de recoñecemento e evidencian que as políticas de igualdade, cando se aplican con rigor e continuidade, xeran transformacións substanciais. A Universidade de Vigo ten dado pasos firmes na construción dun contorno máis xusto e seguro, convertendo a prevención e a loita contra o acoso sexual e por razón de sexo nunha das súas prioridades. O reto agora é manter e intensificar esta senda, fortalecendo a nosa cultura institucional baseada no respecto, na dignidade e nos dereitos fundamentais de todas as persoas. A implicación de toda a comunidade universitaria —PDI, PTXAS e estudantado— é esencial para avanzar cara a un espazo universitario libre de violencias machistas. Soamente mediante coresponsabilidade e cooperación será posible consolidar unha universidade que non só proclame a igualdade como principio normativo, senón que a converta nunha realidade efectiva e permanente.

9. Referencias

- Acker, J. (2006). Inequality Regimes: Gender, Class, and Race in Organizations. *Gender & Society*, (20), 441–64 doi.org/10.1177/08912432062894
- Ahmed, S. (2022). *¡Denuncia! El activismo de la queja frente a la violencia institucional*. Caja Negra.
- Álvarez del Cuvillo, A. (Ed.). (2020). *Análisis de la realidad del acoso sexual y sexista en la universidad y propuestas de mejora: un estudio de caso*. Tirant humanidades.
- Asadi, L., Noroozi, M., Salimi, H., Jambarsang, S. e Mardani, F. (2024). A qualitative study on the health system-related needs in women survivors of rape. *BMC health services research*, 24(1), 443.
- Blahopoulou, J., Ferrer-Pérez, V., Bosch-Fiol, E. e Ortiz-Bonnin, S. (2025). Yes, we can make a difference: evaluating the effectiveness of a brief training intervention for preventing sexual harassment in higher education. *Journal of Gender-Based Violence*, 9(1), 109–127 doi.org/10.1332/23986808Y2024D000000048
- Bull, A. e Bradley, A. (2025). Losing Confidence and Networks as an Impact of Staff/ Faculty-Student Sexual Harassment: Quantitative Findings From the UK. *Journal of Interpersonal Violence*, 0(0) doi.org/10.1177/08862605251322814
- Cantor, D., Fisher, B, Thomas, G., Townsend, R., Herbison, R., Madden, K., Mann, E., Kalmanovich, Y., Hershey-Arista, M., Harding, L. e Collins, L. (2024). *Report on the 2024 Higher Education Sexual Misconduct and Awareness Survey: Aggregate Report*. Westat westat.com/
- DuBois, K. e Pedneault, A. (2025). College enrollment, on-campus residence, the campus anti-rape movement, and sexual violence risk among women aged 18 to 24 years. *Journal of American College Health*, 1-5 doi.org/10.1080/07448481.2025.2563024
- Dufour, G. (2024). The Insidiousness of Institutional Betrayal: An Ecological Systematic Review of Campus Sexual Violence Response Literature. *Trauma, Violence, & Abuse*, 25(5), 3903–3922 doi.org/10.1177/15248380241265382
- Duque Monsalve, L. F., Mayne Gómez, V., Rubio Giraldo, E. R., Jane P., María A. e Cano Arango, B. C. (2024). Acoso sexual en contextos universitarios: revisión de investigaciones entre el 2006 y el 2020. *Revista de la educación superior*, 53(209), 37–58 doi.org/10.36857/resu.2024.209.2749
- Farley, L. (1978). *Sexual Shakedown: The Sexual Harassment of Women on the Job*. McGraw-Hill.
- Ferrer, V. e Bosch, E. (2006). El papel del movimiento feminista en la consideración social de la violencia contra las mujeres: el caso de España. *Revista Labrys*, 10(3), 20–29.
- Glick, P. e Fiske, S. (1996). The Ambivalent Sexism Inventory: Differentiating hostile and benevolent sexism. *Journal of Personality and Social Psychology*, 70(3), 491–512.
- Glick, P. e Fiske, S. (2001). An ambivalent alliance: Hostile and benevolent sexism as complementary justifications for gender inequality. *American Psychologist*, 56(2), 109–118.

Hershcovis, M., Sandy, I., Vranjes, J., Berdahl, L. e Cortina, L. M. (2021). See No Evil, Hear No Evil, Speak No Evil: Theorizing Network Silence around Sexual Harassment. *The Journal of Applied Psychology*, (106), 1834–47.

Hervías Parejo, V. (2023). Sexual and Sexist Violence in the Universities of Southern Spain. *Journal of Interpersonal Violence*, 38(11-12), 7485–7509 doi.org/10.1177/08862605221145716

Kennedy, K., Malinen, K. A. e Gunn, V. (2025). Increasing Sexual Violence Reporting and Disclosure in Higher Education Institutions: A Proposed Approach to Critically Analyze the Internal Organizational Context. *Journal Forensic Nurse*, 01, 21(1), 29–37 doi.org/10.1097/JFN.0000000000000490

Lameiras-Fernández, M., Carrera-Fernández, M. V. e Rodríguez-Castro, Y. (2013). *Sexualidad y Salud. El estudio de la sexualidad humana desde una perspectiva de género*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Lameiras-Fernández, M., Rodríguez-Castro, Y. e Adá-Lameiras, A. (2022). *El cuerpo del delito: la cosificación sexual de las mujeres*. Editorial Tirant.

Lameiras-Fernández, M., Rodríguez-Castro, Y. e Carrera-Fernández, M. V. (2018). *Acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo: Informe-diagnose*. Universidade de Vigo.

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Boletín Oficial do Estado, nº 71, 23 de marzo de 2007.

Lipinsky, A., Schredl, C., Baumann, H., Humbert, A. L. e Tanwar, J. (2022). Gender-based violence and its consequences in European Academia, Summary results from the UniSAFE survey. Report, November 2022. UniSAFE project no.101006261.

MacNeela, P., Dawson, K., O'Rourke, T., Healy-Cullen, S., Burke, L. e Flack, W. F. (2022). Report on the National Survey of Student Experiences of Sexual Violence and Harassment in Irish Higher Education Institutions. Higher Education Authority (HEA), Ireland hea.ie/assets/uploads/2022/01/HEA-Student-Survey-Report.pdf

Office for Students. (2025). Sexual misconduct survey 2025: Analysis of results report (OfS 2025.61). Office for Students officeforstudents.org.uk/publications/sexual-misconduct-survey-2025-analysis-of-results/

Pilinkaite Sotirovic, V., Lipinsky, A., Struzinska, K. e Ranea-Triviño, B. (2024). You Can Knock on the Doors and Windows of the University, but Nobody Will Care: How Universities Benefit from Network Silence around Gender-Based Violence. *Social Sciences*, 13 (4), 199 doi.org/10.3390/socsci13040199

Rodríguez-Castro, Y., Lameiras-Fernández, M., Carrera-Fernández, M. V. e Magalhães, M. J. (2012). Estereotipos de género y la imagen de la mujer en los Mass Media en I. C. Iglesias e M. Lameiras (Eds.), *Comunicación y justicia en violencia de género* (pp. 37–69). Tirant lo Blanch.

Shannon, E. R. (2022). Protecting the Perpetrator: Value Judgements in US and English University Sexual Violence Cases. *Gender and Education*, 34, 906–22 doi.org/10.1080/09540253.2021.1955093

Segato, R. (2003). *Las estructuras elementales de la violencia*. Editorial Universidad Nacional de Quilmes.

Unidad de Igualdad de Género. (2018). *Estudio sobre acoso sexual, acoso sexista, acoso por orientación sexual y acoso por identidad o expresión de género en la Universidad Complutense de Madrid*. Universidad Complutense de Madrid ucm.es/unidad-de-igualdad/

Unidad de Igualdad de Género. (2025). *Memoria de actividades y denuncias gestionadas por acoso sexual y/o sexista (curso 2024-2025)*. Universidad Complutense de Madrid ucm.es/unidad-de-igualdad/

Unidade de Igualdade. (2025). *Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo*. Universidade de Vigo uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/nocampus/igualdade/Prevencion%20acoso/protocolo_actuacion_caso_acoso_gl.pdf

Unidade de Igualdade. (2015). *Protocolo marco para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo*. Universidade de Vigo.

Universidad de Barcelona. (2025). *Comunicado de la Universidad de Barcelona sobre las graves acusaciones contra el entorno del grupo CREA*. Universidad de Barcelona ub.edu/es/web/actualitat/w/comunicat-grup-crea?referer=noticias

University of Colorado Boulder. (2024). *Sexual Assault and Related Harms Survey Results. Office of Institutional Equity and Compliance* colorado.edu/oiec/media/189

Vives-Cases, C., Berbegal-Bernabeu, M., Pérez-Martínez, V., Neves, S., Muñoz-Haba, A., Van de Velde, S., Jaskulska, S., Porru, S., Carta, A., De Cuyper, A., Carrasco, J. M., Manchenko, M., Jankowiak, B., Wallner, M. e Stifter, V. (2025). Strengthening universities' response to sexual harassment with an equity approach: the UNI4EQUITY mixed-methods study protocol. *BMJ Open*, 15(7), e097265 doi.org/10.1136/bmjopen-2024-097265

